NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA
**ANO 1** | Edición nº 12 | Decembro de 2015 | **Precio 0,50 euros**



## Convenio Concello, Deputación e Universidade

Páxina 11



## Dimite o Comité de Ética da Deputación de Ourense

Páxina 19

## Armando Loureiro: a fibra de um Campeão de Remo!

Páxina 50





# O patrimonio inmaterial galego-portugués exhibe a súa excelencia na Gala do Patrimonio

Páxina 23



# Opinión

Cadernos da viaxe | Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

## Albert Rivera e Galicia

Ven de presentar Albert Rivera as súas propostas de reforma constitucional : supresión do Senado e asignación das súas competencias a unha Conferencia de Presidentes Autonómicos que terían voto ponderado dacordo con cadansúa poboación e con competencias no financiamento autonómico, supresión do Consello Xeral do Poder Xudicial e asignación das súas competencias ao Presidente do Tribunal Supremo, reforma electoral, redución das competencias autonòmicas e derrogación da cláusula que permite transferirlle ás autonomías competencias exclusivas do Estado, supresión das Deputacións e redución á coarta parte dos concello.

As propostas do Rivera son claramente agresivas para Galicia. Na Conferencia de Presidentes Galicia só tería o 6% dos votos. Serían, pois, andaluces, madrileños e, quizais, cataláns os que resolverían as cuestións territoriais dacordo cos seus intereses. Galicia non tería posibilidades de acadar un sistema de financiamento xusto e automático que pondere con xustiza o avellentamento e espallamento da nosa poboación.

A supresión do 75% dos concellos é unha medida desenfocada. O que precisa o mapa local galego é consorciar os servizos locais, para poder prestalos a xeito. Os concellos e os concelleiros cumpren unha función de aproximación das Administracións locais ao territorio que na Galicia, coa metade dos núcleos de poboación do Estado, resulta imprescindíbel. En realidade, o erro de Albert Rivera é querer resolver o mapa local dende o Estado no canto de internalizar o réxime local a prol das autonomías, para que cada unha defina o que lle compre a cada un.

O sistema electoral proposto por Rivera penalizaría inxustamente as forzas de ámbito galego, ao esixir un mínimo do 3% no Estado para obter deputados. Esta reforma impediría, "de facto", que as forzas galegas tivesen representación no Congreso.

Galicia repousa sobre uns alicerces económicos que para o Estado son totalmente prescindíbeis. Velaí a vinculación entre autogoberno e benestar. Se o sr. Rivera leva adiante o seu programa de reformas, os partidos galegos non terán representación no Congreso, os intereses de Galicia non serán respectados na Conferencia de Presidentes e o seu autogoberno limitariase substancialmente. Galicia será máis pobre e dependente.

## Os tempos son chegados



Ninguén dixo que o proceso para acadar unha candidatura nacional galega, unitaria e de base cidadá para as vindeiras xerais fose ser doado. Concorren sensibilidades moi plurais e culturas políticas moi diversas afeitas máis a dinámicas de competición asañada ca as proprias da cooperación e asociación. Veláí un dos motivos polos que un proceso desta caste ha xuntar a función esencial dos partidos co pulo da cidadanía non organizada, dos movementos sociais e das candidaturas locais de unidade cidadá das pasadas eleccións de maio.

Mais un proceso desta caste precisa tamén do capital acumulado pola experiencia política e social de tantas persoas e dos mellores oficios de mediación, diplomacia e xenerosidade entre os diversos actores para que nao arribe a bó porto. E, malia que se ten avanzado moito a respecto do estado da cuestión en xuño, fica moi pouco tempo e moitos son os perigos, que non só se circunscriben ao bipartidismo dinástico e aos axentes sociais beneficiarios do mesmo. Non, no espazo político ao que se dirixe a futura Maré galega non faltan os que queren impartir cátedra e tentan considerar determinadas forzas e persoas como actores de primeira. E outros que pensan que elixir programas e candidatos en primarias abertas á cidadanía consiste en impór maiorias mecánicas, no canto de buscar propostas que supoñan un común denominador da pluralidade e persoas con probadas cualidades de liderado, capacidade e transversalidade.

Agora ben, non nos trabuquemos. Se o proceso chegou a esta altura é porque a xente coñece o valor mutiplicativo da unidade nas eleccións e porque non son exportábeis a Galicia os esquemas de unidade do resto do estado. A maioría da xente quere unha proposta galega de noso, con plena independencia política e cun grupo parlamentar propio. Como tamén recoñece que esa proposta non pode ser neutral no que ao Estado se refire. En setembro de 2015 e, con todas as súas limitacións, só Podemos, entre as catro grandes forzas estatais, pode coincidir coa Maré galega nas políticas de transparencia e afondamento da democracia, de conformación dunha nova axenda social e económica e de recoñecemento do estado plurinacional que Galicia e a súa cidadanía precisan.

## Sentidiño fronte á barbarie

*"Veñen degolar os nosos fillos e as nosas mulleres...*
*Ás armas, cidadáns"("La Marselleise").*

O hino francés que cantaban os seareiros do Stade de France despois do seu desaloxo na tráxica noite do venres compúxose no 1792, cando o goberno da Convención, ao xeito da crida da vella Generalitat catalá, chamou ás armas á cidadanía fronte á coalición europea que quería repór Louis XVI . O exército popular formado daquela derrotou aos coaligados monárquicos e os seus oficiais foron a base da temíbel Grande Armée napoleónica.

O inimigo de hoxendía non se enfronta nun campo de batalla, senón que actúa entre nós. Todos somos o seu obxectivo e os seus efectivos amosan total desprezo pola vida propia. Mais de ningún xeito esta cadea de mortes do Isis é un feito novidoso nin un salto cualitativo. Esta caste de atentados e agresións principiaron coas torres xemelgas de Manhattan no 2001 e seguiron co atentado dos trens de Atocha no 2004, xunto con accións semellantes por todo o mundo. Hoxe Isis, onte Al Quaida, mudan as estruturas organizativas e remanece a mesma barbarie islamista (que non islámica), o mesmo desprezo pola vida propia e allea e o mesmo financiamento dende determinados poderes económicos e políticos da Arabia Saudita e dos Emiratos.

Quere isto dicir que as reaccións estilo Guantánamo e Patriot Act (a lei especial promulgada despois do atentado de Manhattan que limitaba substancialmente os dereitos dos presos islamistas dentro e fóra dos USA) non serven. O mundo é aínda máis inseguro logo da súa promulgación. A loita contra o terrorismo islamista require, primeiro de todo, de sentido común. A restrición das liberdades dalle azos ao Isis, que gaña cando acada os seus obxectivos ao renunciarmos, mesmo parcialmente, ao noso réxime de liberdades e garantías e ao uso dos espazos públicos.

Esta loita require dunha planificación coordinada a nível europeo, que trascenda dos marcos dos vellos Estados. Unha planificación que atenda substancialmente aos fluxos financeiros, ás pescudas na web e ao tránsito ilegal de armas. E que implemente unha política de defensa común, afortalando en Siria e Iraq ás institucións curdas na súa guerra contra o Isis.

É un fenómeno que, por desgraza, xa coñecemos. O que compre, pois, é sentidiño e serenidade fronte á barbarie .



## O exemplo do noso derby

Vimos de desfrutar dun derby exemplar. Ningún incidente, milleiros de seareiros das dúas equipas partillando, réplicas do derby das equipas coruñesa e viguesa de xornalístas, avogados.. Os seareiros galegos estamos no camiño de converter os partidos da mesma rivalidade nacional no que teñen que ser: na festa do noso fútbol.



Semella que a xente nova e mesmo moitas que xa sobardamos os corenta comprendemos a rivalidade (que xa lles anticipo que será eterna) en termos deportivos e saudábeis. O Dépor (o Celta para a outra metade de Galicia e o mesmo o Breogán, o COB e máis o Obra) pode ser a miña equipa e o meu referente e clave na miña identidade e socialización, mais isto non nos pode pechar en nós propios, sen advertir que Dépor e Celta, A Coruña e Vigo, son pezas senlleiras deste País europeo chamado Galicia que vivimos, gozamos e, ás veces, sofrimos.

Velaí o acerto no uso do noso hino e bandeira nesta caste de eventos. Os seareiros que cantaron este día "La Marselleise" no Stade de France deprendéronos que o patriotismo vai íntimamente vencellado á convivencia en liberdade. Os seareiros que cantamos o hino nacional en Riazor expresábamos a convicción de que podemos sentir a Patria sen refugar da nosa identidade deportiva e local, porque Galicia é un espazo de convivencia e un proxecto de futuro común ao norte e ao sur.

Porque o sentimento patriótico non prexudica, senón que lle da sentido e contido á plena asunción da común identidade europea, ao recoñecemento e potenciación dos vencellos de amizade e solidariedade que nos unen cos demáis pobos do Estado e á afirmación das liberdades individuais, dos valores universais da persoa humana e da solidariedade e igualdade. Somos cidadáns do mundo dende a nosa galeguidade.

Bó número de galegos e galegas de orixe latina, magrebí ou doutros pobos europeos celebraron canda nós este derby. O que quere dicir que non hai mellor expresión da identidade que recoñecermos nun proxecto común de futuro. O patriotismo do futuro é o patriotismo cívico.

**A arrincadeira.-** Os xogadores de ambas as dúas equipas non respectaron a escoita do hino nacional, pois que segueron a quecer polo terreo de xogo. Un erro da organización (que non dos xogadores) que compre amañar no inmediato futuro.

# Editorial



Por: Guillermo Rodríguez | Director

## Boa saida e mellor entrada, se iso é posible!!

Estamos ás portas do Nadal; datas entrañables para todos; polo menos para os que poden comer quente, beber champaña, comer marisco e disfrutar da compaña dos seus. Claro que non podemos esquencer aos centos de miles (se falamos do planeta debemos dicir millóns ) de seres humanos que non van ter nada que levarse á boca; centos de miles nin sequera dispoñen dunha cama e dunhas mantas que os liberen das noites frías destes meses de Nadal e Aninovo.

Sen embargo, se botamos unha ollada ao noso arredor podemos presenciar movidas de miles de persoas que se amontoan nos comercios das grandes e pequeñas cidades porque se celebra o Brandy..., porque os cortes Inglés que nos invaden decidiron ser máis humanos e cóbrannos un 40 ou 50% menos que nestes meses anteriores ao Nadal. Debe ser porque pensan que o Papá Noel ou os Reis Magos nos van traer de todo e queren adiantarse, non vaia ser que lle chafen o negocio.

Pero neste Nadal nós, concretamente, neste noso querido Estado Español dos nosos pecados, temos algo máis engadido: unha campaña electoral que, miren vdes. por onde, vai rematar cunhas eleccións días antes do Nadal. O neno Deus virá ao mundo (é un dicir) días despois de que os partidos políticos nos ofrezan a posibilidade dun novo goberno.

Hoxe xa están en campaña. Xa enchen platós das cadeas televisivas e dos estudios radiofónicos; amén das páxinas dos medios que, fieles ao seu guión, preséntannos os candidatos en función de como lles vai no negocio aos seus propietarios. Temos de todo (ben, de case todo), porque por non ter non temos medios de comunicación que realmente nos falen de como está este País; fálannos, iso si, de que ou botamos aos de sempre, con lixeiras variantes, os isto vaise botar a perder. Xa nolo está dicindo dende tempos atrás o noso ínclito Presidente do Goberno que, como persoa respectuosa e obediente, repite o mantra que lle suministran de Bruxelas (mellor deberíamos dicir de Berlín).

Levamos uns anos co cinturón apretado ao máximo (ou deberíamos dicir que xa o levamos no pescozo?), sen embargo as enquisas, esas criaturas demoscópicas que se utuilizan para domesticarnos ainda máis, veñen indicando que apenas nos afectaron estas medidas de austeridade. A domesticación relixiosa deste Pais é algo que ninguén pode esquencer. Temos que ser sufridos porque do sufrimento virá a nosa redención. Ou non é isto o que escoitamos dende nenos nos mitíns eclesiais de cada domingo e festas de gardar? E así o demostramos; seguimos fieis á causa e os nosos representantes políticos, fiel reflexo civil deste espírito relixioso, non teñen nada que temer. Voltaremos darlle o noso óbulo (léase voto) para que sigan levándonos polo camiño da salvación eterna que, aínda que cheo de sufrimentos, é o que nos vai liberar deste horrible mundo. Obviamente, aos miles e miles de españois que as están pasando putas non creo que lles preocupe demasiado se son chamados a ese mundo marabilloso; aquí xa non lles queda nada que facer. Os comedores sociais non dan abasto e os políticos falan de ir á guerra e de cumprir co déficit público, a ninguén se lle ocorre anunciar a desaparición de miseria e un prato de comida diario para estes cidadáns condeados a morrer por inanición.

Aquí, nesta TERRA NOSA , asistimos a unhas disputas de colexiais políticos, ainda que moitos xa peiteen ruzas anos ha. Ao que parece, os galegos estamos engaiolados polo chotis madrileño e pola sardana catalana. A nosa gaitiña non canta que chora. Polos arredores do Panteón de Galegos Ilustres escóitanse pola noite prantos dos “nosos vellos mariñeiros” que non van nunha gamela cara ao horizonte, senón na barca do esquecemento da súa obra, das súas ensinanzas. Galiza sen homes queda que a saiban defender. Somos masoquistas e “a doma e castración de Galicia” segue en nós, cal síndrome de Estocolmo. Os mariñeiros/pescadores de gamela son hoxe os grandes negociadores do futuro deste Terra. Obviamente a súa polar non vai máis aló das augas da ría. O noso futuro como POBO ceibe e soberano vai camiño do camposanto.Nós “ NON SOMOS NÓS”. Só nos queda esperar que a Virxe do Corpiño faga un milagre.

Así son as nosas Festas de Nadal. Rebaixas nos comercios; campañas electorais nos medios, anuncio de tambores de guerra!! Quen se lembra das ensinanzas dese Neno Deus que din naceu en Belén para que se repartira a tarta entre todos? Quen se lembra que aquí espera un pobo milenario a que os seus fillos de Breogán o poñan en valor e non comercien o seu futuro.

Páseno o mellor que poidan. Non confíen en ninguén. Hoxe vivimos tempos de miseria cultural, política e moral. Sexan felices e sexan ceibes!!

# Obra de João Cerqueira vai ser apresentada em Espanha

*A Editora Funambulista, em Espanha, lançará em Dezembro a obra 'La Tragedia de Fidel Castro', em língua castelhana e da autoria do escritor vianense João Cerqueira que por diversas vezes foi notícia de destaque no Minho Digital - e que nos honra com as suas crónicas de opinião - após ter ganho conceituados prémios não só na Europa, mas também na China e nos Estados Unidos (num honroso 2ºlugar atrás de Isabel Allende).*

Por: Manso Preto



A Funambulista é uma das raras editoras espanholas que publica Eça de Queirós e Fernando Pessoa.
http://www.funambulista.net/

João Cerqueira é doutorado em História da Arte pela Universidade do Porto. É autor de oito livros. A segunda vinda de Cristo à Terra, A culpa é destas liberdades, A Tragédia de Fidel Castro (publicado nos EUA com o título The Tragedy of Fidel Castro), As reflexões do Diabo, Arte e literatura na guerra civil de Espanha, Maria Pia: rainha e mulher, José de Guimarães (publicado na China pelo Today Art Museum), José de Guimarães: Arte Pública.

Os seus textos estão publicados nas revistas Ragazine, Bright Lights Film, Modern Times Magazine, Toad Suck Review, Foliate Oak Literary Magazine, Hypertext Magazine, Cleaver Magazine, Danse Macabre, Contemporary Literary Review India, Open Pen Magazine, Queen's Mob, The Liberator Magazine, Narrator Internatitonal, The Transnational, BoldType Magazine, Saturday Night Reader, All Right Magazine, South Asia Mail, Linguistic Erosion, Sundayat6mag, Literary Lunes

Link do escritor:
www.joaocerqueira.com



# Opinión

## Lonxe deles

Claro que non, ningún necesita permiso –de ningún- para amar a súa casa, o seu país, á súa orixe. É alí onde se atopa a felicidade dunhas referencias que resultan vitais que, nesta brevidade que é a vida, son quen de reconfortarnos en autoestima e memorias. Aí non hai impostación, non hai truco nin teatro. Aí, radica a verdade de nós, o centro neurálxico dos afectos. De aí partimos por impredicibles camiños ignorados a un porvir que non sabemos. Pero hai quen se arroga ese dereito coma se lle pertencese. E ningún debera, desde as sombras de calquera suposto imperio, subverter ese trazado humano, nin debera tentar borrar as referencias identitarias, por moito que proclame mil razóns de incertos progresos alucinados, por outras transformacións “ineludibles” ou de suposto progreso. Será inútil ou, polo menos, cruel e delitivo. Nada poderán fascinar, crearán medos, desgarros nas abertas feridas, na exclusión que quebra a convivencia, na conciliación de vontades bastardas que lonxe de amar, inventan fábulas globalizantes e homoxeneizadoras, nas que os medios de adulteración social (e as institucións que os manexan), nunha situación anómala de abuso pensan que nos enganan e que somos parvos, mesmo, rin de nós, en vez de procurar paz e liberdade, das que andamos tan escasos ou, sequera, unha xestión digna de esperanza. E así procuran, desde esta actitude resentida por non respectar e estimar debidamente os feitos diferenciais de tres nacións dentro do estado, arranxar os problemas que de lonxe veñen. A base de maledicencias e mentiras, de manipulacións e represalia, pensan reconducir esas tres “nacións” que sempre quixeron aniquilar –aínda insisten- con decretos, con matices e recortes, con invasións de competencias, con ruínas e supostas duplicidades, para totalizarnos nunha “unidade” máis grande, din eles, que nós ben sabemos o que nos trae, negación de nós mesmos e negación de liberdade! Xa en tempos non se atreveron a cumprir os mandados dos fundamentos constitucionais, para reformar esa antigalla centralista, e resolveron con aquel “café para todos” adobiado con pactos de silencio e traizóns, tan funestos. Facíano por ver se calabamos dunha vez, e insistían que España non hai máis que unha! Facíano entre voces excitadas e comportamentos ameazantes que lembraban a aquel que atou e ben-atou, tanto que inmobilizou! Pero o peor foi que nos quixeron convencer do conveniente que é o noso exterminio. Fano desde a procaz simpleza de non nos considerar, de irnos arredando e castigando, a poucos, ás sombras e ao silencio. Teñen como previsión constante a de ir complicándonos a existencia. Socavar vontades, a vontade de ser quen somos. Fano negándonos dereitos e soños, axudados de traizóns e máis traizóns. Quizais, os historiadores terán a obriga, de ir relatando, se son honrados e rigorosos, todo isto que hoxe é palpable e evidente. Traizóns e medos. Fracasos e máis fracasos por non querer respectar a nosa orixe e por querer, insistentemente, globalizarnos, ou colonizarnos con globos. Todo iso fano así, porque non queren tampouco respectar a letra e o espírito da lei universal, a dos dereitos humanos que nos asisten como pobo e nación. Seguen a insistir nesa colonización mesetaria e rancia que non ten onde ir, que non aporta nada, mais que vergoñas e corruptelas, vémolas todos os días e veñen da noite dos tempos, onde se prolongan en protocolos de miseria. Colonización que raia o terror do exterminio, a burda e mentirosa idea que pretende facernos esquecer quen somos, esa esencia que en definitiva é quen seremos, pese a eles! Só lles queda arranxar un novo Medulio, un exterminio colectivo, o aniquilamento da nosa memoria colectiva, esa, que un día, determinará o noso porvir, á fin resolto lonxe deles!



**Baldomero Iglesias Dobarrio**

**Mero**

## E, a quen votar?

Aínda queda algún tempo para a reflexión. Polo menos para saber a quen non votar. A cousa está doada, o inimigo é evidente, pero…. Anque os meus non souberon facer acopio de vontades, deberemos localizar –polo tanto- aos que riron e frotaron as mans. Non foron capaces de ir xuntos, nunha única candidatura, non souberon ver nin mirar lonxe, con ansias de porvir para poñerse na ilusión de tomar un feliz acordo, con todos dentro dese gran proxecto. Mágoa, vergoña, indignación. Agora falarán para dicirnos o mesmo, exactamente o mesmo, nos seus discursos e intentar convencernos desa reacción estúpida de hipersensibilidade aos alérxenos de calquera primavera outoniza de egoísmo. Aquí eu tería, e perdóenme vostedes, que botar un xuramento altísimo. Quizais, nun acto sublime de comprensión, terei que facer confluír todos os santos en procesión para sosegarme un pouco, para controlar o parroquianismo e personalismo que nos invade e ao mesmo tempo nos cega. Levámonos tan mal cos propios, por mor de case nada, que seguimos en pé da posesiva necidade e espanto. Outra baza perdida, capáronnos o tres e estaba cantado! Hai que asumir que a culpa non sempre é dos outros. Pagaremos todos a ineficacia. Xa estamos cansos de discursos, facían falla obras. Xa estamos fartos de discursos e da falta de orientación: os contrarios son outros, …repetiamos os tolos! O País necesita un concerto, un pacto de concordia, de conformidade para, xuntos, acadar representatividade unánime, resolutiva diante dun Estado que, unha vez máis, e agora intensamente, nos silencia e exclúe. Se non somos quen de nos xuntar, …dades por asumida a derrota e creades a dúbida de se saberedes gobernar. E nese contrasentido, somos moitos os que choramos e lembramos aquela Fronte Popular noutrora, para presentarse ergueitos en dignidade. Desta volta non foi posible, as palabras luxaron aos dous adversarios enfrontados. Funcionoulles, aos do Pepé, o de dividir anque haxa que pagar traidores. A división semella máis doada ca suma. Desfacer é doado, pagan a división, levan tempo promovéndoas e souberon captar traidores entre “os nosos” para seren pagados con subvencións, exposicións, conferencias, postos de responsabilidade, actuacións, …et. Haberá que dar nomes? Chega con ver os listados de actos, xacobeos e mandangas que organizan e así saber dos que xogaron con dúas barallas. Ninguén arrisca sen sacar tallada, e levan aos que calan e aos que son quen de dicir sen dicir nada, de aparentar amigos e enguedellar razóns e senrazóns para ocultarse, novamente entre nós, como camaradas. Os de sempre queren seguir gobernando e seguirán propiciando tamén aos mesmos medios de comunicación –onde lavan as súas culpas e mentiras- outorgándolles protagonismo aos que nos traizoaron. Non hai que llelo tomar a mal (a eses dous grupos que non se deron xuntado e en nada se diferencian), deixáronse levar de habilidades extremas, sementadas hai xa moito tempo no odio e autoodio, no rexeitamento de todo o que é noso e de nós mesmos, neste suicidio colectivo. Antes de enfadarme e soltar pecados, prefiro a calma e o sosego para desde el, seguir dicindo en voz firme e rexa o moito que nos queda por aprender, para todos afirmarnos conscientemente no Noso e saber que é o mellor que temos. Seguirei, pese a eles, a contar e a cantar as virtudes da Patria feita Pobo, que non ten culpa de nós, e que unha vez máis é vítima dun novo desacordo. Mala centella os parta, habemos fixar ben a ver quen merece o noso voto!



# Opinión

**Por: Xosé González Martínez** | **Presidente do Foro E. Peinador**

## Homenaxe ao Doutor Peña Rey

Para coñecermos a historia da ciencia e da medicina en Galicia publicaronse dous excelentes libros que recomendamos. Un, do historiador Ricardo Gurriarán Rodríguez, titulado “Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940)”. Esta obra é a síntese da tese de doutoramento do seu autor, no que o lector poderá atopar unha amplísima nómina de científicos que no seu tempo acadaran un considerable prestixio alén das nosas fronteiras, e que, sen embargo, son grandes descoñecidos por unha gran maioría dos profesionais da medicina. O outro, do siquiatra David Simón Lorda, “Médicos Ourensanos Represaliados en la Guerra Civil y en la posguerra. Historia de la “longa noite de pedra”, un relato estremecedor do asañamento con que foron tratados moitos médicos. Fusiláronse a uns, “paseáronse” a outros, e moitos foron condenados a cadea, liberándose de tales martirios os que puideron fuxir cara o exilio.



Os dous libros teñen referencias ao doutor don Manuel Peña Rey, un profesional da medicina ourensá, home de moitos saberes científicos e compromisos políticos e sociais, A súa participación en congresos internacionais acreditan a súa preocupación pola ciencia. En 1935 participa no Hotel Balneario de Mondariz, dirixido polo empresario galeguista Enrique Peinador Lines, nunha “Semana do Cáncer”, na que participaran, entre outros, Roberto Nóvoa Santos, García Blanco, Martínez de la Riva e Angel Baltar, “co obxecto de cambiar impresións sobre a fundación dunha Liga Rexional en Galicia para combater o máis eficazmente posible o cancro”. Posteriormente promoverán a construción dun centro oncolóxico en Vigo, que non se chegaría a facer.

O siquiatra David Símón Lorda no libro xa mencionado relata moi polo miúdo os avatares que tivo que padecer Peña Rey, militante do Partido Galeguista, desde que foi destituido da dirección do Hospital Provincial de Ourense en 1936. Aí empezou o seu calvario. Foi detido o 28 de outubro de 1937 e permaneceu en prisión en O Carballiño en distintos períodos en 1937 e 1938. Librouse de ser fusilado, pero mantívose aberto o seu expediente ata ben entrados os anos corenta, ademais de sometelo a restriccións e contribucións “voluntarias” de 5.000 pesetas para o Roupeiro da Guerra. O Tribunal de Responsabilidades Políticas o 9 de abril de 1941 declarao incurso en responsabilidade política e imponlle cinco anos de inhabilitación especial para cargos públicos de mando, confianza e directivos. Tardará oito anos en ser rehabilitado; farao o Gobernador Civil Vicente Muñoz Calero por intereses persoais derivados da necesidade de precisar a asistencia do médico Peña Rey para atender a súa muller.

Cando hoxe son excepcionais os casos de hospitais privados que se anuncien en lingua galega, no primeiro terzo do século pasado o noso lembrado doutor facíao na prensa de entón como “especialista en partos e doenzas propias da muller”. A súa consulta médica estaba dotada xa con toda clase de modernos aparellos tecnolóxicos.

A Irmandade da Sanidade Galega celebrará o próximo día 28 dous actos importantes na cidade de Ourense. Ás 11:30 descubrirase na fachada da casa que fora do doutor Peña Rey, no Parque de San Lázaro, unha placa conmemorativa; rescatando así a súa memoria, e perpetuándoa para sempre na paisaxe urbá. Ás 12:30 horas, no Paraninfo do Instituto Otero Pedrayo, terá lugar o acto académico no que, amais da lección maxistral de David Simón Lorda, ingresarán na Irmandade unha vintena de profesionais que se unirán aos máis de douscentos que xa forman parte dela, garantindo a continuidade do proceso galeguizador na sanidade pública e privada.

## Neira Vilas

O pasamento de Neira Vilas produciu en todos os seus amigos e lectores un efecto de soidade que se ten manifestado en moreas de artigos. Non é xeracións coas súas raíces culturais. A min tamén me produciu un desacougo semellante, afeito como estaba a ter longas e demoradas conversas telefónicas periodicamente.

Quédanos a a súa manda testamentaria que lle pedira para incluíla no libro “En galego,agora e sempre”, editado pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística en 2002, que di así: “No canto de bens materiais, que non teño, deixo a paisaxe desta comarca do val do Ulla, onde nacín, tras longo canear por América; deixo as cancións e os romances, os mitos e as lendas que aprendín dende o berce e que inzaron o meu ser; deixo o marmurio do río e os ecos da fala herdada, nesa lingua que amo e utilizo como medio insusbstituíble para a miña comunicación cos demais, e que forma parte esencial do meu patrimonio como fillo desta terra”.

Amiguei con Pepe Neira aló polo ano 1969 a través dunha intensa correspondencia epistolar, que logo foi medrando cando voltou para Galicia e se instalou na súa parroquia natal de Gres. Desa relación epistolar deu conta no seu día: “ El poñíame ao día no devir político, cultural, social e económico deste país, que había de recuperar o seu rumbo tras da corentena franquista; e eu mandáballe libros de contido diverso, que non había nesta banda do mar, e dos que en Cuba imprimían milleiros de exemplares”; libros que me chegaban a través da valixa diplomática en cantidades considerables, que todo hai que dicilo. Todos eles foron postos a disposición da escola de cadros da nova UPG que había formar a decenas de militantes na clandestinidade, que eu animei e dirixín.

O afecto e admiración que nos dispensabamos era recíproco. De min salientaba tres cualidades que manifestou en escritos máis dunha vez: imaxinación, tenacidade e talante para dialogar con todos (agás os incivilizados, que os hai)”. Desta caste de sectarismo comentábame nunha carta: “Houbo o Congreso dos 25 anos do ILG en Santiago. Non vin na prensa que te convidaran a participar nel. E deberas estar. Tamén a min me tería gustado estar para falar do galego na emigración, pero en fin, non me convidaron”.

Alguén dixera algunha vez que os verdadeiros amigos son aqueles que se adiantan ás dificultades dos que ten ao seu carón e lles pon remedio. Eu, sabedor das súas carencias económicas, propúxenme aliviarllas conseguíndolle unha pensión vitalicia da Fundación Barrié. “O que si me viría ben -pensando máis no futuro, hoxe por hoxe vou indo- sería a beca que me mencionaches. Daríame unha certa seguridade. Xa sabes o que somos os emigrantes retornados. Noutro lado do mar teño unha pequena xubilación, pero non é transferible”- escribíame. Mobilicei a moitas institucións públicas e privadas, sindicatos e organizacións sindicais para que apoiasen a miña proposta, e malia os receos iniciais da Fundación, conseguíuse o obxectivo.

Cando xa pasaba dos sesenta anos a min parecíame unha inxustiza que a Real Academia Galega non o tivese como académico numerario. Anuncielle que me ía poñer en contacto con algúns académicos para que o nomeasen. Pero el non tiña ningunha confiaza en tal nomeamenteo por razóns que non son do caso traer aquí, por iso non extracto parte da carta. “O da Academia non o sei. De corazón, agradézoche a túa iniciativa, pero, hai algo que facer ali en concreto?. Pódese realmente traballar por Galicia? Pero se se pode ser útil,adiante sempre. Ser útil é o que importa”. Ao pouco leu o seu discurso de ingreso.

Pepe sabía que a literatura nos tempos que corrían a literatura non podía ser a única ferramenta para galeguizar o país; de aí que fose gran admirador do labor desenvolvido polas asociacións englobadas no colectivo “Galeguizar Galicia” (www.galeguizargalicia.com), que procuran para a lingua galega novos espazos de uso inéditos. Colaborou sempre connosco con propostas literarias en todas as iniciativas promovidas para fomentar a normalización lingüística na Xustiza ( “Contos da Xustiza”); nos corpos de seguridade (“Palabra por palabra. Contos da policía”) e “Contos de agardar”); e no eido empresarial (“Contos do Castromil”).

Nunca faltou a ningunha das citas anuais en Soutomaior para asistir á entrega dos Premios Peña Novo, atendidos garimosamente,el e Anisia, pola eficaz e imprescindible Carme P.Vaquero, para facilitarlles a viaxe de ida e volta a Gres. Nese esforzo por arroupalo fixemos costume hai dúas décadas un convivio anual nas insúas, no que ambos os dous eran agasallados polos asistentes. “Foron os iniciadores deste encontro Pepe González e o noso veciño de Brandariz,Gonzalo Balo, que actúa como eficaz “intendente” nestes encontros”, escribíu nun artigo.

A obra literaria de Pepe Neira, como xa o é a de Cunqueiro, terá co paso do tempo máis e máis lectores.

**Por: Carlos Méixome**

## Non foi posíbel

Rousar o carro, cargado de húmido estrume ou de livián centeo, non é cousa doada. Facelo ás presas moito menos. Non é explicable o fracasado proceso de xestación dunha única candidatura galega para as Cortes españolas a elixir o vindeiro 20 de decembro, se non recuamos, cando menos, ata os tempos inmediatamente anteriores ás municipais do pasado maio.

**As municipais**

Naquela altura houbo xeitos ben diversos de afrontar as eleccións locais: por unha banda un BNG que seguía, dende Amio, dando voltas arredor de si, coma can tras o rabo, e no que algúns comezaban a percibir que o problema non era o rabo senón as moscas que inzan na paisaxe desolada, nas rúas baleiras e na xente dominada por complexos de culpa tal como arremedando a obra de Sartre. Alguén tenta espantalas pero cun xesto de fastío en vez de procurar un exterminador de insectos voadores, e argallaron o de BNG - Asembleas Abertas que non serviu para coutar a desfeita urbana que era a ameaza. O BNG foi quen de defender con éxito o seu, limitado, poder municipal e manterse como forza opositora naqueles lugares nos que non tivo que competir con candidaturas da súa mesma matriz e fracasou onde isto aconteceu (Salceda, Mondariz, Arbo...) e en calquera caso viu diminuída a súa representación e apoio en beneficio dunha gran variedade de candidaturas nacionalistas e de esquerdas. Pola outra, tras o fulgor de AGE veu o precipicio e o “espazo” tivo que reconverterse como puido, sabendo que a idea de “unidade” era a tecla que cumpría pulsar. O efecto sonoro ía depender doutras variables. Funcionou na Coruña, onde sorprendeu por ser unha praza forte do PP; resultou en Santiago, empurrado polo abafante cheiro do esterco podre, e en Ferrol, onde nin se tocou a tecla, soou por casualidade nunha cidade inestable politica-



pasa a páxina seguinte

# Opinión

mente. Onde a "unidade ampla" non pasou do xogo de palabras fracasou, con maior ou menor estrépito (Vigo, Ourense, Lugo) e en xeral para beneficio do PSOE.

**O 25 de xullo**

O segundo antecedente que cómpre rememorar é a manifestación unitaria do 25 de xullo.

Sen dúbida o éxito da manifestación debeuse a que persoas diversas se atreveron a impulsar unha demanda sentida e ansiada por moitos e moitas nacionalistas, e mesmo non nacionalistas, de esquerda, poder acudir a Santiago, o vinte e cinco, nun espazo de amabilidade, de entendemento, de afirmación común dentro da diversidade. Foi esa aposta valente o que obrigou á "xenerosidade" do BNG que renunciou á súa convocatoria e ao tradicional discurso do seu portavoz nacional ao tempo que "tarde, mal e arrastro" Anova e EU tiveran que participar na manifestación. Pero tamén porque sobre o 25 de xullo pairaba a convocatoria electoral.

**A Candidatura Galega**

Uns, porque temos anos para lembrar, outras persoas porque están ben informadas, o caso é que na historia recente, hai 37 anos, en 1978, a expresión política de Galicia como suxeito ficou fóra do proceso constituínte. Os franquistas revestíronse de demócratas e as elites locais, asentadas dende o golpe de estado, ficaron intactas como en ningunha outra das nacións do estado.

A crise do bipartidismo monárquico auguraba esperanzas de ruptura co réxime do 78 ou, cando menos, que o "desafío" (como din en Madrid-España) catalán provocase unha ampla reforma constitucional. A día de hoxe os augurios vense escurecidos por negras nubes.

Había un obxectivo real, non un horizonte utópico. Era evidente que unha candidatura unitaria ía ter éxito, pola suma e sobre todo pola ilusión, e disputaríalle a primacía ao PP. Poderíase pegar un chimpo no sistema de representación en Galicia que fose quen de situar a esquerda da nación cidadá na disputa de maiorías relativas, agora e dentro dun ano.

Ao longo do mes de agosto puxéronse en marcha dúas iniciativas co alcuño de cidadás. A primeira nacera nunha reunión de persoas vinculadas ás candidaturas Ames Novo e Compostela Aberta que, de xeito ben oportuno, denomináronse como Marea ao acubillo da denominación popularizada nas municipais. Convocaron unha reunión en Santiago o 22 de agosto na que entre outras conclusións se aproba camiñar cara á confluencia con iniciativas semellantes. Ao día seguinte tivo lugar o banquete de Conxo 2.0 e non sen tensións púxose en marcha o que se chamou Iniciativa pola Unión cun programa de acción que se resumía en procurar a confluencia coa marea.gal para construír unha candidatura de nacionalistas e non nacionalistas, con personalidade xurídica propia para constituír un grupo parlamentario nas Cortes españolas e defender alí tanto o dereito a decidir como políticas de carácter social contrarias ás da troika.

A marea.gal tomou a IxU como unha especie de competencia ilexítima, produto do pavor ao "desembarco" do bloque, en vez de comprender que o que tiñamos era que colaborar para acadar a candidatura e aínda axudándonos a cousa non ía ser doada. Ao longo do mes de setembro produciuse unha especie de competencia a ver quen era máis "cidadanista", quen tiña a "metodoloxía" máis acaída, etc, etc... A finais deste mes, no denominado Acto de apertura de Iniciativa pola Unión, percibíronse evidentes signos de tensión ao pretender o BNG incorporar representación directa de partidos e xa que logo anular o carácter cidadán de IxU pero sobre todo ao reafirmarse nunha alianza exclusivamente nacionalista facendo causa da presenza do Partido Galeguista, Coalición Galega e Terra Galega.

Os resultados das "autonómicas" ou "plebiscitarias", segundo cada quen, catalás foron mal interpretados polos actores da candidatura unitaria. Por unha banda o BNG, ou sectores preeminentes do mesmo, interpretaron que o nacionalismo estaba á alza, polo, aínda que discreto, resultado de Junts pel Si e polo éxito das CUP. Esquecían, como en moitas outras ocasións, que Cataluña pouco ten que ver co noso país e dende logo o BNG non son as CUP. Na outra banda, a covardía política de Anova non lle permitiu romper con Podemos, cando era evidente o devalo deste cara ao bipartidismo corrixido (PP-Cidadáns; PSOE-Podemos) mentres que o tartufismo de EU permitíalle tragar o maltrato, de obra e palabra, a que someten os seus socios en Galicia aos seus compañeiros en España.

A presentación do preacordo de Mazarelos (Anova, Podemos e Esquerda Unida) deixaba dúas cousas claras; primeiro que para o trío de partidos o Encontro pola Marea era un convidado de pedra e que o acordo ía rematar nunha chambonada para os que afirmaban a vontade política do suxeito galego. Ao tempo provocou, no BNG, a reacción das estruturas burocráticas ante a indefinición, as présas, o pánico, o medo a quedar fóra...

O que sucedeu nos días seguintes só foi parte dunha mala representación teatral cun pésimo elenco actoral, do que eu mesmo formaba parte.

Non houbo candidatura galega non por imposibilidade conxénita, senón porque os actores non quixeron. Con todo, fronte aos "conspiranoicos" de sempre (había meses que estaba decidido!!!), estou seguro de que houbo moitas persoas, dun lado e do outro que arriscaron, e moito, para que se chegara ao acordo. Non foi posible. Haberá que seguir intentándoo.

**Por: Manso Preto**

## *'Likes' a mais*

Acabei de ver há minutos – e uma vez mais – o célebre filme 'Papillon' (assim conhecido por ter uma borboleta tatuada no corpo) em que nos é contada uma fascinante história verídica ocorrida aí por 1930. Apesar de reclamar inocência da acusação de assassinato, o homem foi condenado a prisão perpétua e enviado para cumprir a sentença na costa da longínqua ilha da Guiana Francesa.

Nunca me cansarei de apreciar a forma como, pacientemente e após várias tentativas goradas, o prisioneiro, na mira de fugir daquele martírio, estudava as marés. Atirava uma garrafa à água e seguia-lhe o percurso até a perder de vista. Escolhia horas diferentes, dias diferentes que se repetiam sem que o enchesse de tédio. Tinha convicção e era naquilo que acreditava. Nunca viu o sonho realizado.

Hoje já ninguém atira garrafas ao mar mas, quem o faz por curiosidade ou brincadeira, introduz um papelinho com as 'coordenadas' do local onde vive, na esperança de que, mais mês menos mês, receba notícias por correio de alguma alma caridosa indicando-lhe até onde viajara e fora recolhido o vasilhame.

Até nisso as pessoas mudaram! Os tempos são outros: antes fazia-se isso para pedir socorro; enquanto outros preparavam fogueiras e há uns anos até fui surpreendido pela declaração de um dirigente desportivo em maus lençóis que procurava tranquilizar os inflamados sócios dizendo que com o seu treinador até se entendia por 'sinais de fumo', dispensando (digo eu) as conversas de balneário ou recados 'plantados' num qualquer jornal onde os pontapés na bola reinam.

Nos dias de hoje, com a era da internet e das novas tecnologias a ela associada, tudo isso nos faz rever o passado com humor, romantismo.

O Facebook é a versão futurista da garrafa lançada a esses oceanos. E no sossego da noite, após horas de trabalho e pensamentos de incerteza quanto aos dias que nos aguardam, haja ou não acordos que se anunciam à 2ªfeira e desdizem à 3ªfeira, o pobre sobrevivente vai teclando o seu infortúnio, derrama o seu desencanto, na esperança de que um simples 'post' alguém o leia, compreenda, e com um 'like' lhe diga que não está só ...

E o que me preocupa – mas não surpreende -, é que são 'likes' a mais!



## *Terrorista foi 'hóspede' em Monção*

Em 2004, poucos dias antes da inauguração do Europeu de Futebol no Estádio do Dragão, o SIS, PJ, SEF, PSP e GNR lançaram uma enorme caça ao homem.

Havia informação dos Serviços Secretos europeus e norte-americanos de que se preparavam 2 atentados na cerimónia da abertura: um dentro do Estádio do Dragão e outro, em simultâneo, a poucas centenas de metros no restaurante McDonalds da cadeia americana. Tinham a marca da Al-Qaeda com Bin Laden ainda vivo.

Felizmente, as nossas autoridades conseguiram deter, antes, os potenciais terroristas, em número de 19, estando 17 hospedados em modestas pensões na Invicta.

Entre eles estava o marroquino Mohammed Bouyeri que, sendo detido na fronteira de Valença onde chegara de carro (com um amigo) proveniente da cidade holandesa de Haia, acabou por ser reencaminhado para o Estabelecimento Prisional de Monção sob a acusação de que tinha documentos falsos.

Eu próprio, na altura, tive alguma informação (muito pouca) e, apesar dos esforços para saber o que se passava para fazer uma notícia, confrontei-me com todas as fontes a escusarem-se comentar por 'Razões de Estado' (sic).

Findo o Euro, todos foram postos em liberdade, inclusive os 'hóspedes' de Monção!

Eis que, 8 dias após ser posto na fronteira de Valença, o marroquino viaja até Amsterdam onde era exibido com sucesso, por essas alturas, um filme sobre o islamismo. Mohammed conseguiu localizar o holandês Theo Van Gogh, o cineasta que acabaria por pagar com a vida a crença que tinha de viver numa sociedade em que a liberdade não era um conceito vão mas uma certeza enraizada nas suas convicções. O marroquino 'de' Monção degolou-o e deixou-lhe cravado no peito a faca com lâmina serrada que, mesmo que arrancada, ainda mais destruiria os tecidos fibrosos.

Vem tudo isto a propósito dos recentes acontecimentos com os refugiados Sírios que chegam à Europa e as vozes que apelam à solidariedade. A meu ver, esse voluntarismo não tem nada de prudente, pode ser perigoso e de consequências incontroláveis.

A hipótese de Portugal ou qualquer outro país facilitar na prevenção, na troca de informações, de uma vigilância que deve ser constante (com que meios?), traz com inevitável consequência a atracção, sobre este território sem fronteiras, de santuários a células radicais. Desse modo, os extremistas não despareceriam, apenas se 'socializariam' , ganhando um estatuto legal.

O terrorismo, não devendo ser considerado uma prática legítima seja em nome do que for, não pode, por demissão, omissão ou permissividade do Estado, ser legitimado por lei. Quando isso acontecer, muita gente começará a pensar que na liberdade está a fonte de todos os males, e não hesitará em sacrificá-la se considerar que é esse o caminho para pôr fim ao flagelo como ao que agora aconteceu em 13 de Novembro em Paris e tantos outros antes.

Em relação ao radicalismo, aos fanatismos, sejam eles religiosos ou de outra ordem, as democracias não podem, pois, ser tolerantes, e mais tarde ou mais cedo vão verificar que pactuaram demasiado.

E quanto mais tarde assumirem consciência disso, mais difícil será convencer os cidadãos de que é possível combater o terrorismo sem pôr em causa a nossa liberdade.

# "O Crego e os Mandaríns. Historia non oficial da Fraga dos letrados cultura e politica en España 1962/1996", de Gregorio Morán

Por: Roberto Carlos Mirás

*"E no camiño comenzaba a parecerle largo, cando por fin, Chegou ao séptimo ceo"*
*Jules Teller (1863/1889)*

***"¿Pódese concretar nun só volumen os anos da cultura e as vicisitudes dun país? ¿Cómpre profundizar no mesmo para as futuras xeneracións? ¿Estamos ante un lavado social ao realizar dito traballo?***

Ao abrir as suas páxinas moitos lectores, quizáis se fixeron estas ou outras preguntas. Quizais atoparan un volumen e dixeron imos coller outro volume e deixamos este para outro instante, para outro momento, ou quizáis leron dúas ou tres páxinas para termina-lo mesmo e deixalo encima da mesa. Ou indo mais alá limos todo-los lectores as distintas conversas publicadas nos medios ate agora e por unha curiosidade intelectual e imos comenzar a lelo. Ou tamén pode ser que un xoven lector coma foi o caso e con toda a educación do mundo – lle preguntou ao autor con varios exemplares nas máns e este quedouse sorprendido ao atopalos e que este mesmo lector lle fixese una pregunta de actualidade en relación coas sus obras. O lector lle preguntou: ¿Debemos ou non creer os documentais que no seu momento fixo a periodista Victoria Prego?

Gregorio Morán (Oviedo-1947) chegou hai anos a ciudade da Cruña para presenta-la su clásica biografia: "Adolfo Suárez: Historia dunha ambición" (Planeta) E nese instante, atopouse na presentación cunha sala totalmente valdeira. Ninguha persoa se atopaba na mesma, ningún medio de comunicación acudiu a chamada. Nese instante falamos dun exemplar que vendiu cien mil copias. Tras ese existoso volumen non parau de escribir, de narra-la a nosa historia baixo columnas en moitos traballos. Desde: "Miseria e Grandeza do Partido Comunista de España 1939-1985" (1986) "O mestre no Eiral: Ortega e Gasset e a Cultura do Franquismo" (1998) o "Os españoles que deixaron de selo" (2003) e tamén "Adolfo Suárez: ambición e destino" Traballo, libro ou estudio que este asturiano publica sempre da que falar. Hai unos días acabase de editar "O precio da Transición" Tamén por Akal. Libro editado no ano 1991 tampouco tivo presentación e agora sí. Pero non nos esquencemos.

## O CREGO E OS MANDARINS

Agora o seu "Libro Gordo de Petete" coma él mismo sinalaba volve de novo a ser noticia. Nos atopamos cun autor que antes de ser escritor ocupou diversos cargos. No ano 1978 colaborou con Xoan Antonio Bardem na elaboración do guión para o film "Sete Días de Xaneiro" Traballou coma xornalista en distintos medios




de comunicación: "Mundo Diario", "Diario 16" ou "A Gaceta do Norte", sendo seu director e desde finais da década de 1980 colabora na "Vanguardia" tomándolle o pulso a vida na columna: "Sabatinas Intempestivas" Pero no crego e os mandaríns. Historia no oficial da fraga dos Letrados. Cultura e Política, naceu cunha polémica debaixo do brazo: unhas once páxinas, segundo o autor, foron a causa. E ao non poder ser publicado na editorial Critica seo lanzamento se produciuse baixo o selo da Editorial Akal. Selo que publicou "O negocio da libertade," de Xesús Cacho, "Pedro J. Ramirez ao desnudo" de Xosé Díaz Herrera, e "Atraco a la memoria" Xulio Anguita e Xoan Andrade, de reciente aparición. Oitocentas páxinas que ao ir léndoas paso a paso decatámonos que Morán no so exerce unha profesión a periodística; senón varias e ao final da súa lectura decatamonos que cada capítulo deste volumen daría para un so libro, un so traballo. Se fai a sua lectura moitas preguntas e moitas respostas: ¿Qué saben os intelectuais da nosa cultura, pero no queren falar delo?, ¿Cómo e o ambiente neses anos en que non existía o que denominamos agora unha Real Academia Española o en que non tiñamos unha institución coma o Cervantes en España?, ¿Qué se conta de esos autores importantes na súa obra, pero ninguén fala deles? "Temos unha categoría de similitudes- escribe-, nas personalidades de Martin Santos, Benet, Sacristán, Castilla del Pino, Jesús Aguirre (que parece o fio conductor de toda a obra)... Hasta o editor Carlos Barral, o "indixente aristocrático" Ao que engade: "Talento, arrogancia, soberbia intelectual, inseguridad social, soledad depresiva e un largo etcétera"

## GREGORIO MORAN EN GALICIA

Pero, ¿Cómo quitar esa espiña da cidade coruñesa? Tras a polémica sempre chega a calma e tras efectuar diversas entrevistas e charlas o autor tocáballe pasarse pola cidade da Coruña.

"Falo coa humildade, Coa desilusión, a gratitud,
De quen viveu da esmola da vida".
José Hierro, Libro de las alucinaciones (1962)

E así foi. Invitado polo Ateneo Republicano de Galicia e como presentadores de luxo: O profesor e portavoz Nacional de Anova Irmandade Nacionalista Xose Manuel Beiras e o historiador e membro da xunta directiva de Arga, Xose Alfeirán Rodriguéz. Rodeados de cultura e libros Xosé Manuel Beiras introduciu ao noso autor falando da relación existente entre ambos. E como a través do correo electrónico ao ir lendo o libro e as súas galeradas se decataba de que moitos dos personaxes os coñecera personalmente noutro tempo da súa vida.

"As palabras sobran agora que o dolor levita, orza a estribor e pasa. E tarde e na túa espalda florecen os panos. E así que o amor, o vello amor, o pobre amor tan fermoso, tan torpe, tan cansado, mira cara o mar, entorna os postigos e réndese e repousa"
Javier Egea, Troppo Mare (1984)

En ¡Todos académicos! Ese capítulo que non gustou a algúns – so hai que lelo para entender e compréndelo ben. Morán fala de Victor García de La Concha, de Luis María Anson, de Fernando (Fernandez) Savater o Xoan Luis Cebrián entre outros personaxes que directa o indirectamente como ocorre ao longo do traballo con maior ou menor fortuna agora son académicos. Todos estos datos están para o lector cheo en ocasions da retranca do autor. Unha constante na súa obra e nas súas charlas. E na presentación na Coruña tampoco faltou esa retranca asturiana. E unha crítica a moitos periodistas, autores ou escritores que da noite a mañán... Y según Morán en sus paxinas non foi nin moito menos así. Temos unha verdadeira enciclopedia en que cada uno dos seus personaxes forman parte dela. Aos lectores quédanos lela tranquilamente- falamos dun ensaio, unha verdadeira obra enciclopédica que nos dará moito pé para saber por qué realmente nos atopamos actualmente como estamos. Gregorio Morán nos acerca en oitocentas páxinas a xornalistas, autores, escritores que so coñecemos superficialmente. E agora publícase: "O precio da transición" (Akal) ¿Podése pedir algo mais?

www.editorialakal.com



# Letras

# Yolanda López presenta o seu poemario “Con el tambor del viento”

## A escritora ourensá recitou algúns dos poemas do libro, editado por Huerga&Fierro

A escritora ourensá Yolanda López presentou hoxe o seu último poemario, “Con el tambor del viento”, na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia
. Na presentación interviñeron, ademais da autora, a escritora e escultora Pepa Nieto, a editora Charo Fierro, e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, . O acto estivo amenizado e foi clausurado coa actuación musical do guitarrista Federico Rico e entre os asistentes tamén se achaba Antonio J. Huerga, da editoral.
Jiménez lembrou que Yolanda López xa presentou hai un ano na Casa o que entón era o seu último libro, o premiado “Tántalo”, escrito en galego, e observou que nesta ocasión o poemario está en castelán..
“Con versos contundentes, de exquisita limpeza e autenticidade, nun libro composto por un conxunto de poemas curtos que poderiamos cualificar dun só poema desde o seu comezo ata o final, e cunha linguaxe extremadamente coidado, Yolanda López vainos aproximando ao seu mundo, un mundo íntimo, reflexivo e profundo, no que nos involucramos facilmente”, valorou Pepa Nieto.
Fierro explicou que “Con el tambor del viento” “reúne un conxunto de breves poemas que conforman diversos brillos, iluminando un universo moi persoal, íntimo, erótico e profundo”. “Yolanda tece para o lector a súa rica espiritualidade a través de suxestivas metáforas que recorren a límpidos escenarios naturais e perfectamente reconocibles”, sinalou.
Pola súa banda, Yolanda López confesou que “este é o libro máis íntimo que escribín. Con versos oníricos, breves, espirituais e dosificando neles algún halo de erotismo.



■ *Yolanda López, posando con el poemario*

# Entre dúas ribeiras

Libro de poemas de María Ester Alonso Morales, neta e filla de galegos, que foi recentemente publicado por Libros de la talita dorada de Argentina, país natal da autora. Trátase dunha obra que pretende ser unha ponte entre este país e Hamburgo, onde reside actualmente. Conectar deste xeito o río de La Plata e o Elba, os dous idiomas, (os poemas están traducidos ao alemán), así como estes dous mundos diferentes.
O que había de ser un único poemario acabou por converterse en dous libros, coas tapas invertidas, un para cada lado do mundo, cada un co seu sentido e unidade temática independente.



Desta forma o lector pode escoller ler o que queira na orde que prefira.
No lado da ribeira do río de La Plata a autora cóntanos a súa propia historia, como víctima do terrorismo de Estado en Latinoamérica, como filla dun pai desaparecido, como Hija que loita e loitou con outros Hijos, coas nais e avoas da Plaza de Mayo, por explicar e reivindicar os nomes dos desaparecidos e reinventalos a pesar da dor, polo amor á vida, unha vida digna e chea de xustiza, aínda que sexa moitos anos despois. Porque nun acto de xustiza poética, estes poemas permiten imaxinar que paga a pena loitar toda a vida. ***Por: Montserrar Rodríguez***

**En el hijo se puede volver**
A todos los HIJOS frente
a la justicia

Tus padres van a ingresar
Con vos a esa sala,
Cuando te toque
Subir al estrado,
Tomar asiento
Y declarar.

Vas a tenerlos
Uno a cada lado
Escoltándote,
Escuchándote
Sosteniéndote.

**No fillo pódese voltar**

Os teus pais van entrar
Contigo nesa sala,
Cando te toque
Subir ao estrado,
Tomar asento
E declarar

Vas telos,
Un a cada lado,
Escoltándote,
Escoitándote
Sosténdote.

PNO! PONTE... NAS ONDAS!

PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS

# Desaparece un tesouro humano

Desde a Asociación Cultural e Peda- góxica Ponte...nas ondas! quere- mos mostrar o noso profundo sentimento de dor polo pasamento do es- critor Xosé Neira Vilas, unha figura que constituiu unha ponte entre Galiza e o mundo, um valedor da cultura galega en América e um transmisor do patrimonio cultural galego-portugués ás novas xera- cións.
Xosé Neira Vilas é unha das persoas que mellor soubo transmitir os valores da cul- tura tradicional, uns valores que el viven- ciou na súa infancia na aldea e que non vía representados na literatura galega. Com Memorias dun neno labrego dignifi- cou a cultura do pobo dándolle o valor universal que posúe.
Neira Vilas era consciente de que a orali- dade do pobo e os seus saberes consti- túen un tesouro fundamental que hai que preservar e transmitir ás novas xeracións.
Coas súas obras e a súa valía humana, a literatura galega tem un referente para mostrar ao mundo a riqueza do seu patri- mônio inmaterial.
Como Asociación pedagóxica, Ponte...nas ondas! vai achegar ás novas xeracións o legado das súas obras e Balbino seguirá a falar nas nosas ondas e a transmitirnos o mundo da aldea.



Asociación Cultural e Pedagóxica

PONTE...NAS ONDAS!

# O Concello de Vigo entregará axudas a 1.828 familias para vivenda, enerxía e alimentación

**As subvencións para as familias viguesas teñen como obxectivo dar apoio ás familias viguesas para sufragar os custos da vivenda, das facturas de subministros e de alimentación. Segundo Abel Caballero, a demanda das axudas medrou un 40% este ano respecto a 2015 e beneficiarán a 1.828 familias.**



A nova convocatoria do Programa Municipal de Axudas Extraordinarias a Familias, dotado con dous millóns de euros, vén de aprobarse na Xunta de Goberno Local e inclúe pagamentos a 1.500 familias para vivenda, tanto de alugueiro como de hipotecas e atrasos, axudas para o pago das facturas de electricidade e gas, que recibirán 1.079 beneficiarios, e abonos a 1.121 solicitantes para gastos de alimentación.

Segundo explicou Abel Caballero, as axudas son complementarias e as familias beneficiadas poden percibir apoio económico para os tres conceptos previstos: vivenda, subministros e alimentación. Este ano o Concello recibiu arredor de 3.000 solicitudes de subvención por parte da cidadanía viguesa, o que supón un incremento do 40% respecto á anterior convocatoria, das que se resolveron positivamente 1.828.

O rexedor detallou que as familias receptoras de subvencións para vivendas, coas que se evitarán desafuizamentos, aumentaron respecto ao ano 2014 xa que agora serán 1.5000 fronte ás 1.007 do ano pasado. Tamén medra o número de familias que reciben apoios para a enerxía: 844 en 2014 e 1.079 en 2015. No caso das axudas para alimentación, as familias beneficiadas pasan de 755 a 1.121. O programa municipal ten carácter retroactivo e permitirá que as familias sufraguen os gastos desde primeiros de ano.

*Por: Sabela Rodríguez*

# O goberno de Vigo ofrecerá 600 bolsas para aprender inglés en 2016

O Concello acaba de aprobar as bases da convocatoria das bolsas para estadías de aprendizaxe lingüística destinadas aos estudantes da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, que permitirán que 47 alumnas e alumnos estuden en Inglaterra, Francia, Alemaña, Italia, Portugal, Xapón e China por un importe de 80.000 euros. A estas bolsas sumaranse máis o vindeiro ano ata un total de 600 axudas co obxectivo de que o alumnado vigués de secundaria aprenda e mellore o uso da lingua inglesa que o alcalde considera "moi importante e un proxecto de envergadura".

Durante este ano 2015 foron beneficiados coas bolsas de inmersión lingüística en inglés municipais un total de 416 estudantes de centros vigueses, que elixiron como destinos o Reino Unido e Irlanda maioritariamente e que teñen subvencionados os cursos de aprendizaxe, as viaxes a estadía no país de destino.

*Por: Sabela Rodríguez*

# Vigo impulsa a contratación da mocidade a través do programa Coidadores de Barrio



O Concello pon en marcha un ano máis o programa de contratación de mozas e mozos desempregados para realizar labores sociais. A Xunta de Goberno Local acaba de aprobar o proxecto de Convenio de Colaboración coa Fundación Érguete-Integración que ten como finalidade a atención á cidadanía a través da figura dos coidadores de barrio e o desenvolvemento de actividades de interese social.

O programa está dotado con 1.180.000 euros que se distribuirán nun período de tres anos, ao longo de 2015, 2016 e 2017 e supón que se poidan manter ou crear 153 empregos, moitos deles para a contratación de persoas procedentes de proxectos de inserción social. Neste primeiro ano, o concello facilitará a creación de máis de 50 postos de traballo como coidadores que atenderán a persoas no Casco Vello, Teis, As Travesas, Calvario e Bouzas-Coia. O programa leva varios anos funcionando con moito éxito, de maneira que outros municipios como é o caso de Hospitalet de Llobregat ou Lugo solicitaron información e asesoramento para poder implantar este servizo seguindo o exemplo da cidade olívica.

*Por: Sabela Rodríguez*

# VigoSport 2016 no IFEVI

19 y 20 de Marzo,esta es la fecha para la primera feria del deporte en Galicia.

El recinto Ferial de Vigo IFEVI,es el lugar escogido por la organización VGOSPORT para esta primera cita en Galicia que tratará de promover,difundir,compartir y fomentar la practica del deporte,así como entrar en contacto directo con escuelas,federaciones,tiendas especializadas,empresas del sector con sus ultimas novedades y demostraciones que no solo será un espectáculo para el espectador sino que será posible su participación directa en cada uno de las actividades deportivas y de ocio que tendrán lugar esos días.




Tiendas especializadas,empresas de ocio y aventura,clubes deportivos,escuelas,federaciones y asociaciones se complementarán en esta feria con gimnasios y academias así como con empresas de nutrición,salud,equipamientos todo ello para desarrollar este evento en un amplio contexto deportivo y de ocio en el que no faltarán las Instituciones publicas locales y de nuestra comunidad autónoma. Hípica,duatlon,atletismo,futbol sala,king boxing,crossfit,freestile motocross,actividades infantiles,conciertos y muchas sorpresas más es lo que les espera a todos los asistentes el próximo mes de Marzo en el IFEVI .

No faltéis a esta cita que quiere también reconocer el esfuerzo y el mérito de todas y todos los deportistas que hacen posible con su trabajo diario la creencia en las actividades deportivas como una practica saludable.

**Galicia**

**Redacción de A CORUÑA**

# O Concello da Coruña obtén o compromiso da Xunta de presentar un borrador para a futura coordinación aeroportuaria

## "A Xunta ten que ter a responsabilidade de mediar neste asunto, pero hoxeveu á reunión sen nada", salientou Alberto Lema.

Os concelleiros de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, e de Mobilidade Sostible, Daniel Díaz Grandío, mantiveron esta mañá unha xuntanza en Alvedro coa directora xeral de Mobilidade da Xunta, Helena de Lucas, da que obtiveron o compromiso de preparar "un borrador de proposta de coordinación aeroportuaria en Galicia para o 2017", como xa propuxeran os Concellos da Coruña e Santiago de Compostela nas últimas semanas. Segundo explicou Lema, os edís solicitaran "desde o primeiro momento" unha coordinación no mapa aéreo autonómico "para optimizar" os recursos das Administracións locais e "racionalizar" os investimentos públicos, así como "ofrecer o mellor servizo posible a todas e todos os galegos". "Nós lle propuxemos á Xunta que fixera unha proposta de coordinación das rutas dos tres aeroportos galegos, como xa se fai en Canarias", salientou , "pero hoxe viñeron á xuntaza de Alvedro sen nada".

O responsable da área de Turismo do Concello da Coruña entende que "a Administraciónautonómica", á que acusou de "falta de interese", "é a responsable final de exercer un papel activo e mediador nun asunto da súa competencia, facendo propostas por escrito", cando os representantes municipais amosaron a súa disposición en todo momento para "chegar a acordos", nun asunto "fundamental e de interese para toda Galicia".

Tras a reunión desta mañá en Alvedro, na que tamén estiveron o responsable de Medio Rural de Santiago de Compostela, Rafael Peña, e representantes de Fomento e dos tres aeroportos galegos, os concelleiros Díaz Grandío e Lema arrincaron o compromiso da directora xeral de Mobilidade de presentar, na vindeira xuntanza, un proxecto para a coordinación entre Alvedro, Lavacolla e Peinador. Para isto, os edís "remitirán un plan" á Xunta, segundo indicou Díaz Grandío, "dos intereses de cada municipio", coa finalidade que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas "concilie todas as propostas" e prepare o borrador que presentará no vindeiro encontro.

# IV Trofeo Eixo Atlántico

O equipo de Porto, FCP Dragon Force, revalidou o título tras vencer 4-0 ao ADB Campo (Barcelos) na final disputada esta tarde no Pazo dos Deportes de Riazor. O HC Braga completa o podio despois de gañar ao cuarto clasificado, o coruñés Compañía de María.



■ *O Concelleiro de Deportes, José Manuel Sande, co equipo gañador do IV Trofeo Eixo Atlántico.*

# O alcalde salienta a "demanda" para que o Concello comece a celebrar actos de recepción de novas veciñas e veciños

## O Salón de Plenos de María Pita acollerá estas celebracións, que comezarán nas próximas semanas

O Concello comezará a celebrar no Pazo de María Pita María Pita actos de recepción de novos veciños e veciñas –os chamados "bautizos civís"– e farao, tal e como indicou hoxe, venres, o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, en resposta a "unha demanda que estaba aí". "Pensamos que podía ser interesante que, unha vez ao mes, aquelas persoas que o desexen, poidan ter un acto bonito no salón de plenos de María Pita, entregar algún detalle e o certificado de empadroamento aos novos veciños e veciñas que nazan na cidade. Vimos que podía ser un acto bonito e había demanda, e decidimos darlle para diante", sinalou o rexedor, quen referiuse a estes actos de recibimento como "recepcións de novos veciños e veciñas".

Estes eventos, segundo avanzou onte Ferreiro, comezarán dentro dunhas semanas e servirán para dar a benvida aos pequenos e pequenas, a petición dos e das veciñas que así o desexen.

# Visita á Asociación de loita contra a droga



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, realizou unha visita ás instalacións na Grela de ACLAD, a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña. Unha institución sen ánimo de lucro que foi constituída no ano 79, e que comenzou coa súa actividade de unidade asistencial no 81, sendo pioneira en Galicia e no Estado español. O rexedor falou cos e coas traballadoras da entidade e interesouse polo labor que desenvolven.



Redacción de A CORUÑA

# Adiada a modificación do crédito para estudo sen presas



Pleno do Concello da Coruña aprobou hoxe, martes, a adiación do estudo e aprobación definitiva do modificativo de crédito de 4,2 millóns de euros "necesario para poder facer fronte ás facturas impagadas" polo anterior Goberno municipal do Partido Popular tras a emisión, no día de onte, dun informe de Secretaría que foi solicitado na Comisión de Facenda do Concello. O modificativo, non obstante, foi aprobado na sesión Plenaria do pasado 20 de outubro, co único voto en contra do PP. O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, manifestou que "o informe emitido onte polo secretario fainos propoñer á Cámara pospoñer o estudo e aprobación deste asunto para a próxima sesión plenaria, quedando enriba da mesa". O rexedor explicou que, ao emitirse o informe sobre o modificativo de crédito este luns, "non era responsable traer hoxe a Pleno unha proposta improvisada". "Queremos que a proposta que veña á Cámara sexa estudada de forma serena e con responsabilidade", indicou.

O resto de grupos con representación na Corporación Municipal estiveron de acordo.

# O Concello asina coa Deputación e a Universidade o convenio que permitirá o uso do Calvo Sotelo como residencia universitaria

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, asinou na mañá deste luns co presidente da Deputación, Valentín González Formoso, e o reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luis Armesto, o convenio de cesión de uso de parte do edificio do Calvo Sotelo para o seu uso como residencia pública universitaria. O protocolo establece a cesión á Universidade dunha superficie de 2.212 metros cadrados no inmoble sito na rúa Archer Milton Huntington e propiedade da Deputación, por un período de 10 anos (prorrogable ata 15) para destinala á residencia mediante xestión directa.

En virtude deste convenio, o Concello tramitará as actuacións necesarias para incorporar o uso como residencia universitaria do edificio no planeamento urbanístico municipal, ao tempo que a Deputación tramitará a desafectación desa parte do Calvo Sotelo, que pasará a ser ben patrimonial, e se encargará tamén das obras de reforma. A Universidade, pola súa parte, costeará os gastos de funcionamento e o mantemento dos espazos durante o tempo que funcionen como residencia, e asumirá tamén os gastos de persoal, mobles e equipamento.



# O crédito debe fluír cara aos proxectos máis innovadores

A concelleira de Participación Democrática, Innovación e Xuventude, Claudia Delso, participou na inauguración do Foro Designing Future. Un evento que busca achegar financiamento a pequenas e medianas empresas lideradas ou dirixidas por mozos e mozas. "É unha meta louvable, nun momento de crise xeralizada que afecta de xeito especial á xente do común, os e as traballadoras e tamén ás pequenas e medianas empresas, ao fin, ás que adoitan crear máis emprego, sobre todo de proximidade", dixo a representante municipal no acto, celebrado no Club Financieiro.

"Par dar oportunidades a unha mocidade excepcionalmente formada é máis que necesario que a billa do crédito volva fluír e o faga cara aos proxectos máis innovadores". "

Este foro trata de poñer en contacto a emprendedores e inversores, de ser o escenario dunha primeira toma de contacto para poder acadar o financiamento adecuado".

A concelleira de Participación indicou que todas as institucións, entidades e organismos con competencias "temos que facer todo o que estea ao noso alcance para que esta xeración de mozos e mozas excepcionalmente formada reverta os seus coñecementos nesta sociedade. Para que os seus proxectos de futuro, tamén os que teñen que ver co mundo empresarial, se fagan realidade sempre baixo o obxectivo de crecemento económico e xustiza social, obxectivos irrenunciables que pasan polas boas ideas e a creatividade". "Nese camiño, atoparán sempre o apoio do Concello da Coruña", rematou.



# A Coruña, a auténtica cidade dos coidados



O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, participou na XXII edición do Premio Rafael Hervada á Investigación Biomédica, celebrado no Hospital San Rafael. Nese marco, o rexedor avogou por converter á Coruña nunha "auténtica cidade dos coidados", para o que as institucións con responsabilidade "deberán apostar pola educación, pola formación dos e das mellores a través da súa Universidade, e pola innovación".

"Se queremos que A Coruña medre, as e os encargados de gobernar, de tomar decisións para facer posible ese crecemento, deben marcarse prioridades, e a de facer desta unha auténtica cidade dos coidados debería ser unha das principais, senón a primeira. Nada pode definir mellor unha sociedade de forma positiva que a súa atención a aqueles de sofren. Falamos de signidade, de solidariedade, de avances e de dereitos", indicou o rexedor. "A excelencia da Coruña no campo médico é recoñecida en Galicia e en todo o Estado español.

"A existencia dun premio coma este á investigación biomédica é unha forma de avanzar cara a esa meta que perseguimos, cara a esa cidade dos coidados". Rematou Ferreiro, que destacou a figura de Rafael Hervada, falecido hai unha década.

O alcalde estivo acompañado polo reitor da Universidade da Coruña, Xosé Luís Armesto, o conselleiro de Sanidade da Xunta, Jesús Vázquez Almuíña e Benigna Peña, presidenta do Hospital San Rafael.

# “Unha ollada ao pasado” de Santiago a través de 270 postais

## O desaparecido cuartel de Santa Isabel, a praza da Quintana arborizada, o edificio Castromil na praza de Galicia ou a estatua de Montero Ríos na praza do Obradoiro son algunhas das imaxes que poden contemplarse nas postais do compostelán Uxío de la Riva Pol na mostra que acaba de inaugurarse na Casa do Cabido e que permite facer unha viaxe ao pasado da cidade.

Ata mediados do mes de febreiro do vindeiro ano pode visitarse na Casa do Cabido, na Praza das Praterías, en Santiago de Compostela a exposición “Unha ollada ao pasado” conformada por postais antigas da cidade propiedade do coleccionista compostelán Uxío de la Riva Pol.

O Consorcio de Santiago, en colaboración co Museo do Pobo Galego, organiza esta mostra comisionada por Juan Conde que posibilita, a través das imaxes, facer unha viaxe ao pasado, a unha Compostela máis pausada, máis entrañable e diferente da actual. Abranguen desde primeiros anos do século XX ata os anos 50 e 60 e permiten contemplar estampas como a estatua de Montero Ríos na praza do Obradoiro, a de Ventura Figueroa fronte ao colexio de San Clemente, o desparecido cuartel de Santa Isabel, a praza da Quintana con árbores, o desaparecido edificio Castromil na praza de Galicia ou o desaparecido sanatorio Baltar. As postais forman parte da colección privada de máis dun milleiro de pezas que Uxío de la Riva depositou no Museo do Pobo Galego en 1988 e da que se fixo unha escolla para seren exhibidas agora. A exposición pretende ser unha homenaxe á súa figura ao cumprírense dez anos da súa morte como recoñecemento á paixón que sempre amosou pola súa cidade xa que sempre presumía de ser compostelán e ese amor levouno a iniciar a súa actividade sendo moi novo ata atesourar mais dun milleiro de postais ao longo da súa vida.

*Por: Rocío Pereira*



# Convocado o XVI Premio Manuel Beiras que recoñece o uso do galego na empresa

## A décimo sexta edición destes galardóns recoñece o papel das empresas radicadas en Santiago ou cunha presenza importante no Concello no uso e promoción da lingua galega na súa actividade. Ata o 9 de decembro poden presentarse as candidaturas en dúas categorías: empresas novas e empresas que xa veñen empregando o galego.




O certame convocado polo Concello de Santiago e a Cámara de Comercio cumpre un obxectivo dobre: por unha parte quere salientar o esforzo das empresas na normalización lingüística e, por outra parte, lembrar a figura de Manuel Beiras, un histórico comerciante compostelán e loitador a prol da lingua e da cultura galega.

O Premio Manuel Beiras distingue aquelas empresas que fan un uso normalizado da lingua galega nas súas actividades comerciais e de comunicación e, como tal recoñecemento público, o galardón materialízase nun elemento simbólico de carácter artístico que será entregado ás persoas ou entidades premiadas. Ata o 9 de decembro poden presentarse as candidaturas en dúas categorías: “Empresas que veñen realizando un uso continuado da lingua galega” e “Empresas que se incorporan recentemente ao uso do galego” e cabe tamén unha mención especial ás entidades que destacaran pola súa contribución á normalización da lingua no eido empresarial. Un dos requisitos das bases é a vinculación dos participantes no concurso co municipio de Santiago porque teñan alí a súa sede social ou porque realicen unha importante actividade nel.

O rexedor compostelán, Martiño Noriega, apelou ao papel de Santiago como capital da lingua e convidou ás empresas compostelás a sumarse a esta convocatoria que se resolverá o 17 de decembro.

*Por: Rocío Pereira*

# Santiago (é)tapas superou as 31.000 tapas consumidas

A concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, Marta Lois, e os presidentes da Asociación Hostalería Compostela, Sara Santos e José Antonio Riveiro, valoraron moi positivamente os resultados da oitava edición de Santiago(é)tapas, que por primeira vez se organizou de maneira conxunta entre Turismo de Santiago e a Asociación. Na rolda tamén participou Javier Míguez, un dos organizadores do Camiño das Burbullas. Ruta dos Escumosos Galegos, nova proposta para estas datas de Nadal.



■ *Sara Santos, Marta Lois, Javier Míguez e José Antonio Riveiro.*

# Sabores de Ourense

Por: Jesús Losada

*Medio cento de establecementos da cidade participaron no concurso Sabores de Ourense 2015. A maioría atópanse na zona dos viños, pero se sumaron os do Centro, A Ponte, San Francisco, Mariñamansa e as instalacións termais. O concurso conta con tres premios que outorgará o xurado profesional, outros tres concedidos polo público e o da prensa. Se recupera o premio Pico Celíaco ao que optarán todos os petiscos que non empregan glute na súa elaboración. A organización concederá distincións honoríficas aos locais premiados e finalistas. O público que votou entrará no sorteo de diversos agasallos.*

## Perico



Petisco Mexicano: Base de pan con rustrido de cebola, pementos, cogomelos, salsa Perico, queixo gouda, tomate e carne de vitelo.

## A Casita do Pulpo



O segredo: Rulo de masa brie con salteado de polbo, cogomelos, sobre base de pataca cremosa e crocante de perexil.

## Fuentefría



Pisto de Foie: Torrada de pan brioche con pisto de boletus e escalopes de foie de parrulo.

## A Despensa



Burriño de lacón: Lascas de lacón asado con crema de queixo do Cebreiro e puré de castañas.

## A Casa do Boi



Faisán despistado: Faisán estofado con salteado de cogomelos e noces ao aroma de mel e romeu sobre pataca cremosa.













**Galicia**

**Redacción de LUGO**

# A Deputación colabora coa Festa da Androlla de Navia de Suarna

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e o alcalde de Navia de Suarna, José Fernández Fernández, asinaron o convenio de colaboración para a celebración da XXVI edición da Festa da Androlla de 2016 que, coma todos os anos, terá lugar o domingo de Entroido, sendo nesta ocasión o 7 de febreiro. O organismo provincial, que colabora con esta cita dende 2008, achega ao municipio 1.500 euros para a organización da edición XXVI da Festa da Androlla. Trátase dun festexo que pon en valor os produtos tradicionais, impulsa as empresas do sector cárnico da zona, contribúe a desestacionalizar o turismo no rural e dinamiza a economía local . É capaz de reunir a 2.000 persoas no municipio e acadar unhas vendas de máis de 5.000 androllas, como o fixo na pasada edición.



■ *Darío Campos e José Fernández asinaron o convenio de colaboración.*

# Xestión de infraestruturas municipais de saneamento e depuración



■ *O curso desenvolveuse na Delegación da Xunta en Lugo.*

A deputada de Medio Ambiente, Sonsoles López Izquierdo, participou na inauguración do curso de Xestión de Infraestruturas municipais de saneamento e depuración, que tivo lugar na sede da Xunta de Galicia en Lugo. A xornada foi de encontro entre alcaldes, concelleiros e técnicos relacionados co ciclo da auga, e serviu para pór en común as dúbidas existentes sobre este ámbito e sentar as bases para conseguir, por unha banda unha prestación de servizos de calidade e por outra, un desenvolvemento municipal equitativo entre as diferentes rexións. López Izquierdo puxo de manifesto que "a Deputación destinará, dentro da liña de colaboración constante cos concellos da provincia, case 1,6 millóns de euros do orzamento de 2016 ao estudo de fórmulas de colaboración na recollida e na xestión de residuos municipal, que sexan máis económicas e ecolóxicas; así como a posta en marcha de novas actuacións coas que reducir gastos enerxéticos aos concellos". A deputada destacou que "a grande dispersión do territorio e da poboación que existe en Lugo e Galicia, obriga a facer un maior esforzo para estender os servizos. Dita dispersión, xunto co carácter heteroxéneo dos modelos de xestión, fai necesaria unha aposta polos modelos de xestión supramunicipal, que poderán ser coordinados, tal e como recolle a lexislación, polas Deputacións". Nesta liña explicou que, no contexto actual, pódense dar casos de disparidades na xestión moi importantes entre concellos limítrofes, que se abastecen dunha mesma captación de auga; disparidades que se ven non só na cuantía da tarifa doméstica, senón tamén no modelo de xestión; nos medios técnicos dispoñibles ou no propio mantemento das instalacións.

# A Fundación TIC filmou os actos conmemorativos do 150 aniversario da Banda de Música de Chantada

Un equipo da Fundación TIC filmou os actos conmemorativos do 150 aniversario da Banda de Música de Chantada, unha das máis antigas de Galicia. As cámaras da TIC realizaron a gravación íntegra do concerto homenaxe a padroa da agrupación musical, Santa Icía, no auditorio municipal. O equipo da TIC gravou tamén a exposición fotográfica "150 anos de música", na Casa da Cultura, e varias entrevistas a persoas vinculadas á entidade. O material audiovisual quedará recollido nun documental sobre a historia da Banda de Chantada, que os irmáns Manuel e Antonio Fernández, "Os Ferraias", fundaron no ano 1865. No recoñecemento á traxectoria da agrupación participaron músicos de todas as etapas, entre eles, o trombonista Manuel Fernández, "O Piñeiro", e o clarinetista Antonio Ledo, "O Rato", de 90 e 87 anos de idade respectivamente. Tamén asistiron os descendentes dos creadores da Banda e autores da afamada Muiñeira de Chantada. A Fundación TIC ten subscrito un convenio de colaboración coa Banda de Chantada a prol da promoción que fan da música e da cultura na provincia, coa divulgación de iniciativas como o Campus musical e artístico Ventos do Norte, do que xurdiu á rodaxe dunha curta sobre a agrupación. Na actualidade, son 150 as ONGs, asociacións culturais, agrupacións veciñais, e entidades deportivas que a TIC apoia coa realización de traballos audiovisuais, que permiten completar a formación teórica dos estudantes da Escola de Imaxe e Son de Lugo, e favorecer a súa inserción laboral.



Galicia

Redacción de LUGO

# A Deputación negocia a comercialización en Cuba de produtos da provincia

**O deputado provincial, Pablo Rivera Capón, mantivo un encontro co embaixador de Cuba en España, Eugenio Martínez Enríquez, no que abordaron a comercialización de produtos lucenses na illa.**

A proposta do deputado foi moi ben acollida polo embaixador, que, principalmente, está interesado na compra de derivados lácteos e cárnicos lucenses pola súa calidade; así como polos elevados custos que está a asumir Cuba pola importación desdes produtos. Ambos os dous falaron de novas fórmulas para a comercialización directa. Neste senso, o Deputado trasladou a situación dos produtores lucenses, que teñen perdas polo baixo prezo dos seus produtos, así como excedentes, feito que permite novos mercados. Pablo Rivera indicou que o obxectivo é implicar directamente aos produtores na comercialización dos seus produtos para incrementar os seus beneficios e potenciar os seus negocios. O embaixador aceptou a invitación do deputado, e visitará a provincia de Lugo o 1 de maio. Pablo Rivera quere aproveitar a visita de Eugenio Martínez para manter un encontro con todos os axentes económicos interesados en participar na comercialización de produtos de Lugo en Cuba cunha implicación directa dos propios produtores. O 1 de maio celébrase a Festa de Degustación da Terneira Galega de Láncara, na que participará o embaixador para coñecer persoalmente este produto.



*O embaixador Eugenio Martínez Enríquez e Pablo Rivera Capón.*

# XX Xornadas de Psicoloxía e Saúde

**Celebraronse as XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) coa colaboración do Concello e da Deputación.**



*O curso desenvolveuse na Delegación da Xunta en Lugo.*

A o acto de presentación asistíu a alcaldesa, Lara Méndez, o deputado de Promoción Económica e Social, Álvaro Santos, a presidenta do comité organizador destas xornadas, Delia Guitián e o vogal do COPG, Víctor Torrado. Lara Méndez fixo fincapé en que cada vez con maior asiduidade a cidade é sede de todo tipo de encontros. "Lugo avanza, e ademais de ser unha cidade cun gran patrimonio cultural, histórico, medioambiental e gastronómico, quere tamén ser cuna de pensamento", asegurou Méndez, quen convidou aos participantes a gozar da cidade luguesa durante os 3 días que duraron as xornadas. As XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde, nas que participaron máis de 100 profesionais de toda Galicia, buscan fomentar o intercambio de coñecementos e a experiencia clínica respecto á conceptualización da personalidade e da identidade no actual contexto social, así como o seu manexo dende a psicoterapia. Unha temática atractiva para os psicólogos e psicólogas galegos, que viñan manifestando a demanda dunha abordaxe en profundidade sobre os trastornos da personalidade. Esta iniciativa impulsada polo COPG está recoñecida como unha actividade de interese sanitario pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia. Estivo dirixida a psicólogas e psicólogos colexiados; estudantes de Psicoloxía e profesionais interesados na temática.

# Soterramento de liñas eléctricas en Pantón

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio financiará con preto de 25.000 euros as obras necesarias para soterrar as liñas de instalación eléctrica en Curro, Ferreira de Pantón, na zona próxima ao mosteiro cisterciense. Así se recolle no convenio que veñen de firmar a titular deste departamento autonómico Beatriz Mato, e o alcalde da localidade, José Luis Álvarez Blanco. O proxecto desenvolverase nun tramo da estrada N-120 A. O obxectivo é retirar as liñas áreas existentes, de xeito que queden eliminadas completamente. Para soterrar será preciso realizar canalizacións e arquetas para a instalación eléctrica. As obras estarán rematadas antes de que finalice o ano. A Xunta encargarase tamén da contratación e execución. Cando os traballos estean rematados, serán entregados ao Concello, encargado de explotala e conservala.



*O alcalde de Pantón coa conselleira de Medio Ambiente.*

## Galicia

**Redacción de OURENSE**

# Premio Ourensanía para Mariluz Barreiros

### Mariluz Barreiros Ramos, presidenta da Fundación Eduardo Barreiros, empresario que a mediados do século XX foi o impulsor da industria do automóbil neste país, recolleu o Premio Ourensanía 2015 instituido pola Deputación de Ourense.




■ *O acto celebrouse no Teatro Principal de Ourense.*

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, dixo que Eduardo Barreiros "foi o motor da irrenunciable ambición colectiva do pobo ourensán", e destacou que a figura da premiada este ano "encaixa perfectamente coas características do pobo ourensán: traballador, emigrante e creativo". No seu discurso, Mariluz Barreiros dixo sentir "unha alta honra e fonda emoción" por recibir este galardón "que supón un recoñecemento ao labor realizado polo meu pai", e dedicoulle "esta entrañable distinción da Ourensanía aos emprendedores ourensáns, un premio que supón para min un valioso tesouro que gardarei e exhibirei sempre". Asemade, Mariluz Barreiros fixo no seu discurso un percorrido pola vida persoal e empresarial de Eduardo Barreiros, lembrando sempre o seu amor por esta terra, "o que fixo patente en 1952 cando abriu a súa primeira nave industrial en Madrid e lle puxo o nome de "Galicia industrial", e cando 15 anos despois, en 1967, as súas instalacións ocupaban máis de dous millóns de metros cadrados, dando emprego a 25.000 persoas e exportando os seus produtos a 27 países, sempre sen esquecer a súa orixe do rural ourensán, onde foi revisor de autobús, mecánico e condutor antes de ser empresario", explicou a premiada. Na súa alocución Manuel Baltar falou de "territorio, poboación e identidade", características do pobo ourensán, que personificou na figura dos afiadores, orixinarios na súa maioría de Nogueira de Ramuín, "berce dun dos nosos sinais de identidade", unhas características coas que tamén definiu a Mariluz Barreiros, a quen deu os parabéns polo premio e a quen definiu como "embaixadora de Ourense polo mundo, cunha especial querencia por esa Ribeira Sacra para a que estamos traballando pola súa catalogación como Patrimonio Mundial pola UNESCO". Manuel Baltar afirmou que o xurado do Premio Ourensanía "acertou plenamente distinguindo a Mariluz Barreiros nun ano de moita importancia para Ourense no eido da empresa e do emprendemento, porque se cumpren 50 anos de vida do Polígono Empresarial de San Cibrao das Viñas, verdadeiro pulmón económico da provincia e a gran concentración industrial de Galicia, con máis de 8.000 traballadores e máis de 320 empresas. Un polígono onde tivo tanto que ver o gran Eduardo Barreiros". Asemade, cualificou a Mariluz Barreiros como unha muller "decidida, valente e con personalidade definida", que conseguiu manter por medio da Fundación Eduardo Barreiros a memoria viva dun dos persoeiros máis importantes da España e da Europa do século XX". Baltar dixo que o decálogo de Eduardo Barreiros, escrito en 1970, segue hoxe tan vixente como entón. "Resúmese en sete palabras: traballo, paixón, lealdade, compromiso, tenacidade, estímulo e fe, as mesmas palabras de xeracións e xeracións de homes e mulleres de Ourense, dos que aquí estamos e dos que andan polo mundo; palabras dos que nos precederon, e que temos a obriga de transmitirlle aos que nos sucedan. Palabras e sentimentos de honra e de ourensanía", expresou Manuel Baltar. Referíndose á Fundación Barreiros, Manuel Baltar dixo que esta institución, creada hai 17 anos, "ten unha fonda implicación no ámbito universitario e do coñecemento, contando coa presenza de persoeiros como Giuliani, Tony Blair e Mijail Gorbachov, en destacadas conferencias. E aí tamén está Ourense". Rematou Baltar falando da Ourensanía "que entende todo e que non esquece, que é solidaria e rexeita a miseria e o vitimismo para pensar sempre en clave de futuro". "Unha Ourensanía –dixo- que habita aló onde haxa un ourensán que sabe que non hai cousa imposible porque así o amosaron ourensáns doutros tempos, e que mellor exemplo que o de Eduardo Barreiros, un dos guías da Ourensanía. Sigamos militando na Ourensanía".

## Ditame do xurado

O "Premio Ourensanía" é un galardón que concede a Deputación de Ourense como recoñecemento honorífico a aqueles ourensáns ou persoas vinculadas á provincia de Ourense que teñen destacado nas súas facetas profesionais, sociais ou intelectuais. Nesta quinta edición dos galardóns, o xurado acordou concederlle o premio a Mariluz Barreiros Ramos, filla do exemplar empresario ourensán Eduardo Barreiros Rodríguez, como promotora e actual presidenta da Fundación Eduardo Barreiros, dedicada á perpetuación da memoria do seu pai no rol de impulsor da industria da automoción na España de mediados do século XX, así como ao fomento da investigación no campo da tecnoloxía do automóbil, ademais de á difusión cultural de todo canto ten que ver co mundo do motor, exemplo do cal son o premio bianual "Eduardo Barreiros", a creación de bolsas de estudos de postgrao relacionadas coa enxeñería do automóbil e o Museo "Eduardo Barreiros", situado en Valdemorillo (Madrid) e que pasa por ser a primeira mostra monográfica dedicada a unha figura relevante do mundo da automoción en España". A acta do xurado salienta que, con este recoñecemento, o xurado desexa personalizar en Mariluz Barreiros a toda a familia Barreiros Rodríguez, incluíndo nela á súa nai Dorinda Ramos, de Cerreda (Nogueira de Ramuín), e aos irmáns de Eduardo, Valeriano, Graciliano e Celso, orixinarios da parroquia de San Miguel do Campo (Nogueira de Ramuín) "onde Eduardo comezou a despuntar moi novo como un admirable emprendedor adiantado ao seu tempo e con cuxa actividade chegou a fomentar a creación de 25 mil postos de traballo directos e a xerar máis de 100 mil empregos indirectos". O xurado fai tamén unha mención explícita á etapa final de Eduardo Barreiros como promotor da industria automobilística na Habana dos anos 80, "onde o seu papel de incombustible emprendedor chegou a acadar límites certamente transgresores e incluso heroicos, moi propios dos valores que representa a Ourensanía, ao conseguir reproducir na Cuba de Fidel Castro o sistema de produción industrial da automoción baseado na transformación dos motores de gasolina en motores diésel, que tantos éxitos nacionais e internacionais lle concedera na antagónica España dos anos 50 e 60".






Redacción de OURENSE

Por: Por Silvia Pardo

# Foro da Comunicación de Galicia en Expourense

Só o 20% das pequeñas e medianas empresas de Galicia teñen profesionalizada a súa comunicación. O 54% dos empresarios galegos non valoran a función da comunicación na empresa e só un 29% estarían dispostos a investir en comunicación realizada por profesionais. Webs corporativas realizadas polo persoal de informática ou de Recursos Humanos... Con este panorama sobre a mesa, celebrouse en Expourense a terceira edición do Foro da Comunicación de Galicia onde unha quincena de profesionais da comunicación, a publicidade e o marketing, defenderon a posta en valor da comunicación como un investimento e non coma un gasto. O profesor Miquel de Moragas Spà, catedrático da Facultade de Comunicación da Universidade Autónoma de Barcelona, presentou un estudo realizado por el mesmo sobre a semiótica e os símbolos nas cidades e onde defendeu o espazo público como símbolo de democracia e dunha sociedade evolucionada, "un dos grandes logros da nosa sociedade é que unha persoa poida ir camiñando pola rúa soa. As rúas son un espazo público que debemos defender como noso, non podemos permitir que se comercialice con él", indicou, facendo referencia á aparición de rúas ou liñas de servizos públicos que levan nomes de empresas. Manuel Gago, profesor da Facultade de Comunicación de Santiago na súa ponencia deixou ver que a comunicación científica é un nicho de audiencia e de emprego indicando ademais que a comunicación científica nos medios de comunicación galega é aínda moi deficiente. "Na comunicación científica o interesante non está nos resultados, está no proceso. Os medios quédanse cos resultados finais". Nunha mesa redonda foron presentados novos proxectos vencellados coa comunicación en Galicia. Logo disto, tivo lugar a mesa na que dúas consultoras de comunicación explicaron a situación actual da comunicación profesional en Galicia e da necesidade de que esta sexa vista como algo estratéxico para unha empresa. Nesta mesa falouse do cambio de concepto que está a vivir a comunicación e o marketing. Participaron no Foro José Luís Reza, Pilar Romero, Alberto Dafonte e Bieito Rubido. Contou co patrocinio da Deputación de Ourense e o apoio do IGAPE e da Secretaria Xeral de Medios da Xunta.



■ *Premiados e autoridades en Expourense.*

megaxove

Expourense, do 5 ó 8 de decembro de 2015

HORARIO: de 11.00 a 14.00 h. e de 16.00 a 20.00 h.

16º Salón da Xuventude

ENTRADA GRATUITA

Avance Actividades

ACTIVIDADES PERMANENTES OU DIARIAS
- ACTUACIÓNS DE GRUPOS MUSICAIS
- CARRUSELES
- CIBER AULA
- CIRCUÍTOS DE SCALEXTRIC
- EXHIBICIÓNS E PARTICIPACIÓNS DE LOITA GRECO ROMANA
- EXHIBICIÓNS DA GARDA CIVIL
- INCHABLES
- II TORNEO FIFA MEGAXOVE 2015
- JUST DANCE
- LUDUCHÁN E BEBECHÁN
- OBRADOIROS DE COCIÑA
- RINCÓN PARA OS PAIS
- XINCANA DE XOGOS
- XOGOS POPULARES
- ANIMACIÓN INFANTIL
- KARATE
- KICKBOXING
- MANUALIDADES
- MINIBASKET
- OBRADOIROS DE BAILE MODERNO / CHAPAS / CIENCIA DIVERTIDA / GLOBOFLEXIA / RECICLAXE / CULTURAIS / DE COCIÑA
- LECER DIXITAL
- OPERACIÓN QUILO 2015
- CIRCUITO XINCANA DE BICICLETAS
- VISITA DOS XOGADORES DO CLUB OURENSE BALONCESTO. COB
- VISITA DOS XOGADORES DO CLUB DEPORTIVO OURENSE



SÁBADO 5 DE DECEMBRO:
- 11:00: PARTICIPACIÓN LIBRE DE JUDO (ADULTOS)
- 11:00: ADESTRAMENTO HALTEROFILIA
- 11:30: ADESTRAMENTOS KARATE
- 12:00: OBRADOIRO GLOBOFLEXIA
- 12:00 / 16:30: PARTICIPACIÓN LIBRE DE JUDO (INFANTIL)
- 12:00: OBRADOIRO MINI-CHEF
- 16:00: VI OPEN INTERNACIONAL DE KARATE "MEGAXOVE"
- 16:00: OBRAD. INICIACIÓN A BÁDMINTON E REPARACIÓN CORDAXE
- 16:30: TÉCNICA HALTEROFILIA
- 16:30: MINICOPETICIÓNS DE ATLETISMO
- 17:00: SHOWCOOKING REALIZADO POR UN PARTICIPANTE DE MASTER CHEF JUNIOR E SINATURA DE AUTÓGRAFOS.
- 17:00: OBRADOIRO DE PATINAXE
- 17:30: EXHIBICIÓN JUDO
- 18:00: OBRADOIRO DE PINTURA
- 18:00: III CAMPIONATO DE NE-WAZA
- FÚTBOL BURBULLA
- REPSOL RACING TOUR (CIRCUITO DE CORREPASILLOS INCHABLE - EXPOSICIÓN INTERACTIVA)
- EXHIBICIÓN E OBRADOIRO DE INICIACIÓN DE ESGRIMA ANTIGA

DOMINGO 6 DECEMBRO:
- 11:00 / 16:00: PARTICIPACION LIBRE DE JUDO (ADULTOS)
- 11:30: ADESTRAMENTOS KARATE
- 12:00: PARTICIPACIÓN LIBRE DE JUDO (INFANTIL)
- 12:00: OBRADOIRO MINI-CHEF
- 12:00: TORNEO DE FUTBOL SALA
- 16:00: EXHIBICIÓN BÁDMINTON A CARGO XOGADORES "CLUB ATHLOS"
- 16:00: EXAMES DE KARATE
- 17:00: EXHIBICIÓN DE JUDO
- 17:00: OBRADOIRO DE PATINAXE
- 17:30: X CAMPEONATO INFANTIL DE JUDO
- 18:00: OBRADOIRO DE PINTURA
- X TORNEO DE HALTEROFILIA
- REPSOL RACING TOUR (CIRCUITO DE CORREPASILLOS INCHABLE – EXPOSICIÓN INTERACTIVA)
- TORNEO DE FÚTBOL SALA

LUNS 7 DECEMBRO:
- 11:30: ADESTRAMENTOS KICKBOXING
- 12:00: OBRADOIROS DE GLOBOFLEXIA
- 12:00: OBRADOIRO MINI-CHEF
- 17:00: ADESTRAMENTO KARATE
- 17:00: OBRADOIROS DE PATINAXE
- 18:00: OBRADOIROS DE PINTURA
- X TORNEO DE HALTEROFILIA
- REPSOL RACING TOUR (CIRCUITO DE CORREPASILLOS INCHABLE - EXPOSICIÓN INTERACTIVA)
- FÚTBOL BURBULLA
- TALLERES INICIACIÓN Ó BÁDMINTON E REPARACIÓN DE CORDAXE

MARTES 8 DECEMBRO:
- 11:30: EXAMES DE KICK BOXING
- 12:00: OBRADOIROS DE GLOBOFLEXIA
- 16:00: VI OPEN INTERNACIONAL DE KICK BOXING "MEGAXOVE"
- 17:00: OBRADOIROS DE PATINAXE
- 17:00: XADREZ
- 17:00: CAMPIONATO DE SCALEXTRIC MEGAXOVE 2015
- TORNEO MEGAXOVE DE BÁDMINTON
- TORNEO DE XADREZ
- X CAMPIONATO GALEGO DE TÉCNICA HALTEROFILIA
- TORNEO FÚTBOL SALA
- MINIBASKET

Organiza: Expourense

Patrocinan: XUNTA DE GALICIA · Concello de OURENSE Xuventude

Colabora: COREN

¡Ven e participa! www.expourense.org

**Galicia**

**Redacción de LUGO**

# Deputación e Concello darán resposta ás necesidades de Monforte

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e o alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, mantiveron un encontro na que foi a primeira visita institucional de Darío Campos como presidente da institución a un concello da provincia. Campos Conde confesou "non é unha casualidade que a miña primeira visita institucional sexa a Monforte. Pois o mesmo día da miña toma de posesión, Tomé xa me pediu que viñese. Foi o primeiro. En resposta as súas ganas de traballar para mellorar as prestacións públicas aos veciños, desenvolvendo o ambioso proxecto que Tomé ten para que Monforte medre como concello e como cidade, e para o que é necesario a colaboración de todas as administracións, aquí está a Deputación para sumar. Son un defensor do municipalismo e quero axudar aos meus tocallos e, polo tanto, colaborar cos 67 municipios lucenses". Tomé Roca agradeceu ao presidente o seu xesto, que "obecede ao compromiso de Darío de colaborar", así como "a súa receptividade as miñas peticións". Campos e Tomé abordaron as necesidades de Monforte de Lemos e acordaron colaboracións para darlles respostas. O alcalde explicou que estas necesidades e colaboracións se poden establecer en cinco bloques:

Mellora do saneamento, "que ten un problema grave dende hai moitos anos. Hai puntos de verquidos ao Cabe a pesares das obras de canalización que se fixeron; problemas nas depuradoras, como a de Piñeira; treitos sen capacidade; e condiciona ao polígono e ao porto seco..", explicou Tomé. Segundo un estudo de Augas de Galicia, a solución do saneamento pasa por obras de entre 11 e 12 millóns de euros, "un investimento que o Concello non pode asumir en solitario", indicou o Alcalde. Isto implica a sinatura dun convenio de colaboración plurianual entre a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo e Concello de Monforte. Todas as administracións, agás a Xunta de Galicia, xa trasladaron a súa disposición para colaborar. "Espero que suceda o mesmo coa Xunta. É un dos temas que quero tratar co Presidente na reunión que lle solicitei por carta. Non vou a poñer en dúbida a súa colaboración", apuntou Tomé. A prioridade do alcalde é iniciar estas obras o vindeiro ano para que a situación do saneamento estea resolta como moito en 6 anos, pois a Unión Europea establece que debe estalo no horizonte de 2022-2023-




■ *O presidente e o alcalde supervisaron o estado da vía LU-3202 de Monforte a Currelos.*

## Plan de Urbanismo

En canto ao PXOM. "Monforte necesita ordenar o seu territorio, deseñar a cidade do futuro, recoller todas as infraestruturas que se queren levar a cabo, ampliar o polígono do Reboredo coa cualificación dos 130.000 metros cadrados cos que contamos como terreo industrial...Para todo isto, é necesario o Plan Xeral de Ordenación Municipal". A Xunta xa comunicou ao Concello que non ía a financialo. A Deputación apoiará economicamente a Monforte, "pois un Concello non funciona sen un PXOM", remarcou o Darío Campos. Melloras urbanísticas nas rúas da cidade e na zona rural. "Conto co apoio do Presidente para dotar de máis servizos ao conxunto de Monforte e para facer máis atractiva a nosa cidade, cando ocupa un lugar estratéxico na Ribeira Sacra que debemos aproveitar para potenciar o turismo e, polo tanto, a economía", salientou Tomé. Desenvolver zonas urbanísticas. "A nosa cidade, como menos de 20.000 habitantes, é tan longa como Lugo, que ten preto de 100.000. Temos bolsas de solo sen urbanizar. Hai que estudar se é posible crear novas zonas urbanísticas e ofrecer novas oportunidades económicas para facer fronte ao despoboamento que sofre o sur da nosa provincia", subliñou o alcalde. Praia Fluvial. "É unha histórica demanda do Concello. Vamos a estudar a súa localización á marxe do Cabe, os permisos necesarios para habilitala, os servizos cos que debe contar... A nosa vontade é levar a cabo esta iniciativa, se é posible, ao longo deste mandato", indicou Tomé.

# Deputación e Guitiriz retoman o proxecto da residencia e centro de día

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, e a alcaldesa de Guitiriz, Regina Polín, mantiveron un encontro no que abordaron a situación do proxecto de construción da residencia e centro de día público na Casa Botica. Acordaron axilizar este proxecto, que o municipio mantivo bloqueado durante últimos catro anos, para iniciar a súa execución no 2016. Proximamente convocarase a comisión de seguimento do proxecto para a súa avaliación por parte dos técnicos municipais e provinciais e a alcaldesa levará ao Pleno a aprobación inicial do PXOM, que é imprescindible, segundo a normativa urbanística, para poder poñer en marcha as obras. Dende hai anos, a Deputación ten comprometido unha partida de 1,2 millóns de euros para a súa construción. Pola súa banda, Regina Polín recortou os custos do goberno municipal para con este aforro financiar a parte que lle corresponde ao Concello, que é de 200.000 euros. A residencia e centro de día público na Casa da Botica é unha dotación social moi demandada polos veciños de Guitiriz, pois ata se creou unha plataforma cidadá na súa defensa, que secundan miles de persoas, tendo en conta que o anterior alcalde se negou reiteradamente a súa construción, que sempre defendeu Regina Polín, que, precisamente, é a promotora deste proxecto. Na actualidade, ducias de veciños de Guitiriz están en centros de Castro de Rei, O Incio, Quiroga e Outeiro de Rei porque no seu concello non contan con esta prestación, que Deputación e Concello de Guitiriz acordaron impulsar. Deste xeito, xunto á dotación dun servizo social necesario para os veciños deste municipio, outro dos beneficios da execución deste proxecto é a recuperación dun emblemático inmoble, como é a Casa da Botica.



■ *Regina Polín e Darío Campos reuníronse na Deputación de Lugo.*

Galicia

Redacción de OURENSE

# O Comité de Ética da Deputación dimite por considerarse inoperativo

O Comité de Ética da Deputación de Ourense dimitiu por "a súa convicción de inoperancia" do devandito Comité á hora de avaliar o alcance dos feitos denunciados pola muller que acusa a Manuel Baltar Blanco de ofrecerlle traballo a cambio de favores sexuais. Así o establece o punto sexto do acta da reunión do día 25 de novembro dos integrantes do Comité de Ética, que conclúe coa dimisión dos seus catro membros e o anuncio de que "dada a dimisión presentada polos membros do Comité de Ética, éstes resolven redactar e aprobar o acta nesta mesma sesión". O Comité de Ética "non considera satisfactorias as respostas que adoptan un contido xurídico e político, ao que o Comité é alleo", sinala a acta no seu punto terceiro referíndose ás que lle solicitou o pasado día 12 ao presidente da Deputación na súa primeira reunión. Lembra ao presidente da Deputación ourensá que non é a este Comité a quen compete aplicar sancións "senón cualificar condutas". Para iso, sinala o acta, "os membros do Comité non poden ser alleos ao alcance social e mediático producido polo feitos obxecto do debate", que consideran que "prexudican gravemente a imaxe do presidente e da institución provincial". E en tal sentido, lembran que "nada ten que ver coa presunción de inocencia que incumbe ao denunciado, como a calquera cidadán". No acta lémbrase que na primeira sesión do día 12 reclamábaselle a Baltar Blanco "unha resposta clara e contundente" que ao Comité de Ética non se lle deu. O que fai que non poida pronunciarse, di o acta, "xa que defendéndose non admite, pero tampouco nega a realidade dos feitos".



# O PP impide o debate

O grupo de goberno volveu rexeitar que o pleno da Deputación incluíse na súa sesión ordinaria de novembro o debate sobre a denuncia presentada en Fiscalía contra o presidente, José Manuel Baltar, por presuntamente ofrecer a unha muller un traballo a cambio de sexo en 2010. O PP freou as pretensións do BNG na comisión informativa previa ao pleno de novembro. Ramiro Rodríguez, deputado nacionalista, rexistrou unha moción sobre este asunto para o seu ditame na comisión de Transparencia, pero non chegou sequera a debaterse. Do mesmo xeito que ocorrera no pleno ordinario de outubro coa moción de reprobación de Democracia Ourensá, o PP votou en contra da urxencia e valéndose da súa maioría impediu o debate. Alega o goberno provincial que a denuncia afecta o ámbito persoal do presidente e que non entra dentro das competencias propias da Deputación. A resposta indignou aos grupos da oposición. Ramiro Rodríguez suxeriu ao PP que non seguise evadindo o tema e apuntou que "se se deran as explicacións no seu momento non se chegaría a esta situación". O rexeitamento no pleno de outubro provocou o abandono en bloque da oposición e que días despois o PP fixo o propio no pleno extraordinario convocado para debater a mesma moción de reprobación do presidente que, en ausencia do grupo maioritario, quedou efectivamente reprobado. Ignacio Gómez, portavoz do PSdeG-PSOE tamén reprochou ao presidente da comisión de Transparencia, Jorge Pumar, a "falta de rigor democrático" en relación ao acordo tácito polo que cada grupo presenta un máximo de dúas mocións. Criticou que se impedise que "polo menos, a moción chegue á xunta de portavoces e debatamos alí se leva a pleno ou non, porque se non imos estar sempre co mesmo". O portavoz socialista utilizou a súa quenda na comisión para preguntar "cando imos poder democráticamente debater este asunto en pleno, comisión ou calquera outro órgano". Sinalou que "se está impedindo aos grupos debater sobre un asunto que si afecta á institución" e lamentou que se "coarte a liberdade" de introducir mocións ao pleno. Jorge Pumar, respondeu que o grupo de goberno limítase "a cumprir a lexislación vixente e os regulamentos establecidos". O BNG emitíu un comunicado público criticando que o PP "volva vetar" este debate e que o faga, precisamente, a través dunha comisión "que se chama Transparencia". Sostén o grupo nacionalista que, con esta actitude "cicatera e cobarde", o PP impide aos cidadáns que Baltar "explique de forma clara e crible o ocorrido días atrás". Para o BNG isto é un "golpe á democracia" xa que "conculca un acordo non escrito que leva practicando nesta deputación durante 30 anos no que ten que ver coas iniciativas que presentan os distintos grupos". Esta, en particular, pedía instar á Consellería de Igualdade a "abrir de inmediato unha investigación" para determinar se houbo un incumprimento da lei galega de prevención da violencia de xénero; e, de non desmentirse as acusacións, pedir ao Goberno da Xunta que esixa o cesamento inmediato de Manuel Baltar Blanco na súa función de presidente da Deputación.

# Avanza o Plan xeral de ordenación de Baños de Molgas

A Xunta colaborará co Concello de Baños de Molgas para que avance un paso máis cara á aprobación inicial do que vai ser o seu primeiro Plan xeral de ordenación municipal. Así llo trasladou a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas, ao alcalde de Baños de Molgas, Xaime Óscar Iglesias Pérez, co que mantivo un encontro de traballo xunto cos técnicos redactores do PXOM, no que acordaron impulsar a coordinación institucional para axilizar ao máximo este documento de planeamento. No encontro repasaron os axustes realizados polo equipo redactor respecto do documento previo sometido ao informe da secretaría xeral, que dan cumprimento aos requirimentos técnicos sinalados nese informe, que fora emitido en xullo de 2012. A secretaria xeral e o alcalde coincidiron na conveniencia en que o documento se someta á aprobación inicial do Pleno á maior brevidade, para poder seguir avanzando nos trámites establecidos, para así dar resposta á necesidade de que o Concello de Baños de Molgas conte cun documento que permita ordenar e planificar o seu desenvolvemento cara o futuro, coa precisa garantía xurídica, substituíndo ás Normas Subsidiarias Provinciais. O novo documento suporá maior calidade de vida para todos os seus vecinos e redundará no seu desenvolvemento sustentable.



*Encarnación Rivas co alcalde de Baños de Molgas, Xaime Iglesias.*

## Galicia

**Redacción de OURENSE**

# Expourense entregou os V Premios "Líderes en Calidade"

### As distincións recaeron en Artesanos Gallegos de la Carne (Lugo); Axencia Galega de Emerxencias 112 (Santiago); ICEACSA Grupo (A Coruña), Colexio Lar (Vigo) e Ataúdes Gallego (Ourense).



"A calidade que vén". Este foi o lema do Día Mundial da Calidade, 12 de novembro, no que Expourense un ano máis celebrou unha Xornada de Exaltación da Calidade que incluíu a entrega da quinta edición dos Premios "Líderes en Calidade" a empresas e institucións galegas recoñecidas por ser un modelo a seguir nos seus respectivos sectores e das que destaca o seu compromiso coa calidade e co medio ambiente. Esta xornada de Expourense estaba enmarcada nos actos da XXI Semana Europea da Calidade sendo o único acto celebrado en Galicia. Por quinto ano consecutivo, un xurado integrado polo Comité Executivo de Expourense, a entidade de certificación AENOR e a consultora Serviguide, apostaron por entregar os premios "Líderes en Calidade" a empresas e entidades galegas. Éstas pertencenaos sectores que máis preocupan aocidadán como son a Alimentación, a Sanidade, a Educación e o Medioambiente-Sustentabilidade; pero taménao empresario como é o caso da internacionalización, nun momento no que contar con estas certificaciónsconvértesenun requisito case imprescindible á hora de exportar o produto. As entidades elixidas como "Líderes en Calidade" polo Comité Executivo de Expourense no 2015 son: Sector Alimentación: Artesanos Gallegos de la Carne (Lugo). Sector Sanitario: AXEGA (Axencia Galega de Emerxencias 112) (con sede en Santiago de Compostela). Internacionalización: ICEACSA Grupo (A Coruña). Sector Educación: Colexio Lar (Vigo). Medioambiente: Ataúdes Gallego (Piñor de Cea - Ourense).

A entrega de premios contou coa presenza e intervención da delegada territorial da Xunta de Galicia, Marisol Díaz, do alcalde de Ourense, Jesús Vázquez e do vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, que estiveron acompañados por representantes do Padroado de Expourense, ademais de polo subdelegado do Goberno, Roberto Castro. Durante a súa intervención, a delegada territoiral destacou que "esta xornada serve para lembrarnos a importancia de sumarse a modelos de xestión baseados na calidade que non só reforzan a competitividade dunha empresa, senon que ademais melloran o proceso produtivo, eliminan custos, conseguen unha maior implicación dos traballadores e elevan os índices de satisfacción de clientes e usuarios; e en definitiva, axudan as empresas a posicionarse nun mercado global. A calidade, a innovación, a responsabilidade social e o compromiso co Medio Ambiente son hoxe en día a mellor carta de presentación dunha empresa para competir nun escenario global." Esta iniciativa contou co apoio do IGAPE e tivo como obxectivo sensibilizar tanto a empresas privadas como a entidades públicas da necesidade de incorporar aos seus modelos de xestión as directrices da calidade, co fin de prestar servizos eficientes e acadar a satisfacción do cliente.

Experiencias en calidade

Esta xornada deu comezo cunha mesa redonda na que participaron catro recoñecidos profesionais no eido da calidade que analizaron o lema deste Día Mundial da Calidade "A calidade que vén". Participaron o director de AENOR en Galicia, Martín Pita; o director xeral do Grupo HPS e de Serviguide, Manuel Galán; o director técnico de Galicia Calidade, Javier de Miguel e o director xerente de Expourense como entidade que promove o único acto celebrado en Galicia con motivo deste día, Alejandro Rubín. A través do lema deste ano analizouse o valor engadido que a calidade achega a un negocio e cómo contribúe a vertebrar ás organización empresariais ao mesmo tempo que fornece a súa competitividade e as axuda a sincronizarse co novo escenario económico. Os novos parámetros que esixe a calidade nas empresas e organización inclúen: liderado, estratexia, cultura, innovación, atención ó cliente e localización de grupos de interese.










RIÓS

# Asador Jose ofrece gafas graduadas para xantar e transporte de balde en taxi




■ *José Manuel Barrio propietario de Asador Jose.*

Entrando en Riós (Ourense) pola A-52 está o “Asador Jose” un dos máis peculiares restaurantes de España onde a cociña tradicional da provincia convive con exóticos produtos gastronómicos do planeta. A súa carta ostenta o Récord Guinness, por ser a máis extensa do mundo. No establecemento pódense degustar pratos exóticos como a carne de crocodilo, cebra, avestruz, camelo, bisonte, ñu, cabalo, búfalo, canguro ou agnus, pero tamén os propios da cociña galega como a excelente carne de tenreira de vaca cachena da comarca, parrillada de mariscos e gran variedade de peixes. O asador conta con distintos comedores e reservados para poder ofrecer ambientes variados e intimidade a clientes e grupos. É o marco idóneo para celebrar comuñóns, bautizos, reunións de empresa, despedidas de solteiro, festas privadas, aniversarios… José Manuel Barrio, o propietario, indica que acabamos de inaugurar unha carta galaico-lusitana que inclúe receitas tradicionais elaboradas por cociñeiros portugueses de prestixio recoñecido. Os nosos pratos están feitos con arte contemporánea, así que estamos a ter un grande éxito. Incorporamos carnes como a serpe pitón de Vietnam, a tartaruga de Ecuador e a jirafa de África, e pronto contaremos tamén co wagyu de Chile, a quenlla do Atlántico, o kudú de Sudáfrica, o wapití de Canadá, a chepa de cebú de Brasil ou os insectos tailandeses”. Agrega Barrio que “os nosos produtos teñen un certificado que especifican de onde proceden. Só así conseguimos que a xente se atreva a probar, repita e mesmo veña de distintos puntos de todo o país exclusivamente ao noso asador”. O restaurante ofrece servizo gratuíto de taxi para traslado, dun mínimo de tres comensais, desde Verín e proximidades de Riós. Tamén proporcionan lentes graduadas para usar durante a comida.



■ *Un dos comedores do asador.*



■ *Comedor “A tal señor…tal honor”.*




## Entrevista

# Confeitaría Regino ofrece pastelería innovadora con productos de alta cualidade, Antonio Salas, Xerente

*Que Ponteareas é terra de rosquillas non resulta unha novidade para ninguén. Sen embargo non todo o mundo sabe como se veñen "cocendo" os distintos productos que aqui se producen e que novidades se dan no eido da elaboración. Por esta razón falamos con Antonio Salas, actual xerente e propietario dunha das confeitarias máis antigas de Ponteareas. Isto foi o que deu de si a convers*

Por: Guillermo Rodríguez



**A confeitería Regino a que ano se remonta?**

Ao ano 1865, nese ano é cando se comezaron a levar as rosquillas en Ponteareas, pero o nome que tiña era Confeitería da Tía Luisa, posteriormente chamouse Castiñeira, porque era a zona onde estaba radicado o forno. Xa no século pasado, no ano 45 máis ou menos, pasouse a chamar Confeitería Regino.
Estaba enfronte ao Auditorio, na Castiñeira, a finca chegaba ata o río.

**E todo comeza co teu avó?**

Non, a dona da confeitería era miña avoa, María, cando se chamaba Castiñeira, despois pasou a chamarse Regino, cando casaron ao cabo de dez anos.

**E o ámbito era só local, non?**

Comezou a nivel local pero logo estendeuse cara Vigo, onde ía vender directamente a Vigo, a Bouzas, a Santa Rita, etc. En principio, íase vender a todas as festas desde a casa, non había como agora autónomos, facíamos a mercancía e levábamola. Entón había comerciantes vendendo outras cousas e comezaron a comprar rosquillas, e así vendíanas tamén. Cando comezaban a vender máis ca el, deixaba de ir a eses sitios e só mandaba a mercancía.

**En que ano se incorpora teu pai, Antonio Salas, á confeitería?**

Cando casou con miña nai, no ano 1955 máis ou menos. El non tiña nada que ver co ramo porque era contable e levaba unha fábrica de madeira nas Neves, onde vivía. O pai del era ferroviario e veu como Xefe de Estación para alí, despois de ter estado en Padróns. Nas Neves tiñan un serradoiro de madeira con varios socios, meu pai traballou alí.
Cando veu para acá empezou a levar a administración e traballaba co meu tío Regino, que despois marchou para Porriño onde montou unha confeitaría, era o irmán de miña nai. O meu tío tamén se chamaba Regino como o meu avó, como lle chamou tamén ao seu fillo...
O meu avó era Regino Iglesias Maceda que no ano 45 lle puxo o nome de Regino á confeitaría.

**Despois de teu pai, vés ti... pero a expansión foi na época do teu pai, non si?**

Si, nos anos 60 comézanse a embolsar os produtos, na época do Nadal traballábase nos supermercados e despois coas festas pero xa empaquetados, logo viu a normativa pero eles adiantáronse metendo a marca no mercado. Nesa época foi o auxe, entre os 60 e os 70 e tantos. A partir do ano 66, ao principio alugábamos camións, había alguén que repartía, depois compramos furgonetas para sermos nós a facelo pola zona, por Vigo, por Vilagarcía, etc.

**Actualmente, ademais dos autónomos que levan mercancía para venderen nas festas, como é a saída diaria das rosquillas, veñen aquí ou levádela todos os días?**

O noso reparto é á fin de semana. De todos os modos os autónomos agora xa teñen furgoneta, antes había que levarlles as rosquillas. Agora o 60% das persoas vén buscar a mercancía. Ás veces hai festas moi grandes e entón lévase unha furgoneta grande e descárgase alí. No caso dos supermercados levámola nós, nesta época dúas ou tres veces á semana.

**Supermercados de aquí ou de toda esta zona?**

Non, collemos a zona de Pontevedra, Vilagarcía, chegamos a Ribeira, Milladoiro, Caldas e tamén a zona de aquí de Vigo e arredores.

**A confeitería conta tamén co apartado da pastelería que tamén é moi importante...** Hai anos nós servíamos a moitos restaurantes pero fomos deixándoo para centrarnos na venda no despacho, na tenda. Normalmente a venda facémola aquí, de produtos de confeitería e pastelería que se vai incrementando desde hai un par de anos. Contratamos persoal novo para esta produción específica de pastelería e así conseguimos mellorar a nosa calidade e cantidade dos produtos que facemos. É unha aposta que repercute positivamente nas vendas do despacho.

**Sabemos que hai uns tempos contrataches un pasteleiro profesional que fai outras variantes en pastelería...fálanos un pouco sobre iso.**

Efectivamente, trátase dunha persoa formada fóra de España, concretamente en Francia, e por iso vén con ideas novas e modernas. Aproveitando que a xente vai demandando produtos novos, de calidade e máis elaborados, botamos man deste profesional para aumentar as vendas ao por menor. Durante a semana pero sobre todo nas fins de semana é cando máis saída ten este tipo de produto.

**Entón cal é a diferenza entre a pastelería que ofrecías e a que se ofrece agora? Cambia o tipo de cliente?**

Esta pastelería achégase máis aos gustos da xente máis nova, é a que mellor responde a este tipo de pastelería máis innovadora e de calidade; aínda que seguimos cos clientes de toda a vida, claro. O que notamos polo tanto é que hai máis xente nova que acode ao nosso despacho.

**Cal é o atractivo que lle encontran?**

Produtos novos que non hai no mercado. Este pasteleiro profesional tivo unha pastelería non hai moitos anos pero logo estivo fóra traballando e agora ao voltar uniuse ao noso grupo de traballo e introduce todo ese coñecemento nos nosos produtos. É unha confeitaría con bos produtos pero totalmente nova.



**Supomos que iso obrigaríache a surtirte de materia prima nova?**

Si, claro, sobre todo no que respecta aos chocolates e á embalaxe para podermos lanzar estes produtos máis modernos.

**A crise nótase tamén na confeitaría? Nas festas, no despacho?**

Ben, temos que ter en conta que agora xa non se fan tantas festas por falta de cartos, é evidente que se vende menos pero non o notamos, porque o noso produto está moi introducido no mercado e iso provoca que non haxa nin subidas nin baixadas pronunciadísimas, porque se trata dun mercado moi maduro. Baixou un 15% apenas, non coma noutros sectores que baixaron un 80%.
No que se refere á venda ao por menor, na tenda, ao introducir este nova liña de pastelería máis profesional vemos un incremento paulatino de xente que antes non acudía e que agora acode á nosa tenda buscando estes novos produtos, porque se lle fan atractivos.

**Os prezos mantivéronse ou tiveches que cambialos?**

En relación aos prezos destes novos produtos temos a referencia da venda que este profesional facía na súa propia confeitaría, xa que se trata dun traballo máis elaborado de materia prima de calidade. Non é o mesmo comprar unha tarta que se fai en media hora ca comprar outra coa que invertes dúas horas, leva máis tempo, son máis elaborados.
De todos os xeitos procuramos manter ou non subir demasiado os prezos porque somos sensibles á época que atravesamos.

**Hai algo que queiras comunicar aos teus clientes nesta época de Nadal?**

Que sigan connosco, que sigan a confiar en Confeitaria Regino, xa saben que levamos moitísimos anos traballando nisto e por iso vamos venderlles lembranzas a sabores que coñecen, que as poden seguir tendo. Se queren lembrar un boleardo por exemplo, eses produtos máis antigos...hainos, xunto cos produtos novos, ou sexa unha oferta variada e de calidade; teñen de todo.

# O patrimonio inmaterial galego-portugués exhibe a súa excelencia na Gala do Patrimonio

**Ponte...Nas Ondas! celebrou en Tui, o 25 de novembro,unha MOSTRA DA ORALIDADE e unha GALA DO PATRIMONIO,coincidindo coa data da presenza deste patrimonio na sede da UNESCO hai dez anos e tamén co día no que recolleron o Premio Ondas en 2014.**




O 25 de novembro é unha data moi especial para a Asociación Ponte...nas ondas! e por esta razón quixeron celebralo e compartilo coas persoas e comunidades portadoras do noso patrimonio común galego-portugués. Lembran que desde hai dez anos, este patrimonio agarda pola súa inscrición na Lista Representativa do Patrimonio Inmaterial da Humanidade da UNESCO e poñen como exemplo o flamenco que non sendo proclamado en 2005, as administracións conseguiron inscribilo en 2010. No caso do patrimonio oral galego-portugués a propia UNESCO recomendou voltar a presentar de novo a súa candidatura. Pero o traballo de PNO! continuou e tivo o seu recoñecemento coa obtención do premio ONDAS pola "mellor cobertura informativa" deste patrimonio. Precisamente o 25 de novembro de 2014 recollían o prezado cabaliño no Liceo de Barcelona.

## TEMOS PATRIMONIO !

Este 25 de novembro os actos comezaron coa MOSTRA DA ORALIDADE GALEGO-PORTUGUESA que baixo a denominación 'Temos Patrimonio! 'convocou no Teatro Municipal de Tui ao alumnado de 11 centros educativos de Galiza e do Norte de Portugal co obxectivo de transmitirles as manifestacións da tradición oral a ambos lados da fronteira. Tradición que se mantén viva a través da música, o teatro, a narración oral... Na Mostra participaron o escritor e músico Xurxo Souto, o grupo de música tradicional Tradisón liderado por Xurxo Antúnez, o grupo de música A Gramola Gominola, e a compañía de teatro portuguesa Graeme teatro. A Mostra contou co apoio da Xunta de Galicia e do proxecto europeo CampUSCulturae que coordina a Universidade de Santiago.

## A GALA DO PATRIMONIO

Ao atardecer ecoaron polas rúas de Valença do Minho e de Tui, os sons das treboadas e os zésپereiras anunciando que o patrimonio galego-portugués ía darse cita no teatro municipal de Tui. Ás 20:30




■ *Uxía e Xurxo*

horas os atronadores sons dos bombos, dunha e doutra beira do Miño, abrían unha gala que durante dúas horas mantería ao público emocionado co que vía e escoitaba, manifestacións de excelencia do seu patrimonio. Foi o propio condutor da Gala quen se puxo á fronte dos bombeiros das treboadas. Xurxo Souto, o trebón da noite que mantivo coa vitalidade e forza da súa palabra o espíritu da gala.
Unha Uxía de voz esplendorosa calmou o auditorio cun alalá que encheu de emoción aos asistentes e Narf acompañouna cuns sons de guitarra eléctrica que desafiaban a pandereita nas mans de Uxía. Polo medio houbo tempo para lembrar a infancia cun fermoso tema de Manuel María.
Foi nunha radio, colocada no escenario, onde Xurxo Souto exerceu de locutor-presentador e desde onde se escoitaron no dial as Vozes da Rádio, o quinteto vocal do Porto. Un auténtico torrente de voces que, ademais de realizar todos os sons de instrumentos e percusións coa súa voz, divertiron ao público con temas satíricos.
E co sorriso aínda nos beizos, a palabra de Quico Cadaval ocupou o estudio radifónico nun man a man entre dous grandes comunicadores. Quico Cadaval explicou que o patrimonio galego-portugués salta por riba das fronteiras e hoxe é unha auténtica rede de unión na lusofonía e contou historias relacionadas co contrabando e a fronteira. Do outro lado do río, recén chegado de Australia, Augusto Canario, acompañado por Cándido Miranda, fixeron unha demostración de enxeño e axilidade interprentando diversas modalidades de regueifas e desgarradas. Remataron cun tema de Nelson Vilarinho de Covas, un dos grandes tocadores de concertina xa desaparecido e a quen desde Ponte...nas ondas! se



quixo render homenaxe como exemplo de persoa portadora do patrimonio.
Xurxo Souto preguntoulle a Canario pola vitalidade da regueifa e o portugués loubou o labor de transmisión ás novas xeracións que se está a facer en Galiza.
Desde o Val do Neiva, as Cantadeiras do Neiva exhibiron unha prodixiosa policromía vocal na interpretación de cantos tradicionais recollidos no norte de Portugal. Lembraron que o grupo foi a voz e a imaxe do proceso da Candidatura hai dez anos e mostraron a súa disposición a continuar a apoiar a inscrición deste patrimonio na UNESCO.
E deste lado chegaron as poderosas Malvela que demostraron que enriba do escenario son a mellor expresión de vitalidade do patrimonio oral e músical, acompañadas por uns recoñecidos Santi Cribeiro no acordeon ou Pablo Ces na percusión. A súa mentora, Uxía, cantou un vira e lembrou á Sra. Carme, considerada un "tesouro humano" e a quen tamén se homenaxeou. A interpretación do Natal dos simples do Zeca Afonso, xunto aos Vozes da Rádio, demostra que Malvela non ten ningún tipo de dificultades para ampliar os seus rexistros e capacidades.

Xa coa festa montada enriba do escenario e co publico entregado, chegaba o fin da Gala, con dúas horas transcurridas, e chegou o Pirim pim pim, a melodía galego-portuguesa que todos cantaron, artistas e público con coreografías incluídas. E mesmo aínda houbo outra e a oportunidade de realizar unha onda a favor do patrimonio cun Xurxo Souto dicindo: Medre o patrimonio inmaterial galego-portugués
A Gala do Patrimonio foi unha homenaxe ás persoas e comunidades portadoras da cultura popular, esa que deu orixe a tradición oral galego-portuguesa en forma de cantigas nas que se inspiraron os trobadores e xograres medievais.
A Gala vai ser emitida pola TVG e a RTP en próximas datas.

## CULTURAQUEUNE

No marco das celebraciónsdestes 10 anos de traballo a prol do patrimonio común, Ponte...nas ondas! presentou en Tui a plataforma CULTURAQUEUNE, da que forma parte. Unha plataforma que integra a asociacións e entidades da Eurorrexión coa finalidade de unir esforzos nas relación culturais e nas actividades en ambos lados. Inaugurouse a exposición "DO SAUDOSISMO AO ATLANTISMO", cedida pola Fundación Vicente Risco, unha mostra que percorre as relacións entre os escritores galegos e portugueses do século XX. A mostra abriuse o día 20 cunha conferencia do historiador Luis Martínez Risco e permanece na Área Panorámica até o día 3 de decembro.

Galicia

Redacción de OURENSE

# Magosto na Auria Bela

Asociacion Camiño Real e a Lexión Irmandiña celebraron o magosto como veñen facendo desde hai 14 anos na Pena Vixía (Ourense). Acudiron a tradicional cita gastronómica-ludica persoas procedentes de toda Galicia, Valladolid, Asturias, e Norte de Portugal. O ritual pasou polas cinco fases tradicionais: recepción dos convidados ao mediodía na Praza Pena Vixía para degustar os viños das cinco denominacións de orixe e petiscos variados o son dos cantares populares con guitarras, zanfoña, gaita e percusión. Seguíu o xantar de polbo á feira e a carne ao caldeiro con sobremesa de cañas de Luzía a portuguesa, licores variados e sempre animando con cantares populares e fados. Ó solpor, "procesión" seguindo o singular "Mercedes" polo casco vello de Ourense entronizando o magosto; retorno á Praza Pena Vixía para celebralo magosto de castañas con chourizos e viños. Á noitiña, cea de caldo de verduras con lacón. A Praza, rúa e comedor estiveron cubertas de alfombras vermellas e os asistentes ataviados con capas vermellas e panos amarelos conmemorativos.



■ *Entronización do magosto polo casco vello da cidade.*



■ *Visita á Casa de María Andrea.*



■ *O alcalde de Ourense cos participantes.*



■ *Serenata en Alpendre.*



■ *Concentración en Taberna Perico.*







# Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as mulleres

Allariz conmemorou, o 25 de novembro, o Día Internacional para a Erradicación da Violencia contra as mulleres. Con este motivo, a área de Igualdade, organizou varias charlas e actos formativos no Fogar dos Maiores. As actividades iniciaronse o día 23 coa charla "Alianza das mulleres para cambiar o mundo" da coordinadora local da Marcha Mundial das Mulleres. O día 25 leeuse na Praza Maior unha declaración institucional e o manifesto da Asociación Silvardeira. Ese mesmo día, o Concello de Allariz presentou o seu protocolo municipal de actuación para casos de violencia machista e visionouse o audiovisual "Eu podo", realizado polas mulleres que participaron no Programa Clara. O día 27 houbo un Obradoiro de autodefensa feminista facilitado por Mai Insua.



■ *Declaración institucional e manifesto ante a Casa do Concello.*

# O orzamento de Allariz supera os 6 millóns de euros




■ *Votación sobre rebaixa de determinados impostos municipais.*

O alcalde de Allariz, Francisco García, presentou o orzamento municipal 2016. As dúas grandes liñas que marcarán o vindeiro ano serán "fomentar o papel do Concello como locomotora da actividade económica en Allariz e o mantemento e mellora dos equipamentos e servizos públicos que fagan a vila atractiva ao tempo que se incrementa a calidade de vida dos veciños", dixo o alcalde. As contas presentan un importe de 6,1 millóns de euros en ingresos e 5,6 millóns para gastos; unha diferenza positiva de 509.000 euros precisa para facer fronte ao remanente de tesourería negativo do exercicio 2015. A corporación alaricana tamén aprobou, en sesión anterior, e por unanimidade unha rebaixa do 50% no imposto sobre construción, instalación e obras ás empresas que en 2016 se instalen no polígono de Chorente co obxectivo, segundo explicaba o alcalde de favorecer a ubicación de novas empresas no parque empresarial". A rebaixa non será de aplicación automática senón que cada empresario deberá solicitala e despois o pleno encargarase de ratificar a súa utilidade pública. Os veciños de Allariz tamén verán rebaixadas as súas facturas de auga e saneamento, que pasa a regularse polo IPC e terá unha rebaixa do 0,4%.

# Luzia Oca recibiu o XIX Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

Entregouse en Allariz o XIX Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais ao traballo presentado co lema "Badías na Mariña (1978-2008)" e co título "Caboverdianas na Mariña (1978-2008)", de Luzia Oca González, con domicilio en Burela. Este premio está dotado con 4.000 euros e a obra gañadora será publicada por Sotelo Blanco Edicións. Trátase dun rigoroso ensaio no que, baseándose nun método antropolóxico, se propoñen estratexias de análise e de integración da comunidade caboverdiana na Mariña lucense, con especial atención ao papel desenvolvido polas mulleres no nacemento e no desenvolvemento dunha nova comunidade ao longo de tres décadas. Os membros do xurado foron: Fernando Acuña Castroviejo (representando ao Concello de Castro Caldelas), Teresa Devesa Graña (en representación do Concello de Allariz), Antonio Blanco Rodríguez e Xosé María Eguileta Franco (en representación da Fundación Vicente Risco) e Francisco Fernández Rei, que actuou como secretario (en representación da Fundación Sotelo Blanco). O galardón está promovido polas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, coa colaboración dos concellos de Allariz e Castro Caldelas.a.








# Objectivo: defraudar o mínimo! - assim pretende Ana São João, vereadora da Câmara Municipal de Caminha

*Uma mulher jovem, idealista mas não política. No entanto, entrou para a política por ser uma 'ferramenta' que poderia utilizar para ajudar mais e melhor as pessoas e famílias desestruturadas.*
*Ana São João, vereadora da Câmara Municipal de Caminha acredita que sempre se pode fazer mais e melhor. Num pelouro que muitos consideram apetecível, ela simplesmente abraçou com positivismo, afinco e com o objectivo de melhorar o que tem de ser melhorado em prol do bem-estar das famílias. A educação e a área social fazem brilhar os seus olhos, é com orgulho que fala do que já conseguiu implementar e, também, do que pretende ainda concretizar.*

**Por Isabel Varela**

Ana São João agarra-se com afinco no que acredita e no que é possível fazer para diminuir ambientes desestruturantes ou diferenciados.
Minho Digital falou com ela e percebemos o quanto encantada fica em trabalhar em prol dos outros.



**Na sua vereação tem a seu cargo, além de outras áreas, a educação e a área social. Sabemos que as duas são muito queridas para si. Porquê**

▌No fundo aquilo que me cativa nas duas dimensões é a possibilidade de contribuir para projectos de vida e para projectos de índole social, assim como por alguns valores que se pautam pela igualdade, redistribuição de recursos. No fundo, para a contribuição de um bem colectivo. A educação é, talvez, a dimensão na vida do ser humano que lhe pode permitir aceder a certos recursos normativos permitindo assim alcançar competências e tarefas que lhe estão designadas, e aceder a algumas formas que lhe poderão permitir uma melhor qualidade de vida. Para além disso, julgo que a acção social, na sua versão mais pura e na introdução da justiça redistributiva, e também pela minha própria formação, trazem o que no fundo é um ideal e bandeiras que politicamente eu jugo seria importante desempenhar.

MD - No respeitante à Educação o que compete à sua vereação garantir?

A área da Educação tem várias dimensões em termos do que hoje em dia é a delegação de competências pelo próprio Governo central numa gestão partilhada no ensino pré-escolar e 1º ciclo com o agrupamento de escolas Sidónio Pais. Nesse sentido, o que nos é adstrito: o fornecimento das refeições para o pré-escolar e 1º ciclo, assegurar o transporte, gerir os recursos humanos respeitantes a estas valências do ensino e, numa vertente mais alargada, conciliarmos com diversos parceiros no território educativo para termos a nível municipal um projecto na área da Educação.

**Quando chegou à vereação, no tocante a esta área, estávamos bem? Que trabalho é necessário fazer e que sinergias devem ser criadas?**

▌ Eu não arriscaria em fazer um corte tão abrupto entre o passado e a actualidade. No fundo, eu vejo isto como um fio condutor que se vai construindo todos os anos. Existiam certas sinergias criadas - e bem - e que julgo que as ampliei. Outras não estavam diagnosticadas…

**Como por exemplo?**

▌ A mudança que se introduziu em relação às pausas educativas, ou seja, o período de pausa do calendário escolar que é seguido pelas actividades lúdicas que não são mais do que um conjunto de actividades promovidas nessas pausas e para que as famílias possam conciliar a sua vida profissional e a vida familiar, e não tendo rectaguarda, precisam que os filhos frequentem um espaço de actividades. À data que iniciámos o nosso mandato não funcionava os 12 meses do ano, e neste momento funciona. E também alargamos o horário de funcionamento, existem equipamentos no nosso concelho a abrirem às 7.00 horas e a fecharem às 19 horas. Este alargamento também permite às famílias outra restruturação e com tranquilidade.

Mas não é só aumentar o funcionamento deste sector, pois é necessário requalificar com actividades que sejam enriquecedoras sob o ponto de vista educativo, mas também de outro tipo de competências, pessoais e sociais. Houve um grande investimento em actividades estruturadas e ricas permitindo às crianças uma aprendizagem mais elevada consoante as áreas, como seja no teatro, cultura, e ambiente. E onde existe o meu cunho de formação de base é no respeitante às questões de cidadania, voluntariado e outras competências sociais que julgo que são fundamentais que sejam introduzidas nesta fase da vida.

**A fatia financeira que cabe a esta área da Educação é a suficiente?**

Bem, eu como vereadora vou sempre dizer que não é suficiente!… Tenho, também, de fazer a minha pressão interna…

Mas do ponto de vista do que é a Educação, já havia um investimento. No entanto, a 'menina dos meus olhos' foi poder alargar o transporte escolar ao nível da escolaridade obrigatória que era até ao 9º ano e hoje é até ao 12º.

Existiam pais que tinham filhos no pré-escolar, 1º ciclo e concomitantemente também no secundário, e é neste último que o esforço financeiro dos pais é mais elevado tanto pelos manuais, transportes e com outras actividades. Era um esforço, para quem tem mais de um filho, mais acentuado. O facto de nós comparticiparmos a 100% os transportes escolares foi um investimento financeiro da Câmara Municipal em prol das famílias e, também, em prol da Educação. No fundo, garantir a acessibilidade e diminuir os custos para a família e garantir o acesso a todos da escolaridade.

Inicialmente, a medida iniciou-se somente para as crianças do agrupamento de escolas do sistema público e depois, e como forma de conseguir uma igualdade do território educativo, alargou-se à Ancorensis – Cooperativa de Ensino e à ETAP.

Num momento em que a Câmara passa - e esperemos que ultrapasse - as dificuldades financeiras que tem, julgo que não me posso queixar nesse sentido.

Conseguimos, também, alargar algum apoio da área social escolar no que se refere aos lanches, não só no tempo lectivo mas também ao ATL. Julgo que fizemos um bom investimento no respeitante à oferta cultural, tentando colocar a cultura ao acesso de todos.

Seria injusta com os meus parceiros de Executivo dizer que o orçamento, e numa altura de emagrecimento, não chegou. Foi atendida essa necessidade e foi atendido o esforço das famílias.

**«Nos transportes temos um esforço muito e muito elevado»**

**A maior fatia do seu orçamento é para os transportes?**

▌Sim, é para os transportes escolares. Estamos a falar dos contratos que temos com as transportadoras e do que a Câmara Municipal garante nos territórios que não são concessionados às empresas. Por exemplo, existem circuitos internos entre Seixas e Caminha, Argela e Caminha, em que nós, Câmara, temos de fazer esse investimento. Não contabilizando esse, que é gasto interno, nós estamos a falar de valores que são sempre de 400 mil euros. Ou seja, num orçamento que rondará os 700 mil e 800 mil euros - esperando que este ano suba um pouco - estamos a falar de uma fatia que são as refeições e transporte escolar. É uma gestão que assegura as pessoas uma garantia de acesso ao que lhes pertence. Eu tinha muitos projectos na minha mente. Como percebeu, eu sou uma idealista por natureza, mas houve alturas em que o agrupamento de escolas e a Ancorensis me trouxeram necessidades internas e eu prefiro abdicar de um projecto municipal e permitir a quem opera no campo a alcançar as suas metas. E é nessa dialéctica que vamos conseguindo produzir novas sinergias.

**Consta que a Escola de Seixas irá encerrar. Isso corresponde à realidade?**

▌Não tenho nenhuma comunicação a nível da DGEST ou do Governo com essa leitura. Há dois anos atrás, numa reunião formal, foram identificadas algumas escolas que devido à sua expressão demográfica poderiam correr esse risco. O que me foi diagnosticado na altura era a Escola de Venade, Jardim de Infância, em que me propuseram transferir os meninos para o Jardim de Moledo. E aquilo que conseguimos com o compromisso da câmara era efectuar obras na escola do 1º ciclo e - aí sim - acolher os meninos do pré-escolar para que não houvesse um desenraizamento daquela freguesia. E como é sabido a Escola de Riba de Âncora que foi extinta, sendo o projecto do Governo levar as crianças para a escola de Dém. Conseguimos que viessem para territórios mais próximos da freguesia de origem. Relativamente, a Seixas nós sabemos que tem sempre poucas crianças matriculadas. O que posso dizer é que pode correr esse risco de encerramento. Se temos alguma comunicação oficial? Não, não temos … mas, como este equipamento, outros podem correr o mesmo risco por questões demográficas. Temos de estar atentos nesse sentido. A escola de Seixas é boa e

onde investimos na reestruturação de recursos humanos e rentabilização ao máximo nas pessoas que lá estão.
Eu sou uma clara defensora das escolas pequenas e sou pelas relações primárias. Demograficamente, não sei se isso será possível. Mas acho que temos de lutar por uma política de natalidade que permita às famílias projectar os seus próprios projectos familiares.

**Na área social, e na qual tem dado provas do seu trabalho, em Caminha temos ambientes desestruturantes?**

▌Sim, sim! Conhecendo eu bem o distrito de Viana do Castelo, e fazendo algum paralelismo, julgo que no concelho de Caminha as problemáticas sociais emergentes são aquelas que acompanham um pouco todo o distrito.
O que é que nós temos é uma população envelhecida , mas também problemáticas de alcoolismo e algumas dinâmicas familiares relacionadas com a violência doméstica.
A questão do envelhecimento é aquela que mais nos pode mais angustiar, se bem que tenho a clara noção de que em Caminha temos instituições particulares de Solidariedade Social com muitos anos no terreno que permitem à população dependente ter diferentes respostas. Para aquelas pessoas que têm por motivação pessoal ou por necessidades de desestruturação familiar de recorrer a um Lar, existem vagas nos Lares do concelho de Caminha e estamos bem servidos no tocante à rede de acolhimento de idosos. No entanto, aqueles idosos que necessitem de cuidados ao domicílio têm, também aqui, a rede fortalecida.
Temos é uma linha de trabalho no que diz respeito àquelas pessoas que não querem passar para um Lar e não faz parte do projecto de envelhecimento. Querem manter-se em casa e há alguma ausência de uma rede forte de cuidadores nocturnos ao domícilio. Eu sempre disse, e continuo a fazer, que é uma das nossas lacunas no concelho. Para a questão das estruturas de centro de noite, nós temos dois a três equipamentos no distrito, e as experiências ainda são pioneiras o que não nos permite perceber como a população recebe esta estrutura; mas acima de tudo as pessoas verbalizam que não se importavam de ter uma companhia nocturna por determinados períodos. Nesse sentido, nós ainda precisamos de investir nesta rede de cuidadores nocturnos ao domicílio. Neste momento, eu lancei o desafio às instituições sociais, e isto porque estas já tem saber acumulado nestas matérias, e que seria lançarem um novo serviço para estes cuidadores nocturnos ao domicílio que podem pontualmente pernoitar ou passar duas ou três vezes durante a noite em casa das pessoas.
Estamos a falar de uma experiência pioneira que nunca foi testada, que não sabemos se funciona, mas estamos em rede social com as instituições sociais que mostraram abertura para este projecto e apresentámos uma candidatura conjunta à Fundação do Iqueia, e assim tentaremos requalificar as respostas das ditas instituições com esta nova resposta. Claro, que isto significará também um investimento financeiro por parte da Câmara Municipal, pois as instituições não terão capacidade de suportar sozinhas. Ainda é algo muito recente mas que todos identificamos como prioritário e necessário a avançar.

**Ainda na área social, existe algum projecto que gostasse de implementar?**

▌Julgo que no concelho de Caminha aquilo que debilita mais as pessoas ecomicamente por muitos apoios financeiros que se possam dar, tem a ver com o facto do arrendamento no concelho ser bastante caro. Nós temos pouca estrutura de bairro social e não está previsto construção, e na minha opinião também não é a melhor medida para estruturação social. Pelo facto de as rendas serem elevadas e não existir nada no âmbito social, pretendemos cativar algum número de senhorios que conseguissem baixar as rendas para famílias referenciadas pelos serviços sociais. Isto iria permitir retirar muitas famílias do lumiar da pobreza

**Para terminar, e em poucas palavras, quando terminar o seu mandato como gostava que as pessoas a identificassem em relação ao seu trabalho?**

▌(sorri) Pergunta difícil!... Nunca pensei nessa óptica. Mas gostaria de defraudar o número mínimo de pessoas que necessitaram do meu apoio pessoal ou institucional enquanto vereadora...

**MELGAÇO** | Por João Martinho

# Festa do Espumante animou Melgaço durante três dias



A primeira edição da Festa do Espumante de Melgaço abriu com chave de ouro mais um evento ligado ao vinho no concelho de Melgaço, prometendo trazer em 2016 o charme alcançado nesta primeira realização. O conceito surpreendeu pela positiva expositores e visitantes, proporcionando uma imagem totalmente diferente a quem passou no Largo Hermenegildo Solheiro entre os dias 20 e 22 de Novembro.
Em prova estiveram duas dezenas de espumantes, mas houve espaço também para a apresentação e lançamento de novos produtos, como o sushi doce de Alvarinho, a trufa de Alvarinho e os macarons de espumante de Alvarinho. Ainda no que aos sabores diz respeito, nesta montra local marcaram presença o fumeiro e os queijos de Melgaço lado a lado com dois restaurantes conhecidos da praça melgacense, que apresentaram um cardápio repleto de referências aos produtos locais.
No dia da abertura oficial do evento, organizado pela Câmara Municipal de Melgaço, com produção da Essência do Vinho, o edil melgacense afirmou ser a “hora de avançar com um segundo evento ligado aos vinhos e aos produtos locais que servisse a promoção da sub-região e da economia do concelho de Melgaço”, um ponto festivo a referenciar em plena época baixa que já vem sendo preparado desde o primeiro trimestre de 2015.
“Estamos convictos de que os nossos espumantes merecem um evento exclusivo e nobre para que a sua qualidade seja divulgada ainda mais e para que se abram mais mercados”, sublinhou o autarca.
Manoel Batista aproveitou o momento para lançar as datas dos eventos ligados ao vinho nos quais o município participa em 2016, nomeadamente a habitual Festa do Alvarinho e do Fumeiro de Melgaço, que terá lugar de 22 a 24 de Abril; o Alvarinho Wine Fest (este em Lisboa) de 3 a 5 de Junho e a segunda edição da Festa do Espumante, que se manterá em Novembro e em data semelhante.
E porque se falava de Alvarinho e do seu valor para a economia local, o autarca não deixou de apelar ao reforço da imagem as sub-região enquanto produtor de referência.
“Vamos levar a cabo um plano estratégico e de comunicação para a sub-região, em parceria com o município de Monção, para afirmar o território da sub-região como terra do Alvarinho, afirmando Melgaço como território vínico de excelência. São enormes os interesses que se movem à volta dos vinhos e nós só venceremos se soubermos crescer com qualidade”, observava Manoel Batista.
Convidado a presidir a esta inauguração, o ex-presidente da Câmara de Melgaço e actual secretário-geral da Associação Nacional de Municípios Portugueses, Rui Solheiro, sublinhou o repto lançado pelo presidente do município, reforçando a necessidade de uma força combativa que não deixe cair “o processo de ataque aos interesses desta região e à qualidade do produto excepcional, como o é o vinho alvarinho de Monção e de Melgaço”.
“Sabemos a dificuldade do combate, a força enorme, principalmente em termos económicos, está do outro lado da barricada, mas a força da razão está do lado da gente da sub-região e em parceria com a Câmara Municipal vamos levar até ao fim esta luta”, indicou Rui Solheiro, considerando a proposta de alargamento da denominação de origem do vinho Alvarinho “um roubo autentico que está a ser feito à região, às pessoas e à economia local”.

## “Ultrapassamos as melhores expectativas para uma primeira edição”

No dia 22, domingo, o espaço encerraria mais cedo (às 18h), mas o recinto ainda contava com um considerável número de visitantes em provas, indiferentes a um outono que já ocmeçava a afigurar-se frio. Sob a enorme tenda climatizada, os tons negro e os candeeiros de luz intimista permitiam um convívio ameno que faria perdurar o último dia bem para lá da hora, não fossem as exigências da organização fazerem cumprir o horário.
Na última hora do evento, Manoel Batista referia a este jornal que esta edição de estreia tinha “todos os objectivos cumpridos”. “Conseguimos realizar um evento com uma estética diferente e que agradou às pessoas. Ao nível dos números, julgo que ultrapassamos as melhores expectativas que pudéssemos ter para uma primeira edição e estamos satisfeitos por isso”, referiu, assumindo que este evento promotor de um produto “de excelência” para todo o país, poderá alavancar o mercado dos espumantes locais e transformar esta tendência “um pilar importante” da economia ligada ao sector do vinho, a par dos já afamados monocasta Alvarinho.

## Guía gastronómica

# Restaurante CASA RIVERO, visita obrigada

Por: Guillermo Rodríguez

Dicia Santa Teresa que tamén entre perolas anda Dios. Nós dicimos que Mª de los Remedios Rivero Alvarez tamén fai milagres na cociña.
Seus avós cociñeiros, seu pai cociñeiro, que ía ser a neta? Pois cociñeira.
Non foi este o seu primeiro oficio; antes estivo detrás dun mostrador atendendo ao público.
O primeiro que fixo cando "a puxeron na rúa" porquedixeron que o negocio non ia ben, foi abrir unha cafeteria en Ponteareas que se chamaría BUL BULE , en memoria do que súa avoa lle dicia cando quería que fixera as cousas de presa.






Pero o que a Mº de los Remedios lle faicia tilín era meterse entre fogóns e mostrar a súa capacidade creativa. Así foi como chegou a Mondariz-Balneario e se puxo á fronte de Casa Rivero (antes era Rest. Casablanca).
Curiosamente está situado nunha rúa na que naqueles memorables tempos da Augas de Mondariz, existían tres hoteis , hoxe só son unha triste lembranza.
En Casa Rivero podemos probar e comer de todo, pero hai algunhas "ofertas" especiais: rape con ameixas e castañas, acompañado dunha salsa marinera. Pode parecer algo extraño, pero saido das mans de Remedios convértese en puro delicatens.
Tamén podemos probar os seus " menús do día" por 10 euros, de luns a venres e 15 euros os sábados e domingos.

Máis de 40 persoas así o certifican coa súa presencia diaria saboreando estes menús especiais.
Non podía faltar un "Menú degustación", tal como expoñemos nesta mesma páxina.
**Casa Rivero só pecha o 25 de Nadal e o 1º de Xaneiro.**

Na súa visita a preciosa Vila Balnearia de Mondariz, quien ben se ser distinguida a nivel mundial, non esquenzan sentarse á mesa de Casa Rivero. ¡¡Qué lles aproveite!!

**Menú degustación de productos galegos**

- *Zamburiñas e ameixas á prancha*
- *Pulpo á feira*
- *Rape con ameixas e castañas*
- *Entrecot de ternera á pedra*
- *Tarta de Santiago e requesón con mel*

*-botella de albariño do Salnés (suficiente para dúas persoas)*

**Total= 50 euros**














# Xantar de outono en Vide

**Por: Jesús Losada**

*Asociación de amigos de bar Vide celebraron o xantar de outono con empanada de chourizo e touciño, cordeiro asado con ensalada e viños brancos Treboada, do Ribeiro e Terras de Lendas, de Rías Baixas e o tinto mencía Orixes, da Ribeira Sacra. Na sobremesa, bica de Macendo (Castrelo de Miño), licores e augardente branca e de herbas. Os vintecinco integrantes da peña encargaron para decembro o xantar de inverno. Desde hai anos reunense cada trimestre nun encontro gastronómico no establecemento para degustar os pratos de tempada. Amparo, na cociña e Suso de camareiro atenden aos asociados que son clientes habituais do local no que tamén xogan partidas de naipes e dominó.*



■ *Agardando polo cordeiro asado.*



■ *O presidente do colectivo na cabeceira da mesa.*



■ *A próxima comida será o sábado día 12 de decembro.*













# Galicia // Norte de Portugal

# Casal de artistas "marginais"

## Alua Polen vivem entre a branda e a inverneira

*"O sistema politico atrofia tudo o que é o artista!" e "os pintores que aceitam trabalhar com galerias têm de fazer uma espécie de concordância, deixam de ter a liberdade criativa que o artista deve ter". A convicção é dos "marginais" Alua Polen, anagrama que junta o nome do casal de artistas constituído por Nelo e Paula, um portuense e uma vimaranense com mais de três décadas dedicadas às artes plásticas. Vivem em pleno Alto Minho, deambulando entre uma "branda", em Castro Laboreiro (Gerês), e uma "inverneira", em Paredes de Coura (Padornelo). Foi, aliás, nesta última que a reportagem do NOTÍCIAS DO EIXO ATLÂNTICO os foi encontrar. Uma "Inverneira" de 1º andar e rés do chão e, onde neste, em tempos idos, funcionou uma mercearia. Ali têm o seu ateliê que, ao mesmo tempo, é um lugar onde crianças e jovens da aldeia encontram espaço para dar largas à sua criatividade.*

**Por: Manuel Gonçalves**

"Acho que a casita no Gerês aconteceu quando conheci a Paulita. Tínhamos ambos a ideia e o sonho do Gerês. Era uma espécie de elo que nos interligava e, quando fomos de férias para lá, aconteceu a paixão por uma casinha que acertava com o nosso pecúlio", refere-nos Nelo, entusiasta e comunicativo, enquanto Paula o escuta atentamente. Confessam-nos, porém, nunca ter pensado "que a pintura nos desse esta emancipação e poder de compra".
Após viverem em V. N. Gaia (Madalena), Vizela e Gerês, surge Paredes de Coura. Uma opção relacionada com o seu filho, agora com 19 anos de idade. "Nós, como pintores, podíamos muito bem vir para aqui. Tem um epicentro, digamos, mais à nossa maneira de ser. Estamos perto de outros centros de artes e de muitos sítios que a nossa pintura precisa para circular".

**500 ANOS PARA O MAIOR TÚNEL DO MUNDO**

"Como pintores, já fizemos uma experiência em tudo quanto era o exercício criativo. Paisagem, arte simbólica, abstractos, experimentalismo", refere-nos aqueles que são os responsável pelo famoso Túnel da Confraria de Vizela.
Este demorou dois anos a ficar concluído. Compreendeu mais de 75 mil azulejos e 3 mil crianças e ficou concluíd, em 2007. É tido como o maior Túnel do mundo pintado por crianças. "Houve educadoras a pegarem nas crianças ao colo para chegarem aos azulejos. Foi a nossa capela Sistina, a nossa grande obra que durará, dizem os técnicos, perto de 500 anos."

**ATENTADOS CRIATIVOS E O FILHO**

Os motivos porque tinham sido para Vizela foram, todavia, diferentes daqueles que os levaram até ao Gerês. "O miúdo tem pautado as nossas decisões, mas não por imposição. Ele nasceu e a casita, em Gaia, era uma cabana demasiado pequena para três pessoas, mais gatos, cães e a pintura. Pintávamos a óleo. Este tTinha uns químicos muito poderosos e era um bebé que não tinha de levar com os nossos atentados criativos."
Aproveitamos, então, uma casa que nos alugaram em Vizela com uma garagem enorme. Nesta terra deu-se uma coisa muito engraçada que ainda hoje estamos a usufruir disso. Ainda hoje telefono para Vizela e recebo bons bocados de pano cru para continuar a pintar. Tenho de carpinteirar (preparar as telas) – ser carpinteiro é uma arte que desenvolvo desde criança -para podermos vender como vendemos. A preços acessíveis!" – explicam-nos.
A conversa decorre no ateliê e as pessoas, ao passarem na rua, saúdam os nossos interlocutores. Paula não se contém e garante, mesmo, que "aqui, as pessoas são fantásticas. Para Castro Laboreiro mudamos pela paisagem, aqui mantemo-nos ainda pela paisagem humana, aqui as pessoas são quase da família".



■ *Perfomance de Alua Polen com o Arte & Ofício.*

**TERTÚLIAS E PERFOMANCES**

Os Alua Polen são conhecidos pelas tertúlias que promovem, designadamente, com performances nas suas exposições. Inclusive com artistas de outras áreas, como a musical. Gnomon, Hot Air Balloon, Chico Gouveia e Sérgio Castro – este um conhecido músico do Porto, onde fundou e liderou bandas como os Arte & Ofício e os Trabalhadores do Comércio, e proprietário de um estúdio de gravação em Vigo – são participantes habituais.

**PINTAR DE NOITE**

"Normalmente, o Nelo pinta de noite, apesar de, ultimamente já ter mudado um bocadito. E, na verdade, eu pinto mais quando estou em Castro do que aqui" – refere-nos Paula.
"Concebo a ideia, chego a um ponto e, digo: olha, a minha parte já está! E o Nelo, depois, continua" – acrescenta. Curiosamente, garantem-nos, não consideram o meio onde vivem como preponderante para a sua inspiração. "Se calhar, se estivéssemos na cidade, pintávamos exactamente a mesma coisa. O que fazemos é um movimento experimentalista que nos dá aqueles resultados".
"Sempre a ouvir música, sobretudo. Rock progressivo, sinfónico, pop alternativo e, também, música clássica. Não pintamos em estados de raiva. Passamos para outro patamar".
Quanto ao modo como, actualmente, as suas obras chegam ao público, "há o facebook e, assim que a gente acaba uma pintura, já é da praxe coloca-la lá, ficarmos atentos aos 'likes' e, às vezes, sai logo". Já quando há alguma exposições, temos de seleccionar as 'melhores coisas' e "estamos ali um bocadinho vendidos à questão de vivermos da pintura". Preferem, que, nelas, predomine mais o convívio com amigos e outros artistas
Durante este mês de dezembro, têm exposições a decorrer, em Viana do Castelo, na Ordem dos Médicos , e no hotel da Casa Mezio (Gerês/Arcos de Valdevez). "Deve estar lá até janeiro. São jardins suspensos, quadros que a gente pintou sobre o Gerês e que se enquadram nesse contexto".
Os Alua Poen garantem que o seu público é, predominantemente, urbano e jovem (não fazem pintura clássica). É de todo o Portugal. Já na Galiza, fizeram uma exposição no Castelo de Sobroso (Galiza) e os visitantes "gostaram, adoraram, escreverem coisas fantásticas....".



■ *O casal de artistas Alua Polen*

### Sorria Lismos...

Quando a paixão se mistura com as tintas, em distintas combinações, mas numa alta concentração de amor à Arte e aos espaços, a cor transforma-se, sequestra a luz, que tenta escapar nas direcções mais dispares, sempre esbarrando no olhar de um observador. Tantos olhares quantas interpretações, pois a pintura de Alua Pólen convida-nos a entrar no seu universo, bem para lá da tela e a explorar cada um dos seus recantos para podermos nós narrar as estórias; ou a espreitar por cada uma das janelas que adornam edificios de um Porto sonhado pelos autores...
Um Porto que é muito seu, mas que, também, se parece à urbe onde nasci, Patrimônio Mundial da Humanidade, musa de, cada vez mais, gerações de artistas plásticos, fotógrafos, escritores e músicos. Porto de rio... e de mar. E de pontes. Pontes que, desde tempo imemoriais, unem margens, negam fronteiras e são testemunhas silenciosas do passo das águas que as enfeitam com o seu marullhar.
E se, dirigindo a mirada para o mar, nos detivermos em cada um dos mastros das naves que sulcam mares tormentosos em busca de um esperado e mais que merecido reconhecimento das novas que trazem desde as profundezas da alma do pintor, as metamorfoses de azul tingidas da branca espuma que parece que nos salpica e refresca, dissimulam a força e a violência das águas e convidam-nos à aventura. Porque a arte de Pólen é uma continuada aventura, que não dorme e viaja noite adentro.

Sérgio Castro (músico)

# Salceda contará cun novo aparcamento público e gratuíto con 100 novas prazas



■ *Miguel González visita as obras do novo aparcadoiro*

O Concello de Salceda de Caselas ven de comezar as obras de acondicionamento para abrir ó público unha nova área de aparcamento público na Rúa da Pedra que dará servizo á zona de Correos e o seu entorno.

O espazo, de 2.000 metros cadrados, supón a creación de 100 novas prazas de aparcamento gratuito en pleno casco urbano. O proxecto levouse a cabo grazas á colaboración dos propietarios dos terreos que, en diálogo constante coas Concellarías de Tráfico e Vías e Obras, ceden o uso dos mesmos para a creación de prazas de aparcamento públicas.

Con este son xa 11 os aparcamentos esparcidos por todo o núcleo urbán en zonas comerciais e administrativas. Estas áreas resultan fundamentais para a axilización do tráfico e para seguir a conseguir unha maior calidade de vida na vila.

Miguel González, Concelleiro de Vías e Obras: "seguimos a ampliar as zonas de aparcadoiro nun casco urbano castigado durante anos pola construcción descontrolada e as rúas estreitas. Damos un paso máis no noso obxectivo de conseguir unha vila sen atrancos nin restriccións".

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "a colaboración da veciñanza resulta fundamental para seguir a poñer estes espazos a disposición de salcedenses e visitantes. Seguimos a mellorar a calidade de vida en Salceda, sen esquecernos en ningún momento da potenciación do comercio que se consegue con accións deste tipo".

# A Fiscalía de Pontevedra arquiva a Denuncia por Prevaricación realizada polo PP de Salceda a Marcos Besada

## Santiago Rodríguez, en representación do Partido Popular de Salceda presentara a denuncia o 22 de maio de 2015, último día de campaña electoral das Eleccións Municipais, ante a súa inminente derrota nas urnas.

O Alcalde de Salceda, Marcos Besada (Movemento Salceda), acudiu a declarar en calidade de investigado por un presunto delito de prevaricación no mes de setembro diante do Fiscal Xefe de Pontevedra, Juan Carlos Aladro, que agora, tras a fase de investigación que el mesmo dirixiu, decide arquivar a causa alegando que "non podemos concluír a existencia dun delito doloso de prevaricación".

Afirman dende Movemento Salceda que "O PP, tras 3 derrotas consecutivas nas Eleccións Municipais (2.007, 2.011 e 2.015), vítima da frustración de non ter o apoio dos veciños e veciñas de Salceda, decide xudicializar a política en Salceda para intentar conseguir o que lle negan as urnas".

Así mesmo, consideran que "O noso Alcalde, Marcos Besada, foi obxecto de publicacións de prensa e dun intento de linchamento público, e pensamos que chegou o momento de restituír a súa imaxe e o seu crédito persoal e político. Salceda non se merece que o PP xogue coa dignidade das persoas nin coa figura do Alcalde que representa aos 8.890 veciños e veciñas e que foi refrendado democraticamente e de forma maioritaria nas Eleccions Municipais do 24 de Maio deste ano."

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Todas as miñas decisións como Alcalde son froito da boa fe, e do irrenunciable espírito de cumprir co meu deber, coa Lei e co principio de defensa do ben común dos veciños e veciñas de Salceda, e presididos pola honradez, a honestidade, e o sentido común."



# O Concello de Salceda abónalle aos seus empregados a metade da paga extra do 2012

O Equipo de Goberno de Salceda de Caselas (Movemento Salceda) ven de autorizar o reintegro do 50,27% do importe da paga extra de Nadal de 2012 aos empregados públicos que, por aplicación do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 de xullo, deixaran de percibir este ingreso. Agora, en base á Lei 36/2014 de 26 de decembro e ao RDL 10/2015 de 11 de setembro, que deixan liberdade aos Concellos para proceder á devolución dunha parte da Paga, Salceda de Caselas acóllese a esta posibilidade para proceder á devolución da parte permitida da Extra. Para iso, era condición indispensable contar co informe favorable de Intervención no cal se aconsellase que a situación económico-financieira do Concello fixese posible esta devolución, condición que se deu no caso de Salceda de Caselas, segundo concluíu no seu informe a Interventora Municipal. Con esta medida, 32 empregados/as van recuperar un total de 25.140,50 €.

O Equipo de Goberno de Salceda de Caselas, sempre se amosara en contra da medida da retirada da Paga Extra aprobada polo Goberno do Estado, polo que agora se acolle á opción de devolución da porcentaxe que permite a Lei, unha vez que se dan as circunstancias económicas precisas no Concello para poder levar a cabo esta devolución.

Jose Luis González, Concelleiro de Facenda e Persoal de Movemento Salceda: "seguimos a defender a nosa posición do 2012, cando nos amosábamos en contra da retirada, por Lei e por parte do Estado, dun dereito básico dos/as traballadores/as. Ante esta posibilidade legal, o Equipo de Goberno así o demostra, acolléndose á posibilidade de reintegro duns ingresos que nunca deberon ser retirados"

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: "Os/as Empregados/as Públicos/as pagaron unha crise da cal non eran culpables, con contínuos recurtes e perda de dereitos. Queremos pensar que esta non sexa unha medida electoralista e que realmente o Goberno restitúa os dereitos adquiridos dos/das traballadores/as".

# Javier Pereira expónna Casa de Cultura

Francisco Javier Pereira nado en Madrid hai 40 anos, pero salcedense desde hai 13, estudou Imaxen e Son e non ten formación en Belas Artes. A súa é unha obra autodidacta. Busca crear arte usando materiais que calquera de nós poida ter na súa casa, ou ben, pode conseguir na librería da esquina sen necesidade de ir a tendas especializadas, como por exemplo lápices, óleos ou acrílicos...

A súa obra está influenciada por grandes ilustradores do comic como Ken Kelly ou Michael Kaluta. Gústalle pintar personaxes mitolóxicos ou heroes de ciencia ficción; sendo un gran reclamo para nenos que asisten a súa exposición.

A Casa da Cultura de Salceda de Caselas será testigo este Nadal da exposición deste artista autodidacta. As súas obras serán expostas na sala de exposicións do devandito centro cultural e poderán ser visitadas de 8:30 a 20:30, con entrada gratuita..



# Salceda

## Salceda homenaxea o Doutor Zunzunegui



Jacinto Zunzunegui Romo, exerceu como médico en Salceda de Caselas desde 1901 a 1932. Residindo unha casa no centro da vila onde viviu coa súa esposa e naceron os seus catorce fillos, sendo por aqueles anos unha das persoas máis emblemáticas da localidade.

O Concello de Salceda de Caselas e a Irmandade Sanitaria Galega, organizaron diversos actos o pasado sábado 21 de novembro que consistíu nunha ofrenda floral no cemiterio de Sta María de Salceda e un acto homenaxe na que fora a súa casa. Este acto xuntou a grande número dos seus descendentes entre os que hai grande cantidade de médicos e científicos proseguindo a tradición iniciada polo seu predecesor.

O pasado 17 de novembro, e coma previa os actos de homenaxe, presentouse na Casa da Cultura de Salceda o libro de Xosé Paz Antón, "O doutro Zunzunegui". Paz Antón recoñeceu que foi un personaxe que se esforzou en facer moitas mmáis cousas das que lle poderian corresponder a un médico e que os esfermos podían esperar. Existen anécdotas que falan de que nas súas visitas aos enfermoas máis necesitados deixaba moedas debaixo da almofada; tamén que os enfermos cando sabían da súa visita exclamaban "parece que estou, mellor; xa ben aí don Jacinto.

## Pequecholandia e feira multisectorial Market Salceda do 26 de decembro o 6 xaneiro

A Asociación de Comerciantes e Industriais de Salceda (ACISA), xunto co Concello de Salceda de Caselas e a Asociación de Comerciantes Autónomos Outlet de Galicia (ACAOGA), organizan para este nadal o primeiro PEQUECHOLANDIA en Salceda de Caselas e primeira feira multisectorial de Nadal "MARKET SALCEDA". Estas atividades celebraranse o redor do pavillón municipal dos deportes de Salceda de Caselas durante as festas.




A Feira Multisectorial "MARKET SALCEDA", realizarase no pavillón dos deportes durante a fin de semana do 26 e 27 de de Decembro. Asistirán comerciantes tanto locais como foraneos para ofrecer un variado surtido nesas de datas. Os stands estrán colocados no interior do pavillón polideportivo onde tamén haberá actividades para os máis cativos, descontos e sorteos para os asistentes. Estarán representados todos os sectores agardandose unha enorme variedade de productos a vender e a expoñer, sendo gratuito o acceso a feira. O horario de acceso o recinto será de 11 a 21 horas ambos os dous días.

Xunto con o Market Salceda e durante todas as festas de Nadal, todos os nenos e maiores de Salceda poderan disfrutar de PEQUECHOLANDIA. Este evento consiste na instalación de atraccións co obxectivo de amenizar as vacacións tanto para os mais pequenos como para os maiores nas vindeiras festas. As atraccións e xogos instalaranse na area do pavillón polideportivo e do Parque Raiña Aragonta. O seu uso e disfrute terá un custe de dous euros por ficha, tendo os establecementos socios de ACISA, vales de desconto de un euro polo que uso de cada atracción sairá a metade de prezo para os clientes dos establecementos asociados.

ACISA informa, que papá Noel recorrerá as rúas de Salceda o nas datas previas o dia de Nadal. A intención de papá Noel e regalar caramelos a pequenos e maiores así como recoller as cartas coas súas encomendas para a Noiteboa.

## Tourón, convencida de que o goberno respectará o acordo democrático e porá en marcha o proceso participativo na elaboración do PXOM

### A Voceira socialista de Salceda, Verónica Tourón, afirma que o acordo plenario para impulsar un proceso de participación cidadá na elaboración do PXOM foi unha das propostas estrela do seu programa electoral.

Ante as acusacións de Marcos Besada da inoportunidade da moción, o PSdeG-PSOE afirma que o feito de que o propio secretario da corporación avalase no pleno a proposta, ratificada na lexislación vixente, remata con calquera especulación sobre da súa validez.

O PSOE ratifícase en que a proposta non busca paralizar nin retardar ningún proceso, senón permitir que o PXOM se abra á participación dos veciños e veciñas antes da súa aprobación inicial.

A portavoz socialista, Verónica Tourón afirma:"Descoñecemos a razón pola que o goberno local defende a proposta dunha empresa por encima da opinión dos veciños, pero convidamos a Marcos Besada e ao seu goberno a sumarse á defensa da información, a transparencia e participación democrática na elaboración de algo tan importante como o PXOM de Salceda. Non importa a autoría do mesmo, debemos deixar de lado egos e posicións electoralistas, porque se trata dun documento que influirá na vida dos veciños e veciñas de Salceda por moitos anos. E cando nos pregunten se como concelleiros e concelleiras fixemos todo o posible por que os veciños opinasen sobre o seu futuro, poderemos dicir que Sí, que xuntos, abrimos o PXOM aos veciños e rematamos cunha época onde o urbanismo se facía nunha oficina cunha empresa e un político.",

Dende o PARTIDO SOCIALISTA de Salceda, afirman que "erran aqueles que tratan de vender a idea de que tratamos frear ó goberno, pero ninguén pode sorprenderse de que defendamos o noso programa electoral. Convidamos a todos os que falan de "confluencia PP-PSOE" a que revisen as actas dos plenos para ver cantos acordos se tomaron apoiando os socialistas ó goberno e cantos non para comprobar a falsidade deste argumento."

Os socialistas anuncian tamén que Salceda de Caselas recibirá co "Plan Concellos 2016" da Deputación de Pontevedra, un 52% máis que no ano 2015.A Deputación socialista crea un novo modelo de reparto realizado baixo criterios obxectivos.Dende o partido socialista de Salceda queren facer fincapé en que un 22,50% do Plan pode ir destinado a contratación de persoas para realizar traballos municipais, polo que lle pedimos ó Sr. Alcalde e ó equipo de goberno que, se dedique este porcentaxe íntegro a contratación e en infraestructuras útiles coma a pediatría pois non corren tempos de facer obras de maquillaxe.






PONTEAREAS

# O Presidente da FGF informou en Ponteareas das novidades na Mutualidade

## Os clubs da comarca puideron trasladarlle as súas inquedanzas a Presidente e Vicepresidente da FGF



Ponteareas foi a terceira parada na xira de reunións que o Presidente da Federación Galega de Fútbol está a facer por toda Galicia para xuntarse con todos os clubs galegos de fútbol. Rafael Louzán desprazouse a Ponteareas para reunirse cos responsables dos clubs da comarca do Condado. Foron case todos os que se deron cita no Centro Artístico Sportivo de Ponteareas para falar de todo co Presidente.

Nestas reunións está sendo a Mutualidade o tema principal, quedando claro que o asunto que máis preocupa agora mesmo aos clubs e aos xogadores. Louzán e a Secretaria Xeral da Mutualidade, Carmen María Ferro, explicaron os cambios producidos co paso a unha XESTIÓN DIRECTA da Mutua. Algúns dos asistentes relataron casos concretos que lles están pasando a eles e que serven para mellorar o servicio que se presta.

A recente crisis arbitral que en nada afectou aos clubs, as problemáticas en canto a instalacións que teñen algúns equipos da zona, as tarifas arbitrais, os avences en canto a licencias de xogadores estranxeiros, as cuotas e licencias dos adestradores, principalmente os monitores de fútbol base, a posta en marcha do campo federativo de Coia (Vigo) ou o proxecto de nova sede para toda a Delegación viguesa son outros dos asuntos tratados nunha reunión moi positiva.

Louzán estivo acompañado polo Vicepresidente 1º, Gustavo Falqué; polo Delegado en Vigo da FGF, Enrique González: polo Secretario Xeral da Federación, Diego Batalla; pola Secretaria Xeral da Mutualidade, Carmen María Ferro; e polo asesor económico e financieiro da Federación, Manuel Soage.

A FGF agradece a magnífica colaboración prestada polo Centro Artístico Sportivo na organización desta reunión.











# Condado / Paradanta

ARBO

Por Agapito Valado

## Alta tensión Fontefria (Galicia)-Vila Fria (Portugal); estado da cuestión

Dende que os veciños das parroquias de Sela e Barcela no concello de Arbo–as mais afectados pola construcción da liña de Moi Alta Tensión Fontefría-Vila Fria (Portugal)- tiveron noticias, na primaveira de 2012 da intención de Red Eléctrica Española e Electricidade de Portugal, de interconectar os dous paises a través dun corredor electrico de doble potencia de 400Kw, que iría pasar entre os barrios de Valiñas (Sela) e O Poste (Barcela), non cesaron as súas preocupacións.
Xa pasaron mais de tres anos dende que se tivo coñecemento, e despois de varios actos de protesta e reunións coa empresa eléctrica e con políticos, por parte de veciños afectados das dúas beiras do rio Miño, ainda non hai unha solución definitiva e clara o problema; si ben, parece que existe a posibilidade de que nuns meses se estudie a modificación do proxecto.
Unha comisión de afectados ten solicitado do concello de Arbo, a celebración dun pleno no que se someta a aprobación a modificación do plan urbanístico nos lugares habitados por onde pasaría esta liña de alta tensión e tratar con esta medida de presionar para alonxar o trazado, que en ningún caso pode pasar por núcleos habitados. Por outra banda, tratan de que cataloguen unha serie de muiños da parroquia de Sela como bens de interés cultural, e así contribuir con este feito, xunto coa proximidade dunha mina aurífera de época romana na parroquia de Barcela a alonxar os cables do maldizoado tendido.



No que refire os demais municipios galegos por onde discurre este trazado, pasa afastado dos núcleos urbanos e creen que non afecta a vida das persoas nin dos bens agrarios. Ainda que en algúns concellos ten habido pequenas protestas, estas non son tan acusadas como as dos veciños lindeiros do rio Miño, que chegaron nunha manifestación conxunta a percorrer as rúas de Santiago de Compostela a principios de 2013 protestando coa escenidicación dun enterro, con cadaleito incluido, ante a sede da Xunta de Galicia.
Polo que afecta ó lado portugués a cuestión avanzou de xeito diferente; os concellos ameazados foron presentando propostas e recursos ante as distintas administracións e conseguiron parar o proxecto de Vila Fria a fronteira portuguesa. Un novo estudo de impacto ambiental estará redactado en breve e debido o paso da liña de alta tensión por terras do Parque Natural Peneda-Xeres e por o aparecer lugares de especial protección ecolóxica e ambiental con habitats de cria do lobo ibérico, fará posible que as autoridades tomen cartas no asunto. Dende Portugal traballase cunha boa coordinación entre todas as administracións: Xuntas de Freguesias, Cámaras Municipais ata o mesmo ministro do ambiente. Usan menos as movilizacións na rúa e traballan nos despachos, solicitando reunións cós políticos dos diferentes partidos para presentar recursos e adhesións a causa. Algo que ver con este feito ten a estructura política portuguesa que permite que as entidades parroquiais teñen voz, voto e legalidade administrativa para forzar xuntanzas e reunións, cousa que no lado galego non pasa. Os portugueses afectados, esperan que agora co cambio de goberno se consiga a anulación definitiva do proxecto incluso antes de que se presente o novo estudo de impacto ambiental.
Ainda así, despois de mais de tres anos de loita, os veciños dunha e outra ribeira do Miño están convencidos de que non deben baixar a garda e tratar de salvar os atrancos administrativos, forzando as autoridades políticas a comprometerse, sin medias tintas, con esta xusta reivindicación.

## A.C. Barca de Loimil Contra a violencia de xénero

Este domingo 29 de novembro as 17:30 da tarde, AC.Barca de Loimil e a Comunidade de montes Santa María de Arbo, unimos as nosas voces mostrando o noso total rexeitamento contra a violencia de xénero.
Intervirá Rosa Faraldo do grupo de estudos AVALIA, técnica en violencia e psicóloga do Centro de Información a Muller de Baiona, seguido da lectura de un manifesto, un minuto de silencio polas vítimas, e para rematar, unha xuntanza de gaiteir@s onde as súas gaitas tocarán contra esta lacra social. Este grupo de gaiteir@s estrá dirixido por Oscar Álvarez e Xose Manuel Gil, magnífico artesán de gaitas, e dous grades gaiteiros e amigos.




## Folclore, tradición e gastronomía no IV Serán de Sela



O pasado sábado, 28 de novembro, desde as 5 da tarde, os veciños de Sela (Arbo), celebraron o seu IV SERÁN. Nesta ocasión, a carpa, instalada na Praza da parroquia, serviu para acoller a preto de cincocentas persoas que durante as 8 horas do evento disfrutaron das distintas actividades que se levaron a cabo. Primeiramente os cativos tiveron ocasión de demostrar as súas habilidades nos diferentes xogos populares. Mais tarde deu comezo a foliada que se extendeu ata as 3 da madrugada. Os diferentes grupos folclóricos foron interprentando variadas pezas do seu repertorio. No transcurso da velada levá-ronse a cabo sorteos de agasallos donados por establecimentos comerciais da zona así como o fallo dos certamens de espantallos e roupa de época.

PONTEAREAS

# Éxito de asistencia na oitava edición da Feira de Outono

A Feira de Outono, que non se celebraba en Ponteareas dende o ano 2009, celebrou a súa oitava edición contando cun éxito de asistencia de público e coa presenza de numerosos postos gastronómicos, algúns deles de bastante prestixio, que ofreceron produtos tradicionais e ecolóxicos en forma de mel, galletas, millo, chocolate, queixo, viño, pan, rosquillas, requeixo, mirabeis, horta, cervexa, licores, polbeira e pizzeiro.

Unhas das grandes atraccións deste ano foi a exposición micolóxica, que contou coa mostra de 90variedades de cogomelos diferentes. Varios membros do goberno local, entre eles o alcalde, Xosé Represas, e a primeira tenente de alcalde, Chus Garrote, estiveron presentes nun evento que tamén ofreceu aos asistentes a posibilidade de gozar con actuacións musicais, unha ruta gastronómica por diferentes locais da vila ou un magosto, entre outras actividades.



SALVATERRA

# Rematou o Curso de Repostería Galega, cinco sesións de 4 horas de duración



Este curso contou cunha parte teórica onde se deu unha explicación dos produtos máis empregados na repostería galega, como a fariña, ovos, azucre, augardente e outros.
Na parte práctica realizaronse diversos postres, tanto quentes como fríos, como filloas, bizcochos, tarta de Santiago, compota de froita de tempada, orellas de Entroido, natillas, cañas recheas, arroz con leite, buñuelos, pastas de té, galletas de sabores, larpeira, doce de leite .....

# Os profesionais liberais propoñen medidas para o Plan de Modernización do Concello

## O Concello habilita o correo plandemodernizacion@ponteareas.gal para recibir información e propostas para a redacción do Plan

Os profesionais liberais reunidos este xoves co Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, coincidiron co goberno local ao sinalar que o funcionamento da administración local resulta "en moitos aspectos caótico, desorganizado e descoordinado e, polo tanto, manifestamente mellorable".
O medio cento de asistentes, entre eles avogados, enxeñeiros, aparelladores, representantes de asesorías e inmobiliarias ou proveedores do concello, foron debullando con numerosos exemplos os problemas cotiáns cos que se atopan nas súas relacións profesionais coa administración municipal. Entre eles citaron o extravío de documentos de expedientes, a inexistencia de claves de identificación dos mesmos, o retraso na súa resolución ou a imposibilidade de realizar xestións telematicamente. Os profesionais propuxeron medidas para mellorar o funcionamento do Concello como ampliar o horario do rexistro xeral até as 14 horas, poñer en marcha a administración electrónica para realizar xestións e pagos telematicamente, reforzar a área de asesoría xurídica e oficina técnica con máis persoal e máis espazo físico, mellorar servizo de contratación de servizos e subministros simplificando a burocracia coas empresas proveedoras, dotarse de bases de datos dos expedientes municipais e proceder a súa dixitalización ou establecer métodos de avaliación do grado de satisfacción dos administrados co funcionamento dos servizos e a atención que reciben.
Na reunión, á que tamén asistiron Chus Garrote, primeira tenente de alcalde, e Cristina Fernández, concelleira de participación cidadá e réxime interior, Represas agradeceu aos profesionais toda a información facilitada sobre disfuncións no funcionamento do concello "porque nos permitirán facer un diagnóstico real da situación e acertar nas medidas e solucións a implementar co Plan de Modernización da Administración Local de Ponteareas".
Represas informou da apertura dunha canle de comunicación cos profesionais e resto dos cidadáns para recoller información sobre deficiencias no funcionamento da administración local e propostas de mellora. A través do correo electrónico plandemodernizacion@ponteareas.gal todos os profesionais e cidadáns en xeral poderán facer chegar as súas informacións e opinións antes da redacción e aprobación do Plan.

# EU vota en contra da proposta do banco de tempo de a Riada do Tea

No pasado Pleno EU-son votou en contra da moción para a creación dun Banco de Tempo presentada pola Riada do Tea e apoiada polas demais forzas políticas da Corporación Municipal. Os motivos Do voto en contra non foron por cuestión de estar en contra da creación dun Banco de Tempo, senón porque a moción presentada por ARDT, presentaba erros que chegaban mesmo a cambiar o sentido do que debe ser un Banco de Tempo.
Polo xeral, un Banco de Tempo está orientado a intercambios de coñecementos ou á axuda mutua nas labores cotiás. Máis a moción presentada pola Riada do Tea, non especifica de que tipo de intercambios se está a falar. O que é máis, ao introducir na moción como medida de intercambio o
traballo por hora e a utilización de equipos, ingredientes, etc.., deixa a porta aberta a que este sexa utilizado para realizar todo tipo de traballos que, aparte de ser dificilmente intercambiables entre si, poderían supoñer unha forma de traballo mergullado que incidiría negativamente sobre as e os traballadores por conta propia que se adican a realizar distintas tarefas.
Por outra banda, os erros na moción presentada, chegan a tal punto que nin sequera se deixa claro quen aporta ditos ingredientes, equipos etc..., cousa que a pesares de serlle preguntada ao concelleiro de ARDT, este non aclarou.

# Condado / Paradanta

PONTEAREAS

## Pilar de Lara investiga ao concello de Ponteareas no marco da Operación Pokemon

### O alcalde Xosé Represas agarda "que se depuren as responsabilidades dos anteriores gobernos"




JUZGADO DE INSTRUCCIÓN NÚMERO 1 DE LUGO
DILIGENCIAS PREVIAS NÚMERO 317/2014

OFICIO

[illegible]

Dous axentes de vixiancia aduaneira, seguindo as instruccións da maxistrada Pilar de Lara, visitaron as dependencias municipais do Concello de Ponteareas requerindo numerosa documentación relativa aos contratos coa empresa Aquagest desde 1989 até 2014. A investigación enmárcase na coñecida como Operación Pokemon, que no caso de Ponteareas, engádese agora á Operación Patos na cal a Policía Xudicial se incautou tamén no seu día de numerosa documentación.

Os axentes levaron varias caixas de documentación relacionadas con expedientes, facturas e contratos que os anteriores gobernos municipais asinaron coa empresa concesionaria do servizo municipal de depuración de augas residuais e da estación de tratamento de auga potable.

## Ponteareas dixitaliza case 200.000 documentos do seu arquivo histórico

O concello de Ponteareas procedeu nos últimos meses á dixitalización de 190.000 documentos do seu arquivo histórico. O traballo de dixitalización realizouse coa colaboración da Deputación de Pontevedra a través do proxecto "DepoTIC" para a dixitalización de fontes documentais, audiovisuais, gráficas e cartográficas.

As imaxes dixitalizadas representan só unha parte do voluminoso arquivo histórico municipal, composto de centos de miles de documentos que van desde 1836 até 1994, entre eles libros e actas da corporación, da xunta de goberno, resolucións da alcaldía, libros rexistro de documentación, libros de contribución rústica, libros de licenza de obras así como as series de patrimonio ou sanidade entre outras.

## Debate sobre violencia machista no CEIP Fermín Bouza Brey

O alumnado de 5º e 6º de Primaria participaron, os días 25 e 26 de novembro, nun debate sobre violencia machista organizado pola ANPA Tea en colaboración co Centro.

Co gallo do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, dende a Asociación de Nais e Pais, consideraron moi importante que as rapazas e rapaces teñan dende xa moi clara a importancia deste tema e coñezan conceptos que lles axuden a detectar comportamentos machistas que poden darse incluso nos centros de estudo.

Para isto contaron coa colaboración de dous estudantes formados no tema, Ángela e Pablo, que guiaron e moderaron ás nenas e nenos para que pensaran e chegaran por sí mesmas a unhas conclusións axeitadas dacordo coa súa idade.









## Condado / Paradanta

MONDARIZ

# O Concello de Mondariz premiará á veciñanza que conserve e rehabilite a arquitectura tradicional

### Convoca un premio anual apadriñado polo prestixioso arquitecto César Portela.

O Concello de Mondariz, vén de convocar a primeira edición do "Premio Mondariz" á Conservación e Rehabilitación da Arquitectura Tradicional. O obxectivo é impulsar as actuacións de coidado e protección do valioso patrimonio etnográfico e arquitectónico do noso municipio. As persoas interesadas teñen ata o 31 de decembro para presentar as súas propostas. O fallo do xurado farase público o día 15 de xaneiro de 2016.

En toda Galicia Mondariz é sinónimo de auga, pero tamén de saúde, tranquilidade e calidade arquitectónica e paisaxística. O patrimonio arquitectónico e etnográfico de Mondariz, xa for tradicional ou de autor/a, necesita ser adecuadamente conservado como legado común. Está constituído por un conxunto de edificacións representativas da nosa identidade cultural, formada por unha trama vilega que data do s. XIX, así como por 97 núcleos rurais tradicionais.

"O Concello de Mondariz pretende realizar programas de protección e enriquecemento deste patrimonio apoiando a execución de traballos de conservación, rehabilitación e restauración, dirixidos a revitalizar os bens que o integran, así como o contorno no que se insiren", manifestou o alcalde, Xoán Carlos Montes Bugarín, en compaña do prestixioso arquitecto César Portela, catedrático de arquitectura da Universidade da Coruña e Premio Nacional de Arquitectura.



César Portela manifestou que "Mondariz quere contribuír á protección, realce e valorización do patrimonio arquitectónico e etnográfico situado dentro do seu termo municipal, e esta é unha idea que deberían imitar todas as administracións". O premio valorará os proxectos e actuacións en edificacións e/ou conxuntos arquitectónicos públicos e privados. As obras premiadas recibirán un diploma orixinal, deseñado pola artista Irene Silva, así como distintas axudas económicas para incentivar aos propietarios, construtores e profesionais da arquitectura que demostren ser sensibles á conservación e rehabilitación da arquitectura tradicional. Ademais os traballos serán expostos na praza da vila durante o verán, a fin de divulgar a cultura da conservación e recuperación do patrimonio cultural.

**Agradecemento**

O Concello de Mondariz quere agradecer publicamente a colaboración xenerosa dos profesionais liberais do eido da arquitectura radicados no concello, que achegaron suxestións e ideas para mellorar as bases da convocatoria do premio.

# Constituiuse, en Mondariz, a "Asociación de Voluntarios de Protección Civil Oitavén-Tea"

### Cubriría unha poboación de 12.690 habitantes e 406´36 Kms

Celebrouse no Concello de Mondariz a segunda reunión co fin de crear unha agrupación intermunicipal de Protección Civil común aos concellos da Lama, Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz Balneario e Mondariz. Á reunión asistiron:

- Alcalde de A Lama : Jorge Canda
- Tenente Alcalde de Covelo : Marisol González
- Alcalde de Fornelos de Montes : Emiliano Lage
- Alcalde de Mondariz Balneario: José Antonio Lorenzo
- Alcalde de Mondariz e Tenente Alcalde: Xoán Carlos Montes e Mónica Peralba
- Membro de protección civil : Marcos Fontaíña

Nun clima de bo entendemento e alta disposición dos representantes municipais, adoptáronse os seguintes acordos:

- Nomear esta agrupación intermunicipal como "Asociación de Voluntarios de Protección Civil Oitavén-Tea".
- A creación dun Regulamento para dita asociación contando tamén cos técnicos de secretaría e intervención dos cinco concellos.
- Facer unha achega económica para sufragar os gastos de funcionamento anual en función do número de habitantes de cada concello.

Un dos obxectivos fundamentais da agrupación será a protección das persoas e bens, en situacións de risco colectivo. E para logralo, Protección Civil leva a cabo tarefas de previsión, prevención, planificación, intervención e rehabilitación, en colaboración coas diferentes administracións. No caso de Mondariz as necesidades principais son a colaboración na seguridade vial durante a feira dominical e no transcurso de eventos deportivos e festivos que se desenvolven na rúa e nas prazas.











# Condado / Paradanta

SALVATERRA




## Inicio da campaña de nadal para a recollida de alimentos

Un ano máis, o Concello de Salvaterra de Miño inicia a recollida de alimentos non perecedoiros e de produtos de limpeza e aseo, con motivo da campaña de Nadal. Esta campaña está dirixida especialmente aos Centros Escolares da Vila e aos establecementos colaboradores (supermercados do termo municipal).

Ao longo do ano, o Concello atende a máis de 200 persoas, entre as que se encontran un número elevado de menores, aos cales se presta unha especial atención.

Dende a súa creación, no ano 2009, o programa de Alimentos Municipal leva repartido máis de 82.000 kilos de comida, coa entrega mensual de alimentos de primeira necesidade, a todas aquelas familias que están pasando por unha situación complicada.

Todos os meses o Departamento de Servicios Sociais atende as necesidades básicas destas familias, a través dos alimentos doados ( tanto individualmente como a través das diversas campañas de recollida que realiza o Concello), enviados por Cruz Vermella e os comprados polo propio Concello, co fin de conseguir unha dieta o máis equilibrada posible.

## Fabrica e utiliza o teu compost

O Concello de Salvaterra de Miño e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, SOGAMA, presentan o programa “Fabrica e utiliza o teu compost”.

O Concello de Salvaterra ven de adherirse ao programa “Fabrica e utiliza o teu compost” co que está traballando a Sociedade Galega do medio Ambiente, e no cal participan xa máis de 100 Concellos Galegos.

Este programa vai dirixido ás familias que teñen unha vivenda unifamiliar con horta ou xardín, co fin de xestionar os seus propios residuos. O compostaxe doméstico non é máis que o reciclaxe da materia orgánica en orixe, converténdoa nun abono natural con excelentes propiedades para o chan e que o propio produtor pode utilizar na súa horta, xardín e terras de cultivo, en substitución dos fertilizantes artificiais.

O 50% da composición media do lixo está formada por restos orgánicos, con esta técnica, ademais de obter o compost estamos contribuíndo a reducir a produción de lixo.

Agora mesmo buscamos 25 voluntarios para formar parte deste proxecto, a inscrición realizarase no Concello, ata o día 12 de decembro






SALVATERRA

# Salvaterra recibirá máis fondos da Deputación provincial

## Co novo reparto de fondos do PLAN CONCELLOS 2016 que planea o ente provincial, Salvaterra recibirá 200.000€ mais que o ano pasado

Co novo goberno da Deputación Provincial comandado pola socialista Carmela Silva os fondos municipais pasan a repartirse cuns criterios obxectivos, equitativos e de maneira máis xusta entre todos ós concellos da provincia de Pontevedra.

Así con este novo sistema de financiamento de municipios, onde se tiñan en conta criterios como a poboación ou o territorio, engádese un novo criterio relativo ao número de núcleos de poboación habitados. Tendo en conta estes novos criterios, Salvaterra ingresará un 46% máis respecto do ano anterior pasando de 430.000 euros a algo máis de 630.000.



A portavoz do grupo municipal socialista, Rocío Bernárdez, sinala que "así se demostra que hai outro xeito de facer política dende as institucións, que certo tipo de prácticas quedan desterradas e que todos os concellos, independentemente da súa cor política, reciben un trato xusto". A portavoz socialista en Salvaterra sinala tamén que "os temores manifestados polo alcalde Arturo Grandal, en relación ao reparto de fondos por parte do novo goberno da Deputación Provincial queden extinguidos"

O grupo municipal socialista tamén espera que o goberno municipal tome nota do cambio de actitude por parte do goberno provincial respecto a concesión de subvencións a diferentes asociacións culturais , deportivas... que suprime as nominativas por ser contrarias á lexislación vixente, pasando a dalas por pública concorrencia tal e como se leva solicitado un ano tras outro para as subvencions que se conceden desde o Concello.

# Inicio curso de especialización en elaboración de pinchos e tapas

## Cursos formativos Concello de Salvaterra Cámara de Comercio de Vigo

O próximo luns 16 de novembro comeza na Cociña do Parque Público A Canuda, en horario de mañá, o Curso de especialización en elaboración de pinchos e tapas, no que se pretende ampliar os coñecementos de cociña dos asistentes, facendo fincapé na elaboración de pinchos e tapas.

As 16 persoas que participan neste curso elaborarán tanto tapas e pinchos de cociña moderna como tradicional, quentes e frías. Cinco sesións de tres horas de duración, onde a imaxinación culinaria compartirá presencia coa tradición da nosa cociña.



# Condado / Paradanta

AS NEVES

## Os viños da adega das Neves Señorío de Rubiós contan xa co selo de garantía de Galicia Calidade

### A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, fixo hoxe entrega do distintivo que certifica xa viños das cinco denominacións de orixe.

### Na actualidade 12 adegas galegas contan cos seus viños amparados pola marca de garantía




A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, acompañada polo delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís e polo xerente de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro, fixeron hoxe entrega nas Neves do certificado de uso da marca de garantía Galicia Calidade, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, á empresa pontevedresa Señorío de Rubiós.

Con este recoñecemento, os viños desta compañía, certificados polas denominación de orixe Rías Baixas, poderán incluír na súa etiquetaxe este distintivo de calidade da Xunta. Coa incorporación desta nova compañía Galicia Calidade conta na actualidade con viños das cinco denominacións de orixe, cun total de doce adegas: Rías Baixas, con Adega dos Eidos, Adegas Tollodouro, Adegas Valdés, Vilarvín, e agora Señorío de Rubiós; Monterrei con Quinta do Buble e Gargalo; Ribeiro con Bodegas Narioa; Valdeorras con Bodegas Ruchel e A Coroa; e Ribeira Sacra con Regina Viarum e Vía Romana. O certificado de uso, con validez para os vindeiros tres anos, permitirá aos viños de Señorío de Rubiós incluír o distintivo nas etiquetaxes así como nas diferentes accións de promoción que estimen oportuno.

### Aposta pola calidade

Señorío de Rubiós é unha adega da subzona do Condado do Tea que aposta desde a súa creación polos viños brancos e tintos da zona. A súa filosofía baséase en recuperar e manter a esencia dos viños de sempre, os que elaboraron os viticultores ao longo dos anos e que mellor expresan as características destas viñas.

Desde a súa constitución no ano 2003, a adega traballou para recuperar e potenciar os viños tradicionais da localidade, como o condado branco (coas variedades treixadura, albariño, loureiro, godello e torrontés), o sousón ou o pedral, que se elabora só nesta adega. Unha aposta que lle permitiu gañar numerosos premios en diferentes concurso nacionais e internacionais

Señorío de Rubiós conta neste 2015 cunha produción que supera o medio millón de litros, entre os seus viños tintos, brancos e espumosos. Na actualidade a adega traballa na súa internacionalización, cunhas vendas que superan o 20% do total en países como Estados Unidos, Reino Unido, Suíza, Bélxica, México, Polonia, Australia ou Xapón.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten en marcha a Estratexia de Reforzo de Galicia Calidade, unha marca recoñecida e valorada polos consumidores que conta con máis de 300 produtos certificados, de 52 empresas diferentes, cunha forte presenza do sector alimentario.










# Viños marca(dos) con Premios

Viños con Premios de Calidade

VALTEA

Son premios sólidos a exquisitos líquidos

galicia calidade

XUNTA DE GALICIA

galicia




# Louriña

PORRIÑO

## O Porriño recibirá 1.014.000 euros da Deputación en 2016, en total 256.079 euros máis que este ano



O Porriño recibirá o ano que ven da Deputación de Pontevedra un total de 1.014.003 € fronte os 757.924 €, dos que dispuxo este ano, un incremento de 256.079 €- o que supón un 33,7% máis-. Así o anunciou este martes no propio Concello a presidenta do organismo provincial.
Carmela Silva mantivo unha xuntanza coa alcaldesa, Eva García de la Torre, e o equipo de Goberno no que indicou que "agora será O Porriño quen decida, con este novo fondo, que inversións e proxectos porá en marcha o longo do próximo ano" porque, subliñou, quen mellor coñece as necesidades dos veciños é o seu goberno local, non a Deputación.
O 'Plan de Concellos 2016' da Deputación establece como requisitos que, un 22,5% desta cantidade, ten que ir orzamentada para proxectos de Fomento do Emprego e para a Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos, en total 228.100 €- e un 3,75% para Actividades Muncipais, 38.000 €, "podendo decidir, en calquera caso, o Goberno Local as iniciativas que aproba e nas que quere investir".
Eva García de la Torre salientou que hai un "aire novo na forna de xestión dos fondos públicos da Deputación" e agradeceu a Carmela Silva que os mesmos sexan, "de verdade, para atender ás necesidades dos veciños e garantir o funcionamento dos servizos municipais". A alcaldesa gabou o empeño da presidenta de "obxetivar a forma de repartir os fondos públicos, lonxe da arbitrariedade" dos anteriores responsables provinciais, e agradeceu o "seu compromiso con Porriño".
Pola súa banda, Carmela Silva asegurou que durante "unha mañá intensa de traballo" tivo a ocasión de atopar un gran equipo de goberno "adicado a mellorar a vida dos veciños, cun proxecto craro do que quere facer nos vindeiros catro anos" sinalando que "é o exemplo de como forzas políticas con ideas distintas poden gobernar en conxunto cando teñen como obxectivo mellorar a vida dos cidadáns".
A presidenta engadiu que, á marxe dos fondos previstos para no 'Plan de Concellos 2016', a Deputación atendería a petición da alcaldesa de actuar nas estradas EP2401(en Mosende), EP 2402 (Torneiros) e EP 2405 (Cerquido-Budiño), que "precisan arranxos urxentes por anos de abandono" e que estarán abranguidas no 'Plan Provincial de Infraestructuras'.
Eva García de la Torre solicitou á presidenta a posibilidade de aprazar ou fracionar o pago de impostos municipais-xestionados pola Deputación por medio do ORAL-a veciños en situación de necesidade e desemprego e, tamén por medio do mesmo organismo, mediar no conflicto que teñen 44 vivendas de O Porriño que pasaron a pagar a 'contribución' en Mos.

## A Alcaldesa do Porriño desminte algunha das declaración feitas polo Director Xeral de Administración Local da Xunta

A alcaldesa de Porriño desmentiu este xoves algunha das declaracións feitas, no seu nome, polo director xeral de Administración Local da Xunta, Alberto Pazos, co que mantivo unha xuntanza este mércores para tratar sobre a Área Metropolitana de Vigo.
Eva García de la Torre respaldou, como xa indicara na reunión de alcaldes do mes pasado, no tocante á gobernanza da Área, que debe estar suxeita a un voto ponderado unha fórmula que "garante a representatividade de todos os concellos e que coincide completamente coa proposta feita polo alcalde de Vigo".
Á finalización da reunión, Alberto Pazos asegurou que a alcaldesa amosou o seu interese pola implantación dun transporte metropolitano integral, coa incorporación de Vigo, para así poder optimizalo e beneficiar aos cidadáns dos 14 concellos involucrados.
Eva García de la Torre limitouse a asegurar ao director xeral que "non tería sentido un Área Metropolitana que non contemple o transporte metropolitano", sen máis. "non teño por costume meterme nos asuntos doutros concellos e, ademáis, estou moi lonxe de decirlle a unha cidade cómo ten que que organizar o seu propio transporte urbán".



## A OMIX organiza o Obradoiro Sexprésate

### En colaboración co Centro Quérote e IES Pino Manso

A Oficina Municipal de Información Xuvenil, OMIX, do Concello do Porriño oferta un ano mais, a través dos centros Quérote+ da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, unha serie de obradoiros que permitirán á mocidade do noso Concello formarse en aspectos vinculados co seu desenvolvemento persoal, coas súas inquedanzas e intereses, coa ampliación de certas destrezas e habilidades, para, en resumo, coñecer, aceptarse e relacionarse de forma satisfactoria.
No primeiro deles a Omix do Concello do Porriño, en colaboración co Centro Quérote e IES Pino Manso da nosa localidade, organiza o vindeiro xoves 12 de novembro do 2015 un obradorio para mozos/as co título "Sexprésate", onde traballarase o campo da sexualidade.
Dito obradoiro realizárase desde ás 8:45 ata ás 14:30 e esta dirixido para os tres grupos de 3º da ESO donde participaran un total de 97 alumnos.

**DESCRIPCIÓN DO OBRADOIRO:**

Nome: Sexprésate
Período de execución: 12 DE NOVEMBRO DO 2015
Persoas destinatarias: Alumnado de 3º curso da ESO

**Descrición:**

A vivencia sexual comeza coa vivencia vital e non se detén ata o momento da morte, de aquí a necesidade da información e da educación sexual. É precisa unha información plural, sen exclusións, de forma que sirva de ferramenta na aprendizaxe da andaina sexual, no coñecerse, no aceptarse e no satisfacerse. Así na realidade sexual humana entran en xogo o que un é, o que un vive e a aquilo que
fai producir encontros, créase todo un entramado no que entran a educación en relación sexuais de xeito amplo, ademais de todo o que deriva da condición sexuada de homes e mulleres.

**Obxectivos:**

- Situar ao grupo no momento que están a vivir en cuanto ao seu proceso sexual
- Dar a coñecer os espazo Quérote + como referentes no asesoramento sexual
- Lexitimar as vivencias adolescentes como propias do proceso vital
- Promover ferramentas que posibiliten a toma de decisións razoadas

PORRIÑO

# Eva García de la Torre comprometeuse a que o concello acometerá urxentemente as reparacións necesarias no Colexio Público Cruz Budiño



A alcaldesa do Porriño comprometeuse, este martes, durante unha visita ao Colexio de Educación Infantil e Primaria Cruz-Budiño, a que o Concello acometería a reforma urxente das principais deficiencias do mesmo.
As máis importantes, como pudo comprobar Eva García de la Torre no percorrido que fixo acompañada pola concelleira de Educación, Soledad Girón, o director do centro, José Luis Freire, a xefa de estudos e a presidenta da Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), son a necesidade de un peche que garanta a seguridade e integridade das rapazas e rapaces; a eliminación das filtracións de auga no pavillón do centro, que xa resultou asolagado en varias ocasións, e o aillamento das aulas de Infantil.
A alcaldesa constatou que, como lle expuxo o director, a Deputación de Pontevedra comprometerá no anterior mandato municipal un orzamento de 25.000 € para o peche do recinto escolar, unha cantidade que, finalmente, non chegou ao Concello porque dende o goberno local non se realizou o proxecto para o mesmo.
Eva García de la Torre, nunha xuntanza que mantivo cos veciños de Budiño hai duas semanas, prometeu que visitaría o colexio, no que na actualidade estudan 114 nenas e nenos, e que "se é por 25.000, mesmo por 35.000 €, o Concello non dubidará en acometer as obras e melloras necesarias para que os alumnos reciban a súa educación en condicións óptimas".
Nos vindeiros días, comentou Eva García de la Torre aos responsables do centro, o arquitecto municipal achegarase ao mesmo e realizará unha valoración das obras que hai que acometer e a directiva da ANPA do Cruz-Budiño manterá unha xuntanza coa alcaldesa para expor, polo miudo, os seus proxectos e as carencias que entenden que ten este colexio no que, como dixo o seu director, non se fai un mantemento axeitado dende a súa apertura en 1981.

# Raúl Francés dimite do seu cargo no concello dous días despois de coñecer a apertura de xuizo pola cobertura de tres postos de asistencia técnica en 2008

"Sempre defendín que as persoas que detentan cargos públicos teñen que demitir cando a xustiza decide abrirlles xuizo oral". Deste xeito anunciou, este luns, a súa renuncia e retirada da política, o segundo tenente de alcalde do Porriño, Raúl Francés.
En rolda de prensa, Francés explicou que, ainda que a lei non lle obriga a deixar o seu posto, "eu son unha persoa que cre no que defende" e que, por iso, abandoaba o seu cargo. O xa ex concelleiro indicou que o venres pasado o xulgado comunicoulle que debería ir a xuizo pola contratación de tres persoas para outros tantos postos de asistencia técnica, cando era alcalde do Porriño, ao redor dos anos 2007 ou 2008 e que non dubidou que debía presentar su demisión."Non houbo enriquecemento propio, nin intencionalidade, nin quebranto económico algún para o Concello, nin para os vecinos, eu non intervín na selección e estos profesionais seguen traballando para o Concello", subliñou Francés, quen confiou en que a súa "completa inocencia" quede demostrada. O ex concelleiro amosou a súa confianza na Xustiza e a necesidade de que sexa independente e igual para todos os cidadáns, "como corresponde a unha democracia".
Raúl Francés lembrou que non se lle imputa delito económico algún, "dos considerados como de corrupción" e que sempre foi él, en persoa, quen informou, "inmediatamente", aos vecinos e aos medios de comunicación, que estaba baixo investigación, "o mesmo que fago hoxe".
Preguntado sobre os motivos polos cales estimaba que se lle abría xuizo oral a él antes que a Nelson Santos, anterior alcalde do Porriño, Francés, respostou que él sempre colaborara coa xustiza e que "nunca tiven intención de retrasar ou ostaculizar o proceso xudicial".

## Apoio total da Alcaldesa e do equipo de Goberno

Pola súa banda, a alcaldesa, Eva García de la Torre, expresou o seu apoio persoal a Francés, ao que calificou como "un moi bo amigo", apoio que se extende ao todo o equipo de Goberno local- como amosaron todos os seus integrantes na rolda de prensa-, e manifestou a sua "absoluta seguridade de que Raúl é totalmente inocente".
García de la Torre, avogada de profesión, enfatizou que na actuación de Francés non houbo nin feito nin intención delictiva algunha, posto que a mesma careceu de dolo e de intencionalidade, como amosa o feito de que ata hai uns anos era a xurisdicción Contencioso-Administrativa quen entendía de estos asuntos, non a penal.
A alcaldesa lembrou que costoulle moito que Raúl Francés aceptase ir na lista que ela encabezara nas Eleccións Municipais de maio, comentou que o Concello e os vecinos do Porriño "non poden perder a dedicación, o coñecemento e o traballo de Raúl" e concluiu dicindo que por iso, "espero que recapacite sobre a súa intención de deixar a política activa".
atender ás necesidades dos veciños e garantir o funcionamento dos servizos municipais". A alcaldesa gabou o empeño da



presidenta de "obxetivar a forma de repartir os fondos públicos, lonxe da arbitrariedade" dos anteriores responsables provinciais, e agradeceu o "seu compromiso con Porriño".
Pola súa banda, Carmela Silva asegurou que durante "unha mañá intensa de traballo" tivo a ocasión de atopar un gran equipo de goberno "adicado a mellorar a vida dos veciños, cun proxecto craro do que quere facer nos vindeiros catro anos" sinalando que "é o exemplo de como forzas políticas con ideas distintas poden gobernar en conxunto cando teñen como obxectivo mellorar a vida dos cidadáns".
A presidenta engadiu que, á marxe dos fondos previstos para no 'Plan de Concellos 2016', a Deputación atendería a petición da alcaldesa de actuar nas estradas EP2401(en Mosende), EP 2402 (Torneiros) e EP 2405 (Cerquido-Budiño), que "precisan arranxos urxentes por anos de abandono" e que estarán abranguidas no 'Plan Provincial de Infraestructuras'.
Eva García de la Torre solicitou á presidenta a posibilidade de aprazar ou fraccionar o pago de impostos municipais-xestionados pola Deputación por medio do ORAL-a veciños en situación de necesidade e desemprego e, tamén por medio do mesmo organismo, mediar no conflicto que teñen 44 vivendas de O Porriño que pasaron a pagar a 'contribución' en Mos.

# Louriña

PORRIÑO

## Xuntanza na Praza de Abastos

O Goberno local do Porriño mantivo o pasado luns, día 23, unha xuntanza, no Concello, con placeiros e comerciantes da Praza de Abastos, na cuia contorna están realizándose obras que van a cambiar completamente o seu aspecto.

Na mesma, o primeiro tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, explicou aos titulares dos negocios que as obras están ainda na na súa Primeira Fase e informoulles dos cambios que se realizaron dende o seu inicio, como a mellora do chan de pedra que estaba proxectado.

Na xuntanza, que Carrera calificou de "moi proveitosa", o goberno local aclarou que a zona, en contra do que se viña difundindo, non perderá aparcamentos, "mesmo está previsto a creación de 4 prazas de estacionamento novas na zona Oeste da praza" e, na parte Sur, habilitaranse zonas para que os clientes que se desplacen en coche poidan facer unha parada dun máximo de 15 minutos para suban as súas compras ou recollan a unha persoa, sen necesidade de estacionar.

Tamén discutiuse a posibilidade de que a rúa Cando pase a ser de dobre dirección, "unha demanda histórica de praceiros e comerciantes", para o cal habería que acometer varias obras máis para facelo posible, algo que está no ánimo do goberno local. O proxecto, no conxunto, que estará rematado en 2016, suporá non so "unha mellora na mobilidade de vehículos, coa entrada e saída separadas dende a zona de aparcamentos, senon que implicará a recuperación dunha amplia praza para disfrute dos veciños no centro mesmo do Porriño".

A xuizo do Goberno local a xuntanza concluiu con "acordos interesantes" e o compromiso de volver a reunirse coa asociacións de comerciantes e praceiros para estudar e acordar calquera proposta, idea ou cambio.

Asimesmo, Manuel Carrera pediu disculpas aos veciños polos trastornos que poidan ocasionarse durante o tempo que duren as obras e pediu comprensión polos mesmos, na seguridade de que o resultado servirá para rehabilitar esta parte do Porriño para os cidadáns.

## Un minuto de silencio para rexeitar os atentados de París

Veciños e representantes de todos os grupos municipais do Concello do Porriño gardaron un minuto de silencio diante do Concello, ao mediodía, para amosar a súa repulsa polos atentados perpetrados este venres en París e solidaridade coas víctimas.

O Concello do Porriño sumouse ao acto similar deste sábado na IX Asemblea Xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e ao chamamento da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que pediu que se amosase deste xeito o apoio aos familiares das víctimas e aos parisinos.



## Lúa Conluvas regresa a biblioteca municipal do Porriño

### Todos os xoves ás 18:30 horas

Lúa ConLuvas é unha actividade de animación á lectura que se desenvolve na Biblioteca Municipal do Porriño, e que se entende como unha proposta didáctica e divertida ao mesmo tempo. Lúa ConLuvas é unha exploradora e viaxeira incansable que vive na Biblioteca Municipal do Porriño. Todas as semanas parte de viaxe a un país distinto, levando sempre consigo unha maleta que a acompaña nas súas aventuras, e onde garda os recordos de cada país visitado, para volver todos os xoves á biblioteca e contarlle aos nenos e nenas a forma de vivir e sentir doutros pobos do mundo.

Esta personaxe de animación, que vai máis alá do que coñecemos como "contacontos", non soamente ofrece información e lecturas dos países que visita, senón que tamén pon en contacto aos nenos e nenas co baile, a música ou a gastronomía do lugar: en cada sesión os nenos e nenas escoitan cancións, bailan e realizan actividades relacionadas con cada país; ademais merendan unha froita típica de cada destino que semanalmente visita Lúa ConLuvas e trae á nosa biblioteca. Unimos así a animación á lectura con outros elementos sensitivos: a través deles, o neno ou nena entra en contacto cunha cultura allea á súa realidade na que se pretende ensinar que "Hai outros mundos, pero están neste", relacionando o libro como un indicador cultural máis.




O obxectivo primordial é espertar o pracer da lectura, pero a través desta actividade tamén se pretende promocionar a biblioteca como un lugar máximo de encontro con libros e culturas, establecer un contacto co libro e a lectura de forma lúdica. Téntase ofrecer unha imaxe da biblioteca como un lugar onde se pode atopar información e descubrir outras culturas por medio da lectura: a biblioteca é un lugar para despegar a outros mundos.

Tentamos así mellorar o auto concepto do neno ou nena e desenvolver a súa personalidade. A través da lectura van ampliando a súa experiencia e desenvolven a súa identidade no ámbito cognitivo, afectivo e moral, fomentando actitudes como a solidariedade, a empatía, o multiculturalismo e, a partir do coñecemento, o respecto por outras sociedades

## A Aula CEMIT do Concello do Porriño celebrará cursos de Dinamización Tecnolóxica

A Aula da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia, Rede CeMIT, do concello organiza diversos cursos de dinamización tecnolóxica. Impartiranse actividades como "Iniciación á Informática", "Iniciación a Internet", "Redes Sociais", "Controla a seguridade do teu fillo/a", "Procura de Emprego"....

Estas actividades da Aula CeMIT do Porriño desenvolveranse ata final de ano e están destinadas tanto a cidadanía como a empresas e emprendedores.

Ademais a aula conta co servizo de "aula aberta" mediante o cal a cidadanía pode acceder aos equipos con conexión a internet co apoio do personal da aula.

A Rede CeMIT da Xunta de Galicia configúrase como o instrumento fundamental para promover a alfabetización dixital da sociedade galega. A Rede CeMIT ten como obxectivo potenciar actuacións relacionadas co desenvolvemento da actividade económica, empresarial e da implantación dos servizos electrónicos, titorizando a cidadanía con maiores dificultades e proporcionándolles os medios e ferramentas necesarios para poder formar parte activa da Sociedade da Información.

Para inscribirse ou para solicitar máis información sobre as citadas actividades poden dirixirse á Aula CeMIT do Porriño sita no Multicentro de Torneiros, Rúa Ribeira s/n, a través da páxina web https://cemit.xunta.es/, chamar ao teléfono 986348944, ou enviar un correo electrónico ao enderezo: cemit.oporrino@xunta.es



PORRIÑO

# A Acaldesa reitera que o suplemento de creto é para que o Concello poida funcionar

"¿Qué explicación política hai en comprar parafuxos?". Esa é a resposta que a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, deu este martes á petición do voceiro municipal do BNG para que detalle cales son os motivos que hai detrás de cada un dos gastos que abrangue a solicitude de Suplemento de Creto, que o gobernó local leva ao Pleno deste3 mércores, día 28, e que xa levara ao do pasado 30 de setembro."A modificación orzamentaria plantéxase porque o anterior gobernó local deixou partidas valeiras para afrontar o funcionamento diario do Concello", lembra a alcaldesa, quen subliña que "non hai explicación política algunha en pagar a construcción dun muro ou en arranxar o tellado dun colexio".

Eva García de la Torre reitera que solicítase o suplemento de creto ao Pleno porque é necesario dado que o actual goberno, "que se constituiu co apoio do Bloque Nacionalista Galego" atopouse con que non podía asumir os gastos correntes porque "nas últimas semanas de xestión do Partido Popular valeiraronse as partidas coincidindo coa época electoral".

A alcaldesa, ademáis, engadiu que xustificar gasto por gasto é "unha laboura inxente" que requeriría horas de traballo que o Concello non pode asumir na actualidade sen descoidar a xestión diaria dos asuntos municipais. A elo súmase o feito de que os orzamentos non se fan por concellerías, como lembra García de la Torre ao BNG, senon por áreas de gasto, como se indica no informe que, dacordo co acordado no Pleno do 30 de setembro, achegouse a todos os grupos.

Unha vez maís, a rexedora amósase "absolutamente disposta" a debater e respostar a calquera cuestión que estimen os voceiros de todos os partidos da Corporación e a chegar aos acordos que permitan que o Concello siga traballando, asumindo as súas obrigas e solucionando os problemas dos vecinos.

# O pleno do concello do Porriño aprobou mocións do BNG por unanimidade

No pleno de novembro o Bloque Nacionalista presentou unha moción sobre a iniciativa lexislativa popular presentada polo Confederación Intersindical Galega por considerar que era necesario que a corporación se pronunciase sobre o apoio as medidas recollidas na iniciativa lexislativa Popular que demanda da Xunta de Galiza a implantación dunha tarifa eléctrica mais baixa, a aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético, medidas para erradicar a pobreza enerxética e tamén a creación dunha tarifa industrial estábel e a redución das peaxes do sistema eléctrico.

No mesmo pleno, o BNG tamén presentou unha moción contra a violencia machista porque consideramos que a violencia machista é un dos problemas mais graves que ten que afrontar a nosa sociedade.. Por iso consideran imprescindíbel que a corporación municipal do Porriño se pronuncie sobre esta lacra esixindo da Xunta de Galiza medias lexislativas desenvolvendo o Estatuto de Vítima de Feminicidio e a mellora dos servizos de atención psicolóxica, información e inserción laboral recollidos na Lei Galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

O BNG entende que o goberno municipal ten que ter un papel mais activo. Por eso demandan que o concello mellore os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero, apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia machista pondo en marcha unha campaña de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar aos agresores.

ElectroGranxa
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com
www.electrogranxa.com
Pol. Ind. A GRANXA - Avda.principal - Parcela 239 - Nave 5. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Seguros Bilbao
David Alonso Bargiela
Nº Reg. Mediador: C002676907675E
Axente de Seguros Exclusivo de Seguros Bilbao
Gerente
david.alonso@segurosbilbao.com
Venezuela nº 33, Bajo
36204 Vigo (Pontevedra)
M 628 181 255 - F 986 220 029

OrgAserco, S.L.
Organizacione Asesoramento de Empresas
José Abraides Amil
Economista
Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E
36400 - O Porriño (Pontevedra)
Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraides@orgaserco.es

Telf: 986 64 08 34




Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:
- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA Regino
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

## Louriña

# Voltei á política porque entendín que O Porriño precisa ser gobernado polo centro-esquerda,

## Raúl Francés, ex alcalde, exconcelleiro, do concello do Porriño

Por Guillermo Rodríguez

Raul Francés leva unha morea de anos ligado á política doPorriño. Foi alcalde dende o ano 2003 ao 2010. Unha moción de censura encabezada por Nelson Santos afastouno da Alcaldía.

Nas últimas eleccións municipais a actual alcaldesa, Eva de la Torre, chamouno para as súas filas cando Raúl tiña decidido facerunpunto e aparte na política local. O seu convencemento de que O Porriño precisa ungoberno de centro esquerda que demostrecon feitos, non conelecubraciónsideolóxicas trasnoitadas, que de verdade está para resolver os moitos problemas que teñen as/os porriñeses/as. Foi así como con esta póla a alcanzar como aceptou o convite da actual alcaldesa.

Presentouse polo PSOE que conseguiu catroconcelleiros; o BNG sacou dous; o UDDL (unha escisión do PP encabezada polo concelleiro popular Carrera) sacou dous concelleiros; EU-Son conseguiu unconcelleiro e o PP,encabezado polo anterior alcalde Nelson Santos, foi a lista máis votada con oito concelleiros.



Con esta composición a posible alternativa ao PP tiña que contar coa aquiesciencia dos demáis grupos políticos. Acordo que se conseguiu aínda que EU-Nos e o BNG só aceptaran (para que non seguiragobernando o PP) dar o seu voto a Eva de la Torre, pero non entraron no goberno. Este feito, obviamente, réstalle á Alcaldesa capacidade de manobra, aínda que conta, enxeral, co apoio dos outros grupos. Claro que vendéndolle caro o seu apoio.

Nundeses tantos xuízos nos que se viu envolto Nelson Santos (ex alcalde) pola súaxestión, presuntamente irregular, declarou diante do Fiscal que certos procedementos administrativos que el tiña seguido tamén se facían nas etapas anteriores a el. Con este material o Fiscal decidiu averiguar que habíade certonesasacusacións e iniciouunprocedementoxudicial. Froitodiso no pasadomes de novembro a Raul Frncéscomunícanlle que se vai celebrar unxuízo no que el será o acusado, para aclarar que haidesas supostas infraccións administrativas. Como el mesmo confesa, "aquí non se trata dun tema de corrupción política como estamos vivindo nestes últimos tempos, senóndunha praxe administrativa que ao parecer deberáfacerse doutro xeito".

Este xornal solicitou unha entrevista con Raúl Francés para coñecer cal é o seu estado de ánimo nestes momentos. Debemosconfesar que Raúl está tranquillo, plenamente confiado en que os tribunais van facer o seu traballo e que está para facilitarllescalquera cousa ou documento que se llerequira.

Como ese é un caso que xa está sendo tratado nos medios e que nós mesmos informamos nesta mesma edición, quixemoscoñecer como ve Raúl Francés a vida política do Porriño e cales serían, para el, as acertadas solucións.

De entrada confésanos que entende que cando un cargo público sexacuestionado por algo que fixo durante a súaxestión e se lle reclama xudicialmente, debe presentar de inmediatoa súadimisión do cargo. As Administracións públicas, dinos Raúl, non poden ser mancilladas polo comportamento dun representante público, vaia ou non ser culpable. De entrada deben ser apartado do seu cargo para defenderse no plano civil e que a entidade pública non se vexa salpicada.

Así o fixo;: presentou de inmediato a súadimisón como concelleiro.

Pero nós quixemoscoñecermáis cousas sobre o goberno da Vila do Louriña.



Raúl confesa que está plenamente convencido que O Porriño precisa ungobernode centro esquerda. Que os partidos chamados tradicionalmente de esquerdas teñen que demostralo co seu labor diario a prol dos veciños/as máis precisados de amparo. Non llevalenetiquetas que non vaianacompañadasdunhaauténtica política social, como nestes momentos está a facersedende a Alcaldia doPorriño. Que os apoios dos grupos de esquerda deberan ter en conta, unicamente, a natureza do proxecto ou iniciativa que se lle presente a debate e para o que se lle pide o seu voto.

> *"En Porriño hai que romper coa política clientelar"*

No Porriñohai que romper coa política clientelar a que nos

## Louriña

tiña acostumados Nelson Santos, dinos Raúl. Nestes momentos o que lle preocupa ao anterior alcalde é poñerlle paus na roda do gobernoactual, continua. A chamada esquerda local non deberácaernesatrampa porque os perxudicados non son os membros do actual goberno, senón os veciños/as doPorriño. Cousas como que o Consorcio de augas do Louro esteasen presidente porque o Pleno do Porriño non aceptadarle o visto e prece a un acordo xafeito polos restantes concellos afectados (Mos, Salceda e Tui) para que sexa O Porriñoquendetente a Presidencia nestes momentos. Situaciónesperpénticadunhainstitución sen cabeza. Por que? Porque a Oposición do goberno doPorriño (BNG, EU-Nos e P.P.) llenegan o seu apoio nunhamanifestación de irresponsabilidade total e absoluta.



> *"O comportamento da Oposición fronte a actual Alcaldesa é algo que non cabía esperar"*

Raúl maniféstanos que un grupo importante da Oposición (formado polo PP) está disposto a reventarcalquera iniciativa que supoñabeneficio para os veciños e veciñas doPorriño. O malo, dinos, é que os demáis grupos lleleven a corrente sen decatarse do perxuizo social que isto conleva.

O comportamento da Oposición fronte a actual alcaldesa é algo que non cabía esperar. Unha alcaldesa que está empeñadaencambiasr o sino de facer política no Porriño. Iso a dereita (coa axuda da suposta esquerda) non llelo permite.

Sobre o momento político galego, polo que tamén preguntamos, dinos que é unha mágoa que por culpa de personalismos e de odios ancestrais Galicia se presente en Madrid sen a forzapropia que precisa nestes momentos. O malo é que todos sonculpables e deixan a moitos nacionalistas galegos nunhasituación de incerteza preocupante.

Aquí despedimos a Raúl Francéscoñecendoun pouco máis o seu talante democrático e responsable. De voltar á política non o ten claro, aínda que os seus compañeiros de goberno, sobre todo a alcaldesa, non se dean por vencidos.






# Novas da Raia

A GUARDA / CAMINHA

## A Guarda compromete-se a pagar dívidas do ferryboat a Caminha

Recentemente, foi dado mais um passo em relação às dívidas relacionadas com o ferryboat, embarcação que une as duas margens. Neste momento, a pretensão é saldar por inteiro todas as verbas em dívida ao município caminhense, a partir de 2006. Em relação aos anos de 2008 e 2009 e 2010, a autarquia galega já tinha liquidado antes os valores, havendo «comprovativos inequívocos desses pagamentos». Por saldar permanecem os anos de 2006 e 2007, com A Guarda a reconhecer valores em dívida de 188 mil euros e 194 mil euros respectivamente. Ficou porém acertado no encontro do passado dia 7 que, até março de 2016, Caminha receberá o montante de 2006 e até dezembro do próximo ano liquidará o respeitante a 2007.
Entretanto, as contas desde ano de 2015 estão normalizadas e A Guarda já entregou a Caminha o montante da bilheteira, ou seja, até à data de hoje, um total de 54.556,75 €.
Só permanecem em desacordo os anos anteriores a 2006, tendo as partes acordado transmitir isso mesmo ao tribunal, deixando Caminha de reivindicar os anos entretanto pagos e os que foram agora alvo da calendarização.
Estabelecido está, também, a redacção de um protocolo para regular o funcionamento do ferry e os direitos e deveres dos dois municípios. Recordemos, e tal como o Minho Digital noticiou, a última dragagem do canal do rio Minho ficou somente a expensas de Caminha, e estabeleceu-se um acordo que todas as receitas de bilheteira, quer de Caminha e A Guarda, revertiam somente para o município português. Miguel Alves, presidente da Câmara Municipal de Caminha, referiu que desde 2013 e até à data «o diálogo encetado por este Executivo com o congénere galego permitiu a Caminha receber os quantitativos dos anos de 2011, 2012, 2013 e 2014».
Parece que as águas em que navega o ferryboat começam a acalmar, mas existe uma pergunta sempre em aberto: quando será necessário voltar a desassorear o canal?



A GUARDA

## O programa de Mentoring continúa coas súas sesións formativas

O Lions Clube de Vila Praia de Âncora aproveitou a reunião para estabelecer um 'Protocolo de Irmanação' com o Club de Leones de Pontevedra, dando corpo ao interesse da vontade mútua entre os dois e ao reforço das relações internacionais. O documento foiassinado pelo Presidente Alberto Magalhães do Clube de Vila Praia de Âncora e pelo Presidente Ramón López do Clube de Pontevedra, testemunhado pelo Governador Manuel Rodriguez Garcia de Espanha e pelo Governador Aureliano Soares do Norte de Portugal.

# Arquitecta ancorense destaca-se na Alemanha

**Sempre são notícia os portugueses que no estrangeiro se vão destacando nas suas actividades, principalmente pelo profissionalismo com que as fazem. Neste caso, é uma arquitecta ancorense que o fez, sendo o seu nome Maria Margarida Presa Amial. Esta arquitecta de Vila Praia de Âncora concluiu com nota máxima a sua pós graduação em arquitectura.**

Por Isabel Varela



A Escola de Arquitetura de Frankfurt "SAC – Städelschule Architecture Class" - vem administrando cursos de pós-graduação, destinados a arquitetos com pelo menos dois anos de experiência, essencialmente dirigidos a profissionais estrangeiros.

A Escola seleciona os seus alunos para este curso mediante candidatura, currículo e entrevista dos interessados e admite normalmente cerca de 30 arquitetos.

No curso, que integrou 33 profissionais, Margarida Amial foi a única arquiteta portuguesa, a par de colegas de outros países, nomeadamente da China, Irão, Rússia, Índia, Grécia, Turquia, Noruega, Tailândia, Estados Unidos, Paquistão, Japão e Panamá.

A arquiteta Margarida Amial está a exercer a sua profissão num conceituado Gabinete de Arquitetura de Frankfurt, depois de ter trabalhado em Viena de Áustria. A jovem é diplomada pela Faculdade de Arquitetura da Universidade do Porto.

Margarida Amial preserva as ligações à sua terra, sendo voluntária no Lions Clube de Vila Praia de Âncora. Por sua vez, este clube «sente-se muito honrado por ter a arquiteta Margarida como sócia, felicitando-a pelo sucesso alcançado e deseja-lhe as maiores felicidades».



# Norte de Portugal

MIRANDELA

## Mirandela vai ter Universidade Sénior

A Universidade Sénior de Mirandela já é uma realidade e integra o grupo de Universidades Sénior de Rotary, com grande implementação na região Norte de Portugal.
A iniciativa é de um grupo de mirandelenses e tem por base um movimento que promove e pratica a aprendizagem ao longo da vida, fornecendo oportunidades educacionais e de convívio num ambiente descontraído e informal.
Todos os que tenham mais de 50 anos, estejam aposentados, disponham de tempo livre e queiram continuar a aprender e participar num grupo de discussão, poderão muito brevemente inscrever-se na Universidade Sénior de Mirandela. O arranque está previsto para o dia 4 de janeiro de 2016, em regime diurno.




## Mirandela foi a Capital Nacional do Xadrez

A cidade de Mirandela acolheu entre os dias 12 e 15 de novembro as Fases Finais Nacionais das competições de Semi-rápidas e Lentas da Federação Portuguesa de Xadrez. Participaram nesta competição, que decorreu no Hotel Dom Dinis, os seis melhores jogadores da classificação geral do Circuito Nacional de Lentas e os oito melhores em Semi-rápidas.
De 12 e 14 de novembro disputou-se a Fase Final de Lentas, em cinco rondas e num sistema de todos contra todos, no qual se sagrou vencedor o xadrezista canadiano Kevin Spraggett.
No domingo, dia 15 de novembro, disputou-se a fase final em semi-rápidas, competição que no ano de 2015 iniciou e terminou em Mirandela, e que foi vencida pelo Luís Silva, tendo este jogador alcançado 6,5 pontos em 7 possíveis.
Esta iniciativa promovida pelo Clube Amador de Mirandela e pela Federação Portuguesa de Xadrez contou com os apoios da Junta de Freguesia de Mirandela, Câmara Municipal de Mirandela e empresas locais.



VIANA DO CASTELO

## Centro Desp., Recrea, e Cultural de Moreira, faise co 2º premio no Festival do INATEL

Em representação do distrito de Viana do Castelo, associação monçanense apresentou o espetáculo "As voltas que o linho dá", cativando público e júri. Augusto de Oliveira Domingues felicita todos os elementos da coletividade por esta conquista relevante que engrandece e prestigia o movimento associativo do concelho.



PORTO

## Porto de encontro com Ana Luísa Amaral

### A poetisa Ana Luísa Amaral foi a autora em foco na 40ª edição do Porto de Encontro, marcada para a Casa das Artes (Porto), no dia 22.

Professora associada da Faculdade de Letras da Universidade do Porto, Ana Luísa Amaral é autora de uma obra numerosa, publicada em dez países, incluindo França, Colômbia, Itália, México e Suécia. Apesar da predominância da poesia, com duas dezenas de títulos, já publicou ainda para teatro, literatura infanto-juvenil e ficção. Das distinções já recebidas destacam-se o Grande Prémio de Poesia da Associação Portuguesa de Escritores e o Prémio Correntes d'Escritas.
Participaram ainda na sessão a professora universitária Isabel Pires de Lima e a actriz Emília Silvestre. Criado em novembro de 2011, o Porto de Encontro é um ciclo de conversas com escritores promovido pela Porto Editora em que já participaram escritores como Luis Sepúlveda,Valter Hugo Mãe, Gonçalo M. Tavares, Lidia Jorge ou Luísa Ducla Soares.




BRAGA

## "Escultura viva" no centro de Braga purifica mais ar do que 25 árvores



O centro de Braga conta com uma "escultura viva" que lembra "uma nave espacial" e tira proveito da ação de algas para purificar o ar citadino na mesma proporção que 25 árvores.
O Urban Algae Folly tem como "princípio fundamental a fotossíntese", explicou aos jornalistas Marco Poletto, da empresa ecoLogicStudio, que em parceria como Laboratório Ibérico Internacional de Nanotecnologia (INL), sediado em Braga, desenvolveu um meio de "incorporar o processo num artefacto, um pedaço de arquitetura".
O resultado é digno de ficção científica, na medida em que a estrutura de aço negro é envolvida por tubos de PVC que transportam um líquido saturado de microalgas, permitindo absorver e processar o dióxido de carbono presente em meios urbanos de modo a expelir cerca de dois quilos de oxigénio por dia.
"Podemos construir infraestruturas urbanas – edifícios, esculturas – que não só incorporam a Natureza, como intensificam as suas propriedades", considerou Marco Poletto, sublinhando que o "aspeto alienígena" do mecanismo pretende também "provocar a imaginação". Para o investigador, "o futuro passa pela biotecnologia e tecnologias digitais no ambiente urbano", no sentido de "devolver a indústria na cidade", lembrando os tempos vitorianos em Inglaterra, em que "havia orgulho nas centrais energéticas no núcleo urbano durante a Revolução Industrial".

## Norte de Portugal

**PONTE DE LIMA** | Por: Isabel Varela

# Professor da Academia Fernandes Fão detido em flagrante sob suspeita de extorsão

### Duarte Carvalhosa, de 31 anos , era um dos directores pedagógicos da Academia Fernandes Fão, em Ponte de Lima, e a sua vítima apontava a Fernando Rebelo, director-geral da mesma Academia.



■ *Duarte Carvalhosa aguarda julgamento em liberdade.*

Segundo o Minho Digital conseguiu apurar, esta atitude terá sido o culminar de um conflito que já decorria desde finais de Outubro. Assim, foi criada uma conta de correio electrónico fictícia, supostamente com o propósito de ameaçar anonimamente o director-geral que se não lhe fosse dado o montante de 50 mil euros, um seu familiar seria alvo de assassinato.

Após longas horas e dias de angústia o alegado mentor da distorção acabaria detido quando se preparava para levantar a quantia de dinheiro que a vítima previamente teria colocado no cacifo de uma sala onde leccionava.

A apreensão foi feita na próprias instalações da Academia Fernandes Fão quando o Duarte Carvalhosa se propunha a fazer o levantamento da quantia exigida.

A GNR fez buscas na residência do suspeito, na escola e no seu automóvel , apreenderam dois computadores portáteis , um de secretária e um telemóvel.

Segundo fontes confidenciaram ao Minho Digital nunca se suporia que o suspeito pudesse fazer algo desta índole.

Após ter sido detido o professor foi ouvido pelo Ministério Público do Tribunal Judicial de Caminha onde lhe foi ditada a medida de coacção de termo de identidade e residência (TIR), após o que foi colocado em liberdade.

Duarte Carvalhosa também é Maestro da Banda Aboim da Nóbrega e proprietário da empresa Safyra que está direccionada para eventos musicais, salas de estudo, ATLs e entretenimento. Segundo a publicidade anunciada por esta empresa, os seus objectivos destinam-se a «ocupar, educar e ensinar, ao melhor preço/qualidade».

Duarte Carvalhosa estudou na Escola Profissional de Música de Viana do Castelo, formou-se no IPVC e estava como director pedagógico da Academia Fernandes Fão de Ponte de Lima desde o ano de 2007.

É público que a Academia Fernandes Fão passa por algumas dificuldades financeiras e haverá ordenados em atraso. Porém, segundo apurámos, Duarte Carvalhosa terá alegado em Tribunal que que a acção em nada tinha a ver com dificuldades financeiras.

O certo é que esta Academia fechou portas no ano de 2015 durante 15 dias por falta de verbas, somente conseguindo abrir devido a uma candidatura ao POPH que foi aprovada, o que garantiu o financiamento necessário para continuar a trabalhar e a formar, musicalmente, mais de 600 jovens espalhados por todo o distrito.

Quanto ao director-geral da Academia Fernandes Fão, Fernando Rebelo, nasceu em 1958 e foi também TOC da Academia e actual director. Foi ainda docente do Ensino Superior Politécnico desde 1998, tendo leccionado disciplina de Direito Fiscal e Societário na Escola Superior de Gestão do IPCA.

A Academia de Música Fernandes Fão estende-se pelos concelhos de Caminha (sede em Vila Praia de Âncora e um pólo em Caminha), Vila Nova de Cerveira, Melgaço, Monção e Ponte de Lima.

Existem 386 alunos do 5º ao 9º anos, com ensino gratuito, devido ao financiamento do POPH. Recorde-se que a Academia lecciona música gratuitamente sendo um dos seus parceiros o Ministério da Educação.



■ *Academia de Música Fernandes Fão, em Ponte de Lima.*

**BRAGANÇA**

# Os Caretos e Mascarados voltam a tomar conta das ruas de Bragança




# Smartravel

4 dezembro 2015 a 05 dezembro 2015
No Teatro Municipal de Bragança.
Inscrições em http://www.smartravel.pt.



Que futuro queremos para as nossas cidades? Qual é o papel da Tecnologia na sociedade? Como envolver os cidadãos nas decisões governativas e criar espírito comunitário? Que ferramentas temos ao nosso dispor? Como planear estratégias que contribuam para a felicidade dos nossos cidadãos? Qual o papel das pequenas e médias cidades no mundo? Como pode o Turismo tornar-se numa ferramenta inteligente para desenvolver regiões?

Estes são alguns temas chave que fazem parte da agenda de reflexão mundial e que são, também, as respostas que o Smart Travel quer dar.

O Smart Travel garante um qualificado e prestigiado painel de oradores, na temática das Smart Cities, que vêm com a missão de partilhar as suas investigações, conhecimentos, experiências, casos de sucesso.

Mais informações e inscrições em http://www.smartravel.pt.

## Aldea Global

# Rafael Piñeiro e o tempo sementado

Por: Francisco Alvarez (KOKI). Nova Iorque

Agora que non está en activo, que fai uns meses que decidiu retirarse, e tomar un merecido descanso. Rafael Piñeiro, simbolizou, durante moito tempo, o esforzo do que empeza dende abaixo. Dias antes, de que empezaran cos dimes e diretes,de quen sería o novo Comisionado da cidade de Nova York, onde o seu nome era claramente favorito, Rafael Piñeiro, preparouse tranquilamente, para emprender unha nova aventura. O caso é que non foi así, el que era o mais apropiado, o que tiña mellor folla de servicios, non foi elixido. A política do novo alcalde deu un xiro elixindo a Bill Bratton. Rafael Piñeiro, xa estaba no mais alto, xa non podía subir mais, e tamén hai que dicir que era un estorbo para o novo comisionado. Podía facer sombra ?

Bill Bratton, xa estivera en Nova York durante os anos de 1994 o 1996. A súa primeira experiencia como Comisionado da cidade dos rañaceos, non foi moi positiva, polo que tivo que irse a outros horizontes. Asi que o primeiro que fixo o novo Comisionado, foi sacar a Rafael Piñeiro do seu merecido posto. Pero... quen e Rafael Piñeiro?

Dias antes de que ocorreran todas estas cousas, eu fixéralle unha pequena entrevista, sen pensar o seu futuro naquel intre. Rafael Piñeiro, quen naceu en Valencia, emigrou a Cuba e logo os EE.UU; ten descendencia galega, ben podía ser o Inspector Carballo, personaxe novelado do escritor Manuel Vázquez Montalbán, ou o inspector Leo



Caldas, da novela da Praia dos Afogados de Domingo Villar. O que sí é e un personaxe do libro Ratas en Manhattan do escritor Francisco Alvarez Koki, no conto O CASO PENEIRA.

**Estas foron as sáus respostas ás nosas preguntas:**

**¿Que lembra daquel Rafael Piñeiro?**

▌Da miña chegada a este País lembro temposm difíciles. Meu pai traballando duro no peirao do porto; miña nai traballando un ha fábrica de confección para crianzas recén nacidas. Pagábanlle 25 centavos por vestido.meu pai tiña un segundo traballo os sábados e domingosd facendo inventarios nunhas tendas. Vivíamos nun apartamento; o baño quedaba fora do local de vivenda. Había moita pobreza pero a familia estaba unida: a miña irmá e maís a min inculcáronnos uns valores mloi importantes. Eu son policia e miña irmá dedicaouse ao ensino. Fundou unha escola no Bronx que hoxe leva o seu nome: Luisa Piñeiro.

En resúme; as cousas non son tan fáciles como algúns as pintan pero o que loita pode ter a sáu oportunidade.

**Segue sendo Nova Iorque unha cidade segura?**

▌Pois claro que sí. E non o digo eu por traballar no Departamento de Policía. Segundo o noso último estudio o pasado ano rematamos con menos homicidios, no crime convencional, que fai cincuenta anos e con menos tiroteos que fai vintacinco anos. No que se refire a terrorismo serian uns catorce atentados. Tivemos sorte, pero tamén grazas a nosa efectividade. Nesta cidade non se pode baixar a garda.

**¿Vostede foi un home quem dende abaixo, con honestidade, conseguiu subir todos os banzos da súa vida profesional; pensou, nalgún momento, dedicarse á política?**

▌Non, creo que non. Levo corenta e tres anos no corpo de policía e teño un grande respecto por todas as institucións. Estou en permanente contacto con todas as Comunidade e non teño unha especial vocación para facer política. Hai que ter moito diñeiro e nalgúns casos tes que facer cousas coas que non estás de acordó.

**¿Por qué cre lle outorgaron a Medalla de Isabel a Católica?**

▌Para min foi unha grande honra, un mérito civil moi alto; e creo foi unha oportunidade do Goberno Español comprobar como un cidadán español que reside aquí era homenaxeado.

**É descendente de galgos, viviu en Cuba e agora reside en Nova Iorque, que nacionalidade o definiría mellor?**

▌Bueno, creo que todas me aportaron o mellor en cada caso; con iso conseguiron facerme mellor. O meu sangue é o dos meus antepasados; iso é o que son.

**É considerado un home progresista por ter conseguido creder as minorías dentro do propio corpo policial. Que falta por facer?**

▌Ben , un sempre aspira a subir máis arriba. Eu desexo poder seguir facendo o que fago pero mellorandoo. Seguir reducindo o crime e ser un baluarte contra o terrorismo.

É certo que fixen todo o posible para que as minorías tiveran representaciónn no noso corpo. Psiblemente hoxe sexan xa un 25% dentro do corpo.

**Se tivera que encarnar a un personaxe de novela a quen lle gustaría parecerse?**

▌Bueno, o primeiro que sempre nos ven á cabeza é Sherlock Holmes. Eu teño un especial recordo dunha película na que me impresionou moito. A. Bullitt, con SteveMcQueen, tívena na mente durante moitos anos; ainda a teño. Foi coma ese sentimento romántico ao comprobar como trunfa o ben sobre o mal.

**Non hai dúbida: Rafael Piñeiro marcou un tempo que tardara moito en voltar o corpo de policia de Nova York. Nos, os que o coñecemos, sabemos o que vale e vaticinamos que polo seu mérito non tardará en voltar,**



# A Asociación de Empresarios Galegos en Madrid presentou a novos asociados

## Aegama deu a coñecer entre os seus socios a dezaseis novos membros da entidade, que desenvolven a súa actividade en ámbitos moi dispares

A Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (Aegama) celebrou na Casa de Galicia, en Madrid, a presentación de dezaseis novos asociados. As súas empresas, actividades e servizos, pertencen a ámbitos tan dispares como o agrario, novas tecnoloxías, centros de negocio, combustibles, "coaching", construción, seguros, seguridade, enerxía, consultoría, xestión de patrimonio, hostalería e enxeñería enerxética.

En nome de Aegama deu a benvida aos directivos e socios da entidade o seu xerente, José Cerdeira, que conduciu posteriormente o acto xunto co vicepresidente para Pemes de Aegama, Casimiro Maseguer.

Meseguer defendeu que a dureza do mundo dos negocios diminúe "cando podemos tratar con persoas ás que coñecemos e, se fose posible, das que somos amigos", subliñando que o obxectivo do encontro era precisamente "presentarnos e achegarnos entre nós para establecer amizade" e facer crecer as posibilidades de facer negocio

Tras as presentacións, Cerdeira deu paso a unha actuación de maxia a cargo do ilusionista Luís Boyano, titular da firma Solucións Máxicas, asociada de Aegama.



# TTIP e cambio climático: onde dixen digo...

**O voceiro de Equo no Parlamento Europeo, Florent Marcellesi, analiza a relación entre o Acordo Transatlántico para o Comercio e o Investimento (TTIP) e o cambio climático.**




Non cabe dúbida de que o cambio climático é a grande loita do século XXI. E esta grande loita, como ben di Naomi Klein, cámbiao todo. Por tanto, tal como plantean o grupo de científicos internacionais sobre cambio climático de cara ao cumio sobre o clima de París, é lóxico que utilicemos "todas as ferramentas e medidas disponibles para facer fronte a este desafío". Cun corolario de sentido común: calquera instrumento que reforce o quentamento global debe ser rexeitado. Así que, sen rodeos, preguntémonos: é o TTIP unha ferramenta de loita contra o cambio climático?

## O TTIP e a enerxía fósil

A queima de combustibles fósiles é a principal causa das emisións de gases de efecto invernadeiro (GEI). Por tanto, para cumprir co control dos efectos do cambio climático, o primeiro que debemos facer é deixar baixo terra unha terceira parte das reservas actuais de petróleo, a metade das de gas e máis do 80% das reservas de carbón. Unido a isto, a transición ecolóxica só será posible se deixarmos de subvencionar este tipo de enerxías, que reciben de forma directa ou indirecta 10 veces máis que as enerxías limpas.

Sen embargo, o TTIP vive noutra dimensión. A Unión Europea quere acordar dentro deste tratado con Estados Unidos a inclusión dun capítulo enerxético para facilitar a exportación de "carbón, petróleo cru, produtos derivados do petróleo, gas natural, en forma licuada ou non, e enerxía eléctrica" desde EEUU a Europa. A cambio, EEUU pide que o gas de esquisto do fracking estadounidense e o petróleo proveniente das areas bituminosas proveniente de Canadá se inclúan nesta mestura. Dito doutra forma, o TTIP terminaría con calquera restrición para a exportación destes "bens enerxéticos", alentando aínda máis a súa extracción, consumo e emisións de CO2. Ao que se suma que ningunha das partes teña posto na axenda das negociacións a fin das subvencións á enerxía fósil.

## O TTIP e as enerxías renovables

As enerxías renovables, xunto coa disminución do consumo enerxético e a eficiencia enerxética, son un pilar fundamental da transición enerxética. Para que poidan substituír de forma eficiente as enerxías fósiles, teñen que darse tres condicións: a fin da subvención ás enerxías fósiles (ausente das negociacións), un financiamento público para as renovables e unha estratexia de relocalización enerxética para achegar o lugar de produción ao lugar de consumo.

Pois ben, nas negociacións do TTIP, barállase a posibilidade de que os países asinantes "non deban adoptar nin manter medidas que prevén esixencias de localidade". A través da eliminación destes requisitos de contido e compra locais, o TTIP podería por un lado permitir a prohibición de axudas estatal ou nacional ás enerxías renovables. Por outro lado, profundizaría na globalización enerxívora, controlada polas multinacionais da enerxía, en vez de desenvolver saberes, tecnoloxías e empresas ou cooperativas locais, dar máis espazo á remunicipalización da enerxía, así como á autoprodución e ao autoconsumo.

## O TTIP e a soberanía enerxética

A enerxía é un asunto altamente democrático, tanto na súa produción como no seu consumo. E frear o cambio climático supón á súa vez unha cidadanía desperta, activa e comprometida. Para isto, é importante que a cidadanía poida controlar e regular de maneira democrática, xusta e sustentable a explotación dos seus recursos enerxéticos finitos e a utilización da atmosfera (como sumideiro limitado de CO2), é dicir exercer a súa soberanía enerxética e climática.

Fronte a isto, o TTIP quere pór en marcha mecanismos que reforzan o poder das multinacionais, fronte á soberanía dos Estados e da Unión Europea. Principalmente, propón instaurar un tribunal de arbitraxe entre inversores e Estado (onte chamado ISDS, e hoxe reconvertido en ICS). Este mecanismo xa foi utilizado pola multinacional Lone Pine que, a través do tratado de comercio entre EEUU, Canadá e México (o NAFTA), demanda hoxe 250 millóns de dólares a Canadá pola moratoria de Quebec sobre o fracking. É evidente que a ameaza de ser demandada por miles de millóns de dólares podería crear un efecto devastador sobre as políticas climáticas valentes que, se ben defenden o ben común, serían contrarias aos beneficios e intereses privados das grandes corporacións.

## O TTIP e as emisións de gases de efecto invernadeiro

Neste punto, está bastante claro que o TTIP non reducirá as emisións de CO2. Ademáis de que o aumento do comercio transatlántico irá acompañado dun aumento do transporte transatlántico o que á súa vez aumentará as emisións, o TTIP favorece as enerxías fósiles, abre as portas ao fracking e pon trabas ás enerxías renovables.

Non é de estrañar que a propia Comisión Europea (CE) recoñeza que o TTIP suporía un lixeiro aumento das emisións de CO2. De feito, nun dos seus informes de impacto, o escenario máis ambicioso do TTIP (o desexado pola CE) augura un aumento nas emisións de CO2 de 11,8 millóns de toneladas (repartidas entre a UE, EEUU... e China!). Pero, esta estimación parece moi optimista. Segundo un recén estudo de Enginyeria Sense Fronteres produciríase un aumento moito máis considerable xa que sería necesario ter en conta a combustión de destilados derivados das áreas bituminosas, a extracción do gas non convencional mediante fracking o a substitución das actuais importacións europeas de gas ruso por gas estadounidense. Resultado: ata 6.000 millóns de toneladas de CO2 suplementario, máis de 200% en 2030 respecto aos niveis actuais. Ou sexa, en total contradición co obxectivo presentado pola UE de cara á cumio climático de París dunha redución de 40% das emisións de CO2 en 2030.

Está claro que o TTIP non é unha ferramenta de loita contra o cambio climático. Máis ben o contrario, refórzao e é incoherente coa transición cara un modelo enerxético limpo, xusto e democrático. A estas alturas da historia climática, este tratado comercial non ten por tanto razón de ser. No século XXI, a economía ten que estar ao servizo do clima.

Florent Marcellesi, Voceiro de Equo no Parlamento Europeo



Galicia

# Culturgal 2015: mostra da riqueza cultural de Galicia

## PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURGAL 2015

### Venres 4 decembro

**11:30.** ***Contacontos do Polbo Octavio*. CSIC Galicia.** Coa científica Luisa Martínez e varios monicreques. Actividade concertada con centros escolares. ESPAZO INFANTIL

**11:30.** ***Encontro con Pere Tobaruela e Andrés Meixide*, autores de Formig4s. Xerais.** Actividade concertada con centros escolares. ESPAZO FORO

**12:00.** ***Rosa Caramelo*. Talía Teatro.** Actividade concertada con centros escolares. ESPAZO CARPA

**12:00.** **Acto oficial de apertura do Culturgal 2015.** ESPAZO LIBRO

**12:45.** **Encontro con Ledicia Costas, autora de *Escarlatina, a cociñeira defunta*. Xerais.** Co ilustrador Víctor Rivas. Actividade concertada con centros escolares. ESPAZO INFANTIL

**12:45.** ***Sopa de estrelas*. Urco Editora.** Actividade concertada con centros escolares. ESPAZO FORO

**16:00.** **Asociación Galega da Crítica. Programa profesional.** AULAS

**16:30.** **Presentación documental «Dos Gaiteiros do mar».** SALÓN DE ACTOS

**17:30.** **Proxección documental «En todas as mans». Trespés Cooperativa Galega.** SALÓN DE ACTOS

**17:45.** **Presentación de *Historia de Galicia* de David Pérez. Edicións do Cumio.** ESPAZO LIBRO

**18:00.** ***De troula en troula*. A illa d@s nen@s.** ESPAZO CARPA

**18:00.** **Lobos suclos. Agallas films. Co director do filme Simón Casal, a produtora e guionista Paula Cons e o actor Ricardo de Barreiro.** ESPAZO FORO

**18:15.** **Presentación de *Ostrácia* de Teresa Moure e *Seique* de Susana Arins. Através Editora.** ESPAZO LIBRO

**18:30.** ***Teño uns pés perfectos* de María Solar. Kalandraka Editora.** ESPAZO FORO

**18:30.** ***O abecedario*. A Mesa pola Normalización Lingüística.** ESPAZO INFANTIL

**18:45.** **Malos tempos. O cadelo lunático. Inquedanzas Sonoras.** ESPAZO CARPA

**19:00.** **Presentación unidade didáctica «Estampas de Castelao». Deputación de Pontevedra.** ESPAZO FORO

**19:00.** **Conversa ao redor do libro colectivo *Tempos chegados? Sobre o futuro político de Galicia*. Galaxia. Modera Víctor F. Freixanes.** ESPAZO LIBRO

**19:00.** **Encontro da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural. Programa profesional.** ÁTICO

**19:30.** **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro. Concello de Campo Lameiro.** ESPAZO FORO

**19:30.** **Presentación do espectáculo Raclette. Ibuprofeno Teatro e Xerais.** ESPAZO LIBRO

**19:30.** **Concerto a cegas. Samuel Levi y los niños perdidos.** ESPAZO CARPA

**19:30.** **«Traballos e días de Francisco Leiro. (Sísifo Confuso)». Presentación e tráiler coa participación do escultor.** SALÓN DE ACTOS

**20:00.** **Relatorios Observatorio dos Medios Galegos. Con Diana López Varela, Primitivo Carbajo e Xosé Manuel Albán. Presenta Carmen Peña.** ESPAZO FORO

**20:00.** **Conversa con Francisco Pérez Lorenzo, autor de *Cabalos e lobos*, e Ledicia Costas, autora de *Un animal chamado néboa*. Conduce o xornalista Ramón Rozas. Xerais.** ESPAZO LIBRO

**20:30.** ***O esquío rampante*. Edicións do Cumio.** ESPAZO INFANTIL

**20:30.** **Conversa con Antón Riveiro Coello, autor de *Os elefantes de Sokúrov*. Conduce o xornalista Ramón Rozas. Galaxia.** ESPAZO LIBRO

**20:30.** **Presentación de «A lúa prendeu a luz» de Puntada sen Fío.** ESPAZO CARPA

### Sábado 5 decembro

**09:30.** **Emisión en directo «Somos Quen». Radio Galega.** ÁTICO

**10:00** **Xornada Profesional sobre Xestión de Redes de Artes Escénicas. Escena Galega.** SALA PRENSA

**10:30.** **Asamblea AGAL.** AULAS

**11:00.** **Ciencia á Feira. CSIC Galicia e Asociación Galega de Comunicación, Cultura Científica e Tecnolóxica.** ESPAZO INFANTIL

**11:00.** **Xornadas profesionais para profesorado. Programa profesional.** SALÓN DE ACTOS

**11:15.** **Domingo Fontán. Concello de Portas.** ESPAZO FORO

**11:30.** ***De aquí para alá* con Lydia Botana. Edicións do Cumio.** ESPAZO CARPA

**11:30.** **Puntazo de encontro. Speed dating cultural no Culturgal. Programa profesional.** ÁTICO

**11:45.** **O recuncho do ebook. Xerais, Laiovento, Galaxia, Baía e Deputación da Coruña.** ESPAZO FORO

**11:45.** **Circuítos teatrais. Concello de Moaña.** ESPAZO LIBRO

**12:15.** **Presentación revista cultural A Pedreira. Concello de A Lama.** ESPAZO LIBRO

**12:30.** ***Sira e o robot. Adventures on Titan* de Mark Wiersma e Miguel Mosqueira. Xerais.** ESPAZO CARPA

**12:45.** **Presentación *Romaría de historias*. Xosé Neira Vilas. Galaxia.** ESPAZO LIBRO

**13:00.** **Ciclo de Música Relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera. Concello do Covelo.** ESPAZO FORO

**13:15.** **Recital e conversa con María do Cebreiro e Gonzalo Hermo. Apiario.** ESPAZO LIBRO

**13:30.** **Presentación dos especiais da Revista Luzes sobre política e cultura.** ESPAZO FORO

**13:30.** **Presentación disco de Os Modernos.** ESPAZO CARPA

**16:00.** **3º Maratón de webseries Culturgal.** SALÓN DE ACTOS **PIB (16:00), Gafas e pallaso (16:30), El método sueco (17:00), Haters (17:30), Pink (18:00), Dalle jas (18:30)**

**16:00.** **Xornadas profesionais para profesorado. Programa profesional sesión de tarde.** AULAS

**16:15.** ***Os modos do mármore + 3 poemas* de Ondjaki. Através Editora.** ESPAZO FORO

**16:15.** **30 anos de asociacionismo profesional. Asociación de Actores e Actrices de Galicia.** ESPAZO LIBRO

**16:30.** **Iván e o lobo gris. Musicarte.** ESPAZO CARPA

**16:30.** **Xornada Profesional sobre Xestión de Redes de Artes Escénicas (sesión de tarde). Escena Galega.** SALA PRENSA

**16:45.** **Mesa redonda: literatura de fantasía en galego. Urco Editora.** ESPAZO LIBRO

**17:00.** **Impresión 3D e cultura dixital. Brinka 3D.** ESPAZO FORO

**17:00.** ***Os fíos do querer* con Cé Orquestra Pantasma. Miudiño Cooperativa.** ESPAZO INFANTIL

**17:30.** ***Zaragallada*. Migallas Teatro.** ESPAZO CARPA

**17:30.** **Presentación programa de residencias do Teatro Colón. Deputación da Coruña.** ESPAZO FORO

**17:30.** **Recital poético de Isaac Xubín co poemario *Tempo de exilio* de Joseba Sarrionandia. Kalandraka.** ESPAZO LIBRO

**18:00.** **Presentación DVD/CD «Caxade e Banda de Música de Bandeira».** ESPAZO FORO

**18:00.** **Presentación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Concello de Pontevedra.** ESPAZO LIBRO

**18:30.** ***O souto dos prodixios*. Producións Dispersas.** ESPAZO INFANTIL

**18:30.** **Creación de contido para youtube. Con Jairo Chico.** ESPAZO FORO

**18:30.** **«Ego». Cristian Silva. Inquedanzas Sonoras.** ESPAZO CARPA

**18:30.** **Presentación da colección Chave Mestra. aCentral Folque**

e Inquedanzas Sonoras. Con Ramón Pinheiro, director da colección, e Óscar Ibáñez, autor. ESPAZO LIBRO

**19:00.** Recital poético *A boca da terra* de Manuel Rivas. Xerais. ESPAZO FORO

**19:00.** Presentación da axenda feminista 2016.» Elas na ciencia». Lila de Lilith e Observatorio da Mariña pola Igualdade. ESPAZO LIBRO

**19:00.** Las altas presiones. Matriuska Producións. SALÓN DE ACTOS

**19:30.** *A tropa trapalleira. Pequena trapallada e algunha que outra batalla*. BocAberta. ESPAZO INFANTIL

**19:30.** Escola do Rock. Câmara Municipal de Paredes de Coura (Portugal). ESPAZO FORO

**19:30** Conversa con Marcos Calveiro, autor de *Fontán* (Premio de Narrativa Breve Repsol) Manuel Portas, autor de *Lourenço, xograr* (Premio Garcia Barros) e Arantza Portabales (Premio de Novela por Entregas de La Voz) con *Sobrevivindo*. Conduce o xornalista Tino Santiago. Galaxia. ESPAZO LIBRO

**19:30.** Sanjurjo & Dopico . «Cantares de opinión». Cunde Sociedade Cooperativa Galega. ESPAZO CARPA

**20:00.** Festival Internacional de Curtas de Bueu. Concello de Bueu. ESPAZO FORO

**20:15.** Conversa con Érica Esmorís, autora de *Nena e o mar* (Premio Merlín), Andrea Maceiras, autora de *Europa Express* (Premio Jules Verne) e Héctor Cajaraville, autor de *De remate* (Premio Xerais). Conduce o xornalista Tino Santiago. Xerais. ESPAZO LIBRO

**20:30.** *Non toques os meus* círculos. Artello Teatro. ESPAZO INFANTIL

**20:30.** Presentación de Boom! Film & Comic 2016. BlackHouse Entertainment. ESPAZO FORO

**20:30.** Concerto Batemento. Celtyc Music Sistem. Electronic Folk. Concello de Salceda de Caselas. ESPAZO CARPA

**21:30.** «Dá de contar a quen pasa». Con Candido Pazó, Celso Fernández Sanmartin, Maria Lado e Lucía Aldao. Espectáculo de pago. AUDITORIO

## Domingo 6 decembro

**11:15.** Presentación Festival Intercéltico de Moaña. Concello de Moaña. ESPAZO CARPA

**11:30.** *O capitán Garfo*. Culturactiva. ESPAZO INFANTIL

**11:30.** Presentación proxecto Costa dos Castros. Concello de Oia. ESPAZO FORO

**11:30.** Presentación Cantos na Maré. Concello de Pontevedra. ESPAZO LIBRO

**11:45.** New Orleans Trio. Musicarte. ESPAZO CARPA

**12:00.** Concerto de presentación do libro-disco «Canta o Cuco. Uxía e Magin Blanco na casa de Manuel María». Con Guillerme Fernández (Guitarra) e Santiago Cribeiro (acordeón). Espectáculo de pago. AUDITORIO

**12:00.** Cultura que une 2016. Fundación Vicente Risco. ESPAZO FORO

**12:00.** Bailarete: autoedición do libro ilustrado. ESPAZO LIBRO

**12:00.** Xornadas Firma e Filme. Programa profesional. Agadic en colaboración con Agapi. ÁTICO

**12:00.** Na outra beira das augas grandes. Xabier P. Docampo. SALÓN DE ACTOS

**12:30.** *Papiroflexias. O asteroide de papel!* Con Nelson Quinteiro. ESPAZO INFANTIL

**12:30.** *Marcas. Signo, comunicación e consumo na era da simulación* de Xavier Navaza. Xerais. ESPAZO FORO

**12:30.** Presentación «100 anos de traballo por Galicia». Galaxia. ESPAZO LIBRO

**12:30.** Coro Galego Cántigas da Terra. ESPAZO CARPA

**13:00.** Xornadas da Fundación Manolo Paz. Concello de Cambados. ESPAZO FORO

**13:00.** Presentación de *O frío azul*. Ramón Caride. Urco Editora. ESPAZO LIBRO

**13:30.** *Fóra da casa*. Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña. ESPAZO INFANTIL

**13:30.** «*Segue os vikingos. Follow the Vikings*». Concello de Catoira. ESPAZO FORO

**13:30.** Presentación libro+web. *Pito Galego. Método práctico* de Moisés Quintas. Ouvirmos. ESPAZO LIBRO

**13:30.** Coanhadeira. Culturactiva. ESPAZO CARPA

**14:00.** Lacón con grelos e Castro de Castrolandín. Concello de Cuntis. ESPAZO FORO

**16:00.** Proxección: miniserie «Vento Ferido». Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Universidade de Vigo. SALÓN DE ACTOS

**16:15.** Faladoiro da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación (AGPTI): «A tradución e interpretación nas industrias culturais». ESPAZO FORO

**16:15.** Baladas d aGalivcia imaxinaria. Uxía e NARF. ESPAZO LIBRO

**16:30.** *Un conto ao revés*. Un concerto de Sonárbore. ESPAZO CARPA

**16:45.** Presentación de *Un cesto de mazás* e *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*. Con Montse Fajardo, María Xesús Lopez Escudeiro e Adrián Rodríguez. Concello de Pontevedra. ESPAZO LIBRO

**17:00.** *A Carapuchiña Vermella*. Educateatro Producións. ESPAZO INFANTIL

**17:00.** Presentación da comedia Luci (TVG). Portocabo TV. ESPAZO FORO

**17:00.** Proxección e coloquio: «Manuel Quiroga». SALÓN DE ACTOS

**17:30.** Entrega Premio do Público Culturgal 2015. ESPAZO FORO

**17:30.** Presentación do libro de banda deseñada STRPTS. Cinema Sticado. ESPAZO LIBRO

**17:30.** *Mamá Cabra presenta A bruxa Discordia*. Un concerto de Sonárbore. ESPAZO CARPA

**18:00.** *Balea* de Federico Fernández e Germán González. Kalandraka Editora. ESPAZO INFANTIL

**18:00.** Presentación de merchan punto.gal. Rei Zentolo. ESPAZO FORO

**18:00.** Presentación de *O Piloto, o último guerrilleiro* de Afonso Eiré. Hércules de Ediciones. ESPAZO LIBRO

**18:15.** Iniciativas do Ano Manuel María. Fundación Manuel María. ESPAZO FORO

**18:15.** Proxección e coloquio: «A viaxe de Leslie». SALÓN DE ACTOS

**18:30.** *Caer de cú polo Universo*. Contacontos e ilustración en vivo. Apiario. ESPAZO INFANTIL

**18:30.** Mesa Compostela Literaria. Con Mauro Sanín Leira, Lola Puerta Louro e David Cortizo Conde. ESPAZO LIBRO

**18:30.** Tatán Chapeu. ESPAZO CARPA

**18:45.** Fóra de lugar. Off museum. ESPAZO FORO

**19:00.** Encontro de Novela Negra. Xerais. ESPAZO LIBRO

**19:15.** Presentación de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cine de Pontevedra. ESPAZO FORO

**19:30.** *Traca-Traco. 24 cantigas de nanar, un aloumiño e un arrolo*. Edicións do Cumio. ESPAZO INFANTIL

**19:30.** Lectura de *A música dos seres vivos* de María Reimóndez. Xerais. Con Mercedes Peón. ESPAZO FORO

**19:30.** Presentación do disco «Ten Dez». Javier Marcos. ESPAZO CARPA

**20:00.** Pan de Capazo. Música para dar a benvida ao Culturgal 2016. ENTRADA PAZO DA CULTURA

**#Presume deCulturgal**

EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÊS DA GALLAECIA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
**Redactores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com
Jesús Losada jlosadadorado@gmail.com
**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com
**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
**Deseño e maquetación:** Miguel G. Montero

**Colaboradores:** Inma Otero, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa
**Depósito legal:** VG-138-2015

# A escritora pontevedresa Beatriz Hernanz ofreceu un recital poético na Casa de Galicia en Madrid

## A directora de Cultura do Instituto Cervantes realizou un percorrido polos seus libros publicados, entre eles "A peregrina do vento", e un inédito

A Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia acolleu esta tarde un recital poético da escritora pontevedresa Beatriz Hernanz, directora de Cultura do Instituto Cervantes, que fixo un percorrido polos seus libros publicados, entre eles "A peregrina do vento", unha antoloxía dos seus poemas en galego, e algúns inéditos dun libro que está a terminar, "Habitarás la luz que te cobija". Entre os asistentes estaban o secretario xeral do Instituto Cervantes, Rafael Rodríguez-Ponga, e o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Institucionais da Universidade de Alcalá, Jesús Raúl Fernández do Castelo.

No acto interviñeron, ademais de Hernanz, o tamén poeta e pontevedrés (de Vigo) Miguel Losada, que presentou á invitada, e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, que o fixo en representación do delegado da Xunta de Galicia en Madrid/director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López. Jiménez referiuse a Losada, lembrando que o pasado xullo presentou na Casa o seu último libro. Tamén que estivo á fronte da Cátedra de Estudos Galegos do Ateneo de Madrid, que coordinou diversos ciclos culturais e a aula de cinema da Asociación de Escritores e Artistas Españois, pois é un especialista en cinema, ademais de ser autor de varios poemarios.

Losada advertiu de que aínda que a alguén lle poida parecer que a obra de Hernanz é moi accesible, "pois non adoita utilizar recursos alambicados, o artificio está lonxe do seu verso, as súas palabras son claras", o certo é que "non é tan fácil". "Penetrar na súa densidade simbólica, na que a anécdota se ha suprimido, captar a súa música interna, esixe esforzo, esixe que permanezamos atentos", mantivo. Valorou que os seus catro primeiros libros, aos que fixo referencias específicas, "aparecen intimamente ligados entre si como unha sinfonía en catro movementos. Unha sinfonía coa súa ´leit-motivs´ que van aparecendo e desaparecendo ao longo dos diferentes textos con moi diversas variacións". Sinalou así mesmo a presenza na súa obra de "o mar da súa infancia galega".



Beatriz Hernanz é natural de Pontevedra, cidade á que di seguir "vinculada poética e vitalmente", aínda que reside en Madrid. Doutora en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid e Máster en Pedagoxía, realizou estudos de doutoramento na Universidade de Edimburgo cunha bolsa Stevenson. A súa actividade profesional centrouse no labor docente universitario, a crítica literaria nos principais xornais nacionais e revistas literarias, a xestión cultural e educativa e a creación literaria. Foi, entre outras cousas, profesora en universidades inglesas e americanas, directora académica na ESADT da Universidade de Kent, directora do Centro de Documentación Teatral do INAEM, coordinadora xeral da Comisión do Centenario de 1898 e directora executiva das áreas de Humanidades, Tecnoloxías e Infraestruturas do programa de bolsas da Fundación Carolina do MAEC. É autora dos poemarios "La lealtad del espejo" (Premio Barcarola de poesía, Albacete, 1993), "La vigilia del tiempo" (Accésit do premio Adonais, Madrid, Rialp, 1996), "La epopea del laberinto" (Palma de Mallorca, Calima, 2001), "La piel de las palabras" (Palma de Mallorca, Calima, 2005) "Los volcanes sin sueño" (Madrid, Polibea, 2011) e "A pelegrina do vento" (Toledo, Lastura, 2013). Está a finalizar un novo libro de poemas, cuxo titulo provisional é "Habitarás la luz que te cobija".

